Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 21/10/2022 10:51:17
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 86

Sesión plenaria
15 de xuño de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 9754 (11/PNP-000976)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

4.2 23835 (11/PNP-002145)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita
Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

4.3 33795 (11/PNP-002963)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

4.4 34225 (11/PNP-003011)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

4.5 35029 (11/PNP-003099)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 35045 (11/PNP-003102)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 25221 (11/INT-001320)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 232, do 24.11.2021

5.2 34003 (11/INT-001733)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre os equipos de valoración de dependencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

5.3 35222 (11/INT-001807)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 35673 (11/POPX-000069)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas adicionais previstas para mellorar a atención sanitaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

6.2 35681 (11/POPX-000070)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a crise de prezos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 35656 (11/PUP-000257)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre o modelo eólico do Goberno galego na actualidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.2 35674 (11/PUP-000259)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e cinco deputados/as máis
Sobre a valoración polo Goberno galego do actual modelo de desenvolvemento eólico de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

7.3 33825 (11/POP-004911)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos plans do Goberno central á hora de planificar a renovación das liñas de autobuses da súa competencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

7.4 29904 (11/POP-004474)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis
Sobre o cumprimento por parte do Goberno galego das súas obrigas de conservación e mantemento dos inmobles incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

7.5 35669 (11/PUP-000258)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para ampliar o instituto de ensinanza secundaria de Soutomaior e atender as necesidades que está a demandar a comunidade educativa
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

7.6 35169 (11/POP-005083)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as condicións do traslado dunha paciente do Rosal o pasado 20 de maio
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 323, do 25.05.2022

7.7 35255 (11/POP-005092)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a valoración do Goberno galego acerca de que os concellos engadan factores de atracción para as ofertas laborais e profesionais de atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

7.8 35010 (11/POP-005062)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e catro deputados/as máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir que se repita a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.9 34081 (11/POP-004947)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis
Sobre as conclusións do informe presentado sobre o aumento de custos de produción no sector vacún de leite en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adicionais previstas para mellorar a atención sanitaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 11.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)
Réplica do autor*: Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 15.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a crise de prezos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 22.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a intelixencia artificial, que é aprobada por asentimento. (Páx. 24.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Del Río (P).* (Páx. 26.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 29.) *e Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 32.)

A señora Prado Del Río (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 34.)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Marta Nóvoa Iglesias e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 36.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 37.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr Bará Torres (BNG).* (Páx. 40.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 43.)

A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 47.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas, iniciativa de D. Martín Seco García e Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 50.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Aira Díaz (BNG)* (Páx. 53.) e *Sra. Candia López (P).* (Páx. 56.)

Nova intervención do señor Seco García (S). (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 63.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 66.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P)* (Páx. 69.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 73.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 75.)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 79.) *e Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 81.)

Nova intervención da señora González Albert (BNG). (Páx. 84.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita: *aprobada por 54 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental: *aprobada por 54 votos a favor, 14 votos en contra e ningunha abstencións.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Martín Seco García e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Interpelación de D. Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 89.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 92.)
Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 95.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 97.)

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os equipos de valoración de dependencia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra Ortega Otero (S).* (Páx. 99.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 102.)
Réplica da autora: *Sra Ortega Otero (S).* (Páx. 104.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 106.)

Debate acumulado de dúas preguntas

Pregunta de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo eólico do Goberno galego na actualidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de Dª Marta Nóvoa Iglesias e cinco deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego do actual modelo de desenvolvemento eólico de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 107.) *e Sra. Nóvoa Iglesias (P)* (Páx. 108.).
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 110.)
Réplica das autoras: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx.) *e Sra. Nóvoa Iglesias (P)* (Páx. 111.).
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 113.)

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos plans do Goberno central á hora de planificar a renovación das liñas de autobuses da súa competencia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 115.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 116.)
Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 117.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 118.)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento por parte do Goberno galego das súas obrigas de conservación e mantemento dos inmobles incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 119.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 120.)
Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 121.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 122.)

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e 6 deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as conclusións do informe presentado sobre o aumento de custos de produción no sector vacún de leite en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Vega Pérez (P).* (Páx. 123.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 124.)
Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P).* (Páx. 125.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro* do *Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 126.)

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir que se repita a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 127.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 128.)
Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 129.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 130.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para ampliar o instituto de ensinanza secundaria de Soutomaior e atender as necesidades que está a demandar a comunidade educativa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 131.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 132.)
Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 133.)
Réplica da Xunta *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 133.)

Remata a sesión ás seis e media da tarde.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto sexto da orde día, preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adicionais previstas para mellorar a atención sanitaria

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señor Rueda, señor presidente da Xunta de Galicia.

Mire, vamos iniciar este debate cun punto de encontro, porque lle vou citar as distintas acepcións que a Real Academia Galega fai con respecto a un par de termos.

En primeiro lugar, puntual: «Que interesa soamente a un punto, a un compoñente dun conxunto ou de algo que se considera como tal». Hai outra acepción que non lles é de aplicación: «Que fai as cousas ao seu tempo, que chega a tempo».

Tendencia: «Disposición intrínseca que fai que algo ou alguén se mova ou evolucione nunha determinada dirección dunha determinada maneira». Entendo que isto non mo vai discutir vostede.

Mire, señor Rueda, a situación da sanidade na Comunidade Autónoma de Galicia é moi preocupante, e boa proba disto que digo é o feito das reiteradas comparecencias do señor conselleiro de Sanidade. A situación dos nosos profesionais está ao límite. Sabe vostede que a Organización Mundial da Saúde recomenda que do orzamento total de sanidade o 25 % se dedique a atención primaria. E é certo que a media estatal está lonxe desa porcentaxe, cunha media dun 14,7 %; pero o que tamén é certo é que Galicia é a única comunidade que desinviste en atención primaria. E do orzamento total en sanidade, se extraemos a atención primaria, Galicia é a segunda comunidade pola cola detrás de Madrid.

Pero dígolle máis, Galicia tamén está no vagón de cola do persoal médico por habitante. Se a media estatal é de 4,78 por cada 1.000 habitantes, en Galicia é 4,5. Traducido: se estivésemos na media estatal, teriamos que ter 821 médicas e médicos máis no noso sistema sanitario.

Malia esta realidade, ao conselleiro de Sanidade enchéuselle a boca en dicir que o problema de sanidade pública galega non é de diñeiro. Xa que non é un problema de cartos, señor Rueda, proben vostedes a subir os orzamentos de sanidade a ver que pasa.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Onte dedicamos catro horas do pleno a debater sobre sanidade, catro horas nas que o conselleiro deixou grandes fitos, entre outros díxonos que a sanidade funciona moi ben e o pouco que funciona mal non depende da consellería. Pero sacamos un par de conclusións importantes: a primeira é que o señor Comesaña dixo que en Galicia hai moitos centros de saúde, e preocúpanos esta afirmación non vaia ser que estean pensando en pechar algún, porque tamén temos moitos colexios, tamén temos moito transporte escolar, como consecuencia da dispersión poboacional.

E a segunda conclusión: todas as queixas polas demoras de saturación en atención primaria son falaces e iso, en realidade, non se corresponde co que percibe a cidadanía galega; dean vostedes unha volta por Galicia.

Miren, non de forma puntual, senón de forma tendencial, un xefe de servizo de Mondoñedo di que, cando algún día tes que atender 60 pacientes, é evidente que algo falla. E isto, señor Rueda, non é puntual, aparece día tras día nos medios de comunicación. A baixada no investimento en sanidade previo trae como consecuencia a situación actual que temos. Porque, mire, cando un médico ten que atender 50 persoas ao día, se facemos contas, sae a seis minutos por paciente, iso si, sen que a médica ou médico teña tempo a atender as súas necesidades fisiolóxicas básicas. É dicir, seis minutos, logo de ter que esperar varios días para ser atendido. En resumo, tardan moitos días en atenderte e, cando te atenden, tes o tempo contado.

Pero chamoume moitísimo a atención unha frase do señor conselleiro, dixo: «cando en 2018 nos demos conta dos profesionais que se ían xubilar no ano 2024». Señor presidente, isto non é nin medianamente serio, soa a tomadura de pelo. Como é posible que un Goberno diga que se dou conta seis anos antes do persoal que se ía xubilar en sanidade. Sabe vostede perfectamente, coma min e como todos os que estamos aquí, que hai expertos en economía e en sanidade que son capaces de predicir cales van ser as necesidades do sistema e cales van ser as deficiencias e, polo tanto, prever con anticipación suficiente as respostas axeitadas. Pero, en atención hospitalaria tampouco estamos moito mellor, levamos varias semanas cunha revolución, por exemplo, en medicina interna, e os internistas quéixanse de que están...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... saturados, que o Sergas non incorpora profesionais novos e que teñen que cubrirse entre eles. E poderiamos falar de máis servizos.

Os recortes de hoxe veranse mañá, e, ollo, dígollo hoxe, que creo que é 15 de xuño de 2022 e, se as cousas non cambian, dentro de máis ou menos cinco ou sete anos vai haber o mesmo problema en medicina interna que temos hoxe en atención primaria.

Non quero pasar por alto as deficiencias no servizo de transporte sanitario de ambulancias. É absolutamente inadmisible que un servizo que lle custa a esta comunidade autónoma máis de 200 millóns de euros ao ano estea día tras día en boca dos profesionais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... sanitarios porque faltan ambulancias. No Deza, en Ortegal, na Mariña, na Costa da Morte faltan ambulancias, señor Rueda.

Hoxe estamos aquí pagando os recortes que fixeron vostedes onte cunha alegría digna de todo encomio.

Señor Rueda, rectifiquen a súa política sanitaria porque necesitamos un cambio...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez. Remate.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... de forma urxente.

Cóntenos —remato, señor presidente— que medidas adicionais ten previsto a Xunta de Galicia para mellorar a atención sanitaria en Galicia, porque as que anunciou onte o señor conselleiro non dependen de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... e as que dependen de vostedes non semellan suficientes.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Terminou o seu tempo.

Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Álvarez, mire, vostede empezou cunha cita e, polo tanto, se mo permite, vou empezar con outra. Teño que dicir que oportunidade perdida para emendar o que foi un erro evidente do seu portavoz.

Mire, exaxerar nunca é bo e en política pois faise moitas veces para reforzar os argumentos, pero o dito o outro día polo señor Formoso, polo seu líder, comparando as urxencias dos hospitais galegos cos hospitais de Khárkiv, unha cidade arrasada pola guerra, iso non é unha exaxeración, é perder os papeis, perder a mesura e perder a credibilidade. *(Aplausos.)* E así é moi difícil falar... Así, señor Álvarez, é moi difícil falar en serio e con argumentos dende o meu punto de vista cara a vostede se realmente cren nisto, se van falar da sanidade con estes argumentos.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, señor Álvarez, permítame que lle pida un pouco de respecto para a sanidade pública galega e un pouco de respecto para os seus profesionais. Claro, se vostede fala neses termos, se vostedes falan así, pois é moi difícil que propoñan en serio elementos de mellora, que por suposto saen nun ámbito tan sensible como a sanidade, un ámbito no que todos os días temos que estar mellorando, no que os cidadáns piden, e fan ben, e a nosa obriga é intentar tender cara a excelencia, sempre que se poida, e mellorar aínda máis a nosa excelente sanidade pública galega, nada que ver coas comparacións que vostedes fan.

A sanidade pública ten hoxe máis profesionais que no bipartito; dígoo porque vostedes falan de recortes, ¿sabe cantos? 6.500 persoas máis traballando en sanidade publica galega, 350 millóns de euros máis dos que vostedes investían.

Dígoo, porque, claro, vostede fala de recortes coa mesma solidez coa que fala de comparacións entre hospitais nosos e hospitais en Ucraína. ¿Pódese mellorar? Por suposto que se pode mellorar. ¿Temos que mellorar? Por suposto que temos que mellorar. ¿Estamos conformes? Non, non, hai que seguir. O outro día vostede, en fin, parece que é algo malo que o conselleiro de sanidade compareza e intente explicar as veces que faga falta todo o que estamos facendo e imos seguir facendo, por suposto, e moito máis se vostedes actúan con tan pouca seriedade e fan este tipo de argumentos, este tipo de comparacións. As veces que fagan falta. Pero, mire, con seriedade, como vostedes nin teñen moitas ideas en sanidade nin gobernan pois dedícanse un pouco a xogar ao Prezo Xusto. Dinnos, o BNG din que fan falta 200 millóns para mellorar a sanidade; vostedes xa o arreglan con 140. Se tiveramos, se estivera aquí Podemos diría 300, 400. Se houbera un Grupo Mixto ao mellor dicía 1.000 millóns de euros. Pero isto non é o Prezo Xusto, señor Álvarez, isto é un Goberno serio que intenta mellorar a sanidade. E que lle quede claro unha cousa, que lle quede clarísima: se os problemas que ten a sanidade, non só aquí senón noutras moitas comunidades autónomas, se arreglaran simplemente tirando da chequeira, se arreglaran so con cartos, estarían arreglados hai moito tempo, ¿ou que cre vostede, que aquí estamos racaneando? *(Aplausos.)* Racanea Asturias, si, si, racanea Asturias, que ten unha ratio de cobertura en investimento menor que o noso; faino tamén Estremadura; faino tamén Castela-A Mancha.

Mire, señor Álvarez, un pouco de seriedade, sexan útiles e axúdenos a solucionar os problemas que non se poden solucionar só desde aquí.

Mire, faltan médicos en primaria, queremos facer unha convocatoria extraordinaria de 62 prazas e non nos deixa o Goberno central; queremos facer a especialidade de emerxencias e non nos deixa o Goberno central, 30 médicos que van rematar agora o MIR en Galicia vanse ir —xa o dixeron— ás urxencias porque non hai unha especialidade. Queremos eliminar as taxas de reposición. Queremos que se cambie a convocatoria para cubrir as prazas MIR, xa vimos, polo certo, unha cobertura moito mellor en Galicia que en comunidades autónomas nas que gobernan vostedes, pero é un problema xeral.

Polo tanto, non é só un problema de cartos, non é só un problema de que vostedes fagan demagoxia e xoguen ao Prezo Xusto, é un problema moito máis serio. Polo tanto, eu pídolle que se una a nós e que faga propostas en serio para que o poidamos tomar en serio e que nos axude a solucionar os problemas que exceden a Galicia. Todo o demais é perder credi-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bilidade e é faltarlles ao respecto aos profesionais e á sanidade pública galega. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, non defrauda vostede, non defrauda vostede nin a liña habitual e estratéxica do Partido Popular cando cuestionamos políticas e vostedes din que cuestionamos os profesionais que traballan nos servizos públicos. ¡É mentira! *(Aplausos.)* É mentira, señor Rueda. *(Aplausos.)* É mentira que esteamos cuestionando a capacidade do noso persoal sanitario cando falamos da falla de persoal sanitario. *(Aplausos.)* É mentira que esteamos cuestionando a calidade dos profesores e profesoras cando dicimos que hai menos dos que tiña que haber. Señor Rueda, desmóntese vostede dese argumento porque non vai a ningún sitio. Aquí falamos de políticas, non falamos de persoas.

Señor Rueda, o que hai hoxe son 6.000 contratos máis, 6.000 contratos precarios, non 2.000 e pico profesionais sanitarios máis traballando de forma estable no sistema. Porque os datos dos orzamentos din que no ano 2009 había 9.610 e nos de 2022, 8.634; salvo que, lamentable e criticamente, os orzamentos mintan no capítulo I e outros capítulos dos orzamentos da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, onte o señor conselleiro falou de 5 medidas que tiñan que propoñer para mellorar o sistema sanitario de Galicia. E —¡oh!, curiosidade, anécdota, caso puntual— esas medidas non dependen da Xunta de Galicia, dependen, ¿como non?, do Goberno do Estado.

Mire, non esqueza que o Partido Popular gobernou tamén no Estado e non adoptou as medidas necesarias para corrixir o déficit de prazas MIR que era necesario. Porque vostedes están pedindo agora que se dean solucións dunha maneira moito máis acelerada da que vostedes no Goberno do Estado adoptaron no seu momento cando tiñan esa responsabilidade.

Señor Rueda, o conselleiro recoñeceu onte que en Galicia non se cubriron todas as prazas MIR durante unha década en atención primaria, e iso ¿por que?, ¿porque non coñecían os datos?, ¿porque non sabían que había ese déficit?, ¿porque non sabían cantos se ían xubilar?, ¿porque non sabían cantos facían falta? Porque non sabían, non sabían, ¡claro que non sabían! Ou, o que é peor, si sabían e non adoptaron as medidas precisas para corrixir esa realidade. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, teñen 2 anos para corrixir esta situación. Garanta que en atención primaria se preste o servizo en 2 días, como pide a Organización Mundial da Saúde, como marca o marco estratéxico para a atención primaria e comunitaria, como pedía o Partido Socialista de Galicia nun proxecto de lei que foi votado en contra polo Partido Popular neste Parlamento de Galicia. Incrementen en 140 millóns de euros o orzamento dedicado a atención primaria para volver aos niveis dese ano 2009 que vostedes citan como se nesa data nacese Cristo.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, señor Rueda, nós somos unha oposición construtiva e demostrámolo co proxecto de lei que se tramitará neste Parlamento de atención á ludopatía, a Lei do xogo de Galicia, na que vostedes non foron o suficientemente proactivos e responden a golpe de titular. Déixense de experimentos de casa-habitación...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... de *dumping* sanitario que recorda épocas pretéritas deste país nas que como complemento de pago en especies se ofrecía casa, luz e carbón. Déixense dese tipo de políticas.

E vou dicirlle unha frase que lle oín citar ao benquerido e ben recordado Valeriano Martínez —co que seguro están de acordo tanto o señor Corgos como o señor Conde—: «mire, non lles vou pedir que se aproximen á media pero si á mediana do Estado en investimento». Porque, efectivamente, a mediana é unha medida estatística que é menos sensible a datos extremos. Aproxímense vostedes á mediana, proben a investir máis en sanidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... verán que ben se senten.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez —con toda a cordialidade e todo o respecto—, non se enfade. Efectivamente, é que lle falta ao respecto á sanidade pública galega. Vostede xa vexo que non se atreve a rectificar o señor Formoso, debe de ser que está de acordo: os hospitais públicos galegos son como os hospitais da guerra de Ucraína, exactamente iguais. Vostedes dixeron iso, mantéñeno e irán por aí falando de sanidade e dicindo que hai que tomalos en serio coas cousas que din. A min resúltame moi difícil, pero, bueno, é a miña obriga e vou intentar falar en serio de sanidade pública con vostede.

E falar en serio é dicirlle..., vostede enfadábase moito cando o señor Feijóo lle dicía que tiña mal os datos; pero eu téñolle que dicir —e non é copialo— que ten mal os datos. Vostede non pode dicir que hai menos investimento agora en sanidade pública que cando vostedes gobernaban porque non é certo. Señor Álvarez, 350 millóns de euros máis, 100 millóns de euros máis só en persoal de atención primaria; 6.500 profesionais máis en atención primaria —traballando todos os días— que cando estaban vostedes. Polo tanto, ¿que me está falando de recortes? Teña ben os datos para falar en serio, xa non lle tomo esas comparacións disparatadas que fan, vamos falar con cifras.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E vamos falar dos 100 centros de saúde porque, oia, son importantes; a xente vai aos centros de saúde e os profesionais que traballan alí queren que estean ben acondicionados para facer unha boa sanidade pública. 100 construídos ou feitas grandes reparacións nos últimos anos, 38 agora mesmo, ou están en execución ou están proxectadas inmediatamente grandes reformas. Fixemos e construímos grandes hospitais de referencia en Lugo, en Vigo, en todas as cidades —vostede coñéceo perfectamente—, tamén os hospitais comarcais. Todo isto fixémolo estes anos na sanidade pública galega que vostedes deostan todos os días.

Investimentos en aparellos que salvan vidas, que son punteiros, que non os hai noutras comunidades autónomas e os temos aquí. Iso tamén é importante, iso custa cartos; non se ve, vostedes non falan porque non lles interesa. Pero tamén é sanidade pública que estamos mellorando.

A pesar da pandemia, mire, as listas de espera, as de cirurxía prioritaria, están na metade do que tiñan vostedes, que non tiveron ningunha pandemia que condicionara todos os tramos e os calendarios operatorios. Iso tamén hai que dicilo.

E entendemos as tensións derivadas da falla de recursos humanos, por suposto, por iso queremos solucionalas. Por iso onte o conselleiro de Sanidade anunciou ese complemento salarial para aqueles profesionais de atención primaria que teñen que redobrar o seu traballo e atender o cupo dun compañeiro ou unha compañeira que polas razóns que sexa non pode ir traballar. Hai que actuar con cartos e xa o estamos facendo. E iso estano intentando facer outras comunidades autónomas, estannos chamando a ver como imos facer porque queren facelo, moitas delas gobernadas polo Partido Socialista.

E estamos intentando darlle un incentivo salarial para a cobertura daquelas prazas que son de máis difícil cobertura, que levan moito tempo vacantes. Bueno, pois hai que estimular todo iso, claro que o estamos facendo, claro que somos conscientes dese problema. Mire, acabamos de facer unha convocatoria extraordinaria de MIR, 350 aspirantes para cubrir 106 prazas que antes eran de moi difícil cobertura e vanse cubrir. Ese é un Goberno que actúa, un Goberno que intenta solucionar as cousas que podemos solucionar aquí.

Vólvolle insistir, a vostede non lle gusta nada que llo recordemos —nin a vostede nin ao señor Formoso, prefiren facer ese tipo de comparacións— que mentres non se cree a especialidade de emerxencias —que o outro día no Congreso de Vigo pedían unanimemente 4.000 urxenciólogos— vai ser moi difícil limitar o éxodo da primaria ás emerxencias. ¿Por que non o fan? ¿Por que non nos deixan aumentar a cobertura? Porque podemos formar máis profesionais MIR e medicina primaria. E non nos deixan, inxustificadamente e inexplicablemente, non se sabe por que, nin a nós nin a outras comunidades autónomas que o están pedindo. ¿Cal é a razón? ¿Por que non poden? ¿Por que non eliminan xa a taxa de reposición?

Mire, vostedes non cubrían nin o 70 % das prazas MIR cando gobernaban, nós estamos agora mesmo ao 100 %, e dende o ano 2018, no 95 %. E tivemos que resolver o problema de formadores que vostedes nos deixaron. Polo tanto, mire, póñanse do lado da sanidade, é moi fácil vir aquí e facer ese tipo de comparacións e facer demagoxias, pero as cifras desméntenos. E, sobre todo, o non gobernar dá dereito a a xogar ao Prezo Xusto; non é só cuestión de

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cartos, é cuestión de ideas e de facer presión política. Bótennos unha man, fagan presión política onde hai que facela para que se solucionen os problemas. O demais é facer demagoxia, é facer comparacións disparatadas e é perder credibilidade a chorros. Para iso non conte con nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Aplausos.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a crise de prezos

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día, señorías.

Señor Rueda, hoxe os galegos e as galegas son un 9,6 % máis pobres. A causa disto é unha inflación que en Galiza é superior á media do Estado, a pesar de que temos os salarios e as pensións moi por debaixo dos que teñen a nivel estatal.

Eu quero preguntarlle ¿como pensa que se sente un traballador ou unha traballadora que a día 20 xa está en números vermellos, que entra no supermercado e que ten que pagar un 47 % máis polo aceite, un 33 % máis polos ovos, un 12 % máis polo leite ou un 14 % máis polo pan? Aceites, ovos, leite, pan... é que estamos falando do básico do básico da cesta da compra das familias.

Hoxe a bombona de butano custa 20 euros, ten un incremento do 33 % nun produto que é esencial en moitísimos fogares no noso país. A gasolina subiu un 47 % e para a maioría dos galegos e das galegas encher o depósito é un luxo que non se poden permitir. E xa, en fin, ¿que podemos dicir da estafa da luz? Estamos falando de incrementos do 33, do 42, do 47 % en bens que son absolutamente básicos. ¿E sabe cal foi o incremento dos salarios nos 140 convenios colectivos que se asinaron até maio? Pois un 3,7 %. Boten contas, señorías do Partido Popular; bote contas, señor Rueda, e comprobará por que a miles de galegos e galegas lles sobra moito mes a final de soldo.

E nesta situación tan dura, ¿que está facendo o intrépido Goberno do Partido Popular? Pois dígollo eu: propaganda, botar balóns fóra e ser o Partido Popular do non a todo o que significa a defensa de Galiza. *(Aplausos.)* Non a unha tarifa eléctrica galega, non a unha empresa pública de enerxía, non a subirlles os impostos ás eléctricas —que esas si que se están forrando nesta crise—. E fronte ao Partido Popular do non, que non pon ningunha solución,

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desde o BNG traemos alternativas precisamente para axudar a quen peor o está pasando, ás rendas máis baixas. Por iso propoñemos que se suba o complemento autonómico das pensións non contributivas; que se incremente a contía da Risga e que se faga compatible co Ingreso Mínimo Vital; que se incrementen as axudas para gastos básicos de vivenda; que articulen un plan para que a pequena e mediana empresa e os sectores produtivos teñan axudas neste momento de crise. E, desde logo, subirlles os impostos ás eléctricas e ás petroleiras, que se están forrando nesta crise, e fano especulando e, polo tanto, roubándolles aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

Estas, señor Rueda, son as propostas do BNG. A cuestión é, a pregunta é: señor Rueda, ¿cales son as súas? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede, en fin, manda moitos recados ás bancadas do Partido Popular e chámanos intrépidos. Non se preocupe que nós somos perfectamente conscientes da situación. E alégrome de que coincidamos na diagnose, e dígoo porque os seus socios nos que vostedes tanto inflúen, o seu amigo Goberno central, non o debe de ser tanto. O outro día a señora Nadia Calviño, o venres —na miña presenza e na de moita xente que lle corroborará o que lle vou dicir—, dicía que todo o panorama era alentador e esperanzador; e que as cifras que tiñamos diante, que todo o mundo interpretaba como moi negras, para ela eran de cor esperanza totalmente e que non había nada por que preocuparse e que todo ía ir fenomenal. Todo ía ser «moi chulo», en palabras tamén doutra membra dese Goberno.

Polo tanto, eu creo que, en fin, se coincidimos xa temos alto importante. E ademais estou seguro de que vostede non pensa o que dicía a señora Nadia Calviño —igual que non o pensamos nós— e, efectivamente, igual que non o pensan os galegos, efectivamente. Oia, a suba dos carburantes é tremenda, está facendo prohibitivo desprazarse en automóbil para traballar moitas veces a moitísima xente. E a cesta da compra está alcanzando prezos absolutamente prohibitivos en produtos básicos, tamén por suposto —nós sabémolo—; e tamén a crise de subministracións está provocando que moitas empresas vexan en perigo a súa viabilidade. Todo iso sabémolo tamén.

Polo tanto, está ben coincidir na diagnose. Xa digo que non é, en fin, non parece que sexa o que opina o Goberno central, pero creo que aí acaban as coincidencias. Mire, primeiro, pedirnos a nós cousas que vostede sabe perfectamente que non temos competencias para facelo. Falarnos de impostos que lle corresponden ao Goberno central, non atreverse a dicirllo ao Goberno central e dicilo aquí dirixíndose a nós. Iso é ou que non sabe moi ben de que vai o sistema de competencias ou que directamente non se atreve a molestar os seus socios. Envolvelo todo en demagoxia, en propostas irrealizables, na estrela vermella que parece que todo o soluciona, iso non soluciona absolutamente nada, señora Pontón. Hai que facer pro-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

postas, cando un goberna está obrigado —desde logo, nós estámolo— a facer propostas realistas; e, mire, póñolle un exemplo, Galicia, que podía ser e ten que ser unha potencia enerxética de enerxías limpas e renovables, vostedes empéñanse en que non sexa así. Non lles gusta a enerxía hidráulica, non lles gusta a enerxía térmica, non lles gusta a enerxía eólica, nin a mariña nin a terrestre. Non lles gusta nada, «enerxía si pero non así», esa é a consigna do Bloque e a consigna que está impedindo... Claro, despois para dicir que somos moi pobres enerxeticamente, que non temos capacidade de reacción, que contaminamos moito. Así non se poden facer as cousas.

Mire, nós non nos resignamos, e imos darlle para diante á potencia eólica que ten Galicia. E vostedes deberían facer o mesmo e tamén axudarnos a pararlle os pés ao Goberno central cando quere facer cousas na enerxía eólica que non se poden facer, porque é posible compatibilizar a sostibilidade ambiental co desenvolvemento eólico.

E, señora Pontón, póñolle un exemplo porque ese creo que é o exemplo máis claro, pero podíalle falar de todos os sectores produtivos, que é como se fai a economía, é como se crea riqueza, é como se loita contra a inflación. Polo tanto, téndolle a man para que nos axude a desenvolver a riqueza eólica de Galicia, téndolle a man para que nos axuden a facer presión, vostedes que tanto inflúen —segundo contan—, para ter a xestión do dominio público marítimo, ter a competencia de ordenación do litoral para poder axudar a esas empresas que crean riqueza e que agora mesmo se ven en incerteza xurídica. Téndolle a man para forzar o presidente Sánchez a que faga aquilo ao que se comprometeu, que era a baixar impostos, probar esa sensación —que dicía o señor Álvarez—. Prometeullo a todos os presidentes de comunidades autónomas, non só aos do PP. Na Palma, firmouno; non está facendo absolutamente nada. Iso suporía loitar contra a inflación, iso suporía poder facer o que vostede me está pedindo e para o que non temos competencias.

Pediríalle e tenderíalle a man para que nos axude a facer presión para que eses proxectos estruturantes que van crear miles de postos de traballo, que nos mandaron priorizar para que tiveran apoio dos fondos Next Generation, agora resulta que non teñen absolutamente nada e que de todo o dito no hai nada e que todo son inconcrecións.

Así se loita contra a inflación, así se axuda aos galegos; polo tanto, téndolle a man para defender todo o que lle interese a Galicia, todo o que poidamos facer. Claro que nós podemos facer cousas, claro que estamos facendo e intentarei contalo na réplica. Pero hai cousas, *(Murmurios.)* nun problema absolutamente xeral, vostede dirixe moi mal o tiro. A inflación e a suba de prezos é un problema xeneralizado en toda España, algo terá que ver o Goberno central...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Algo poderá facer para influír en todo o territorio. E pídolle axuda para iso, todo o demais será facer demagoxia, facer tremendismo e non facer absolutamente nada. Poñerse moi bravos coa Xunta e moi dóciles co Goberno central.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, esta é a segunda pregunta que ten que responder neste Parlamento e por segunda vez non ten absolutamente nada que dicirlles aos galegos e ás galegas no medio desta crise, salvo que a culpa é o BNG. Isto supoño que é o resultado de cando temos un Goberno que non ten solucións e que, como dixen antes, que está instalado na propaganda, en botar balóns fóra e en ser inútil para darlles solucións *(Aplausos.)* aos problemas deste país.

Mire, o único dócil que vimos ao longo destas últimas semanas foi a vostede. Eu o único que sei da súa reunión coa señora Calviño é que saíu dicindo que era todo chiripifláutico, despois de que houbera cero compromisos con Galiza. *(Aplausos.)* Quen saía contento desa reunión e dócil, señor Rueda, foi vostede. Nada para Galiza e o presidente da Xunta dicíndonos que fora un encontro moi positivo. Desde logo, señor Rueda, ten que traballar máis e suar a camiseta de Galiza, porque este país necesita un Goberno á altura do momento. *(Aplausos.)*

E, mire, vostedes xestionan 11.600 millóns de euros; teñen capacidade para poder poñer sobre a mesa medidas que axuden a quen peor o están facendo. E, se non o fan, é porque non queren. Fíxense, nós propoñemos mobilizar 700 millóns de euros para axudar a quen peor o está pasando, ás rendas máis baixas, aos sectores produtivos e á pequena e mediana empresa. E non o fan porque non queren, porque claro que hai recursos. Se o ano pasado deixaron 1.000 millóns de euros sen executar, simplemente con executar ben e redireccionar eses cartos, hoxe a situación da sociedade sería moito mellor, pero prefiren efectivamente botar balóns fóra e seguir defendendo o *lobbie* eléctrico. Porque, mire, señor Rueda, explíqueme, ¿que lle impide defender unha subida dos impostos ás eléctricas e ao sector enerxético? ¿Que llo impide? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non llo impide Madrid. Quen llo impide son os abrazos do señor Feijóo a Iberdrola. *(Aplausos.)* Iso é o que lles impide a vostedes defender que hai que subirlles os impostos ás eléctricas. Porque vostedes non gobernan para a maioría social, vostedes non gobernan para a xente que peor o está pasando, vostedes gobernan para os que máis teñen, para as empresas amigas do Partido Popular e para defender o *lobbie* eléctrico. *(Murmurios.)*

E, mire, se lle parece mal que lle queiramos parar os pés ao *lobbie* eléctrico ante a auténtica desfeita que queren facer neste país co tema do eólico, quen ten un problema é vostede. Porque hai unha maioría social que o está dicindo alto e claro: *(Murmurios.)* a eólica ten futuro neste país pero non para poñerlle unha etiqueta verde ao espolio de toda a vida e aos privilexios das eléctricas, *(Aplausos.)* que é o que quere facer o Goberno do PP.

¿Sabe que xeraría emprego?, condicionar os parques eólicos a que creen empresas e emprego neste país, a que haxa participación pública, a que non poidan ocupar a superficie agraria e a que non poidan pasar por riba da xente do rural.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Pero, claro, isto para os señores do Partido Popular é unha utopía, porque quizais algúns aspiran a que algún día poderán cruzar unha porta xiratoria. *(Murmurios.)* Si, si, ese é o problema que teñen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Rueda...

O señor PRESIDENTE: Silencio...

A señora PONTÓN MONDELO: ... señor Rueda... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, claro, a señora Bea Mato. A señora Bea Mato. Que queren que lles diga! *(Aplausos.)*

¿Pero saben que pasa? Mentres no Partido Popular, mentres no Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... se rin... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... hoxe hai miles de galegos e galegas asfixiadas por unha crise de prezos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ... e temos un Goberno que prefire tender a man baleira, porque non fala nunca das súas competencias, nunca quere falar sobre as súas competencias, única e exclusivamente para seguir escorrendo o vulto.

De verdade este país necesita un Goberno e non xente..

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ... que está simplemente quentando unha cadeira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Pontón, se eu fixera como vostede cando queda sen argumentos e entra nas faltas de respecto e nas alusións persoais, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* diríalle que hai xente que leva vinte anos quentando a mesma cadeira sen gobernar nunca. *(Aplausos.)* Diríalle iso.

Pero, mire, vostede ten un costume que eu creo que é pouco útil politicamente, que é que, cando non se lle dá a razón, entón é que non se fai nada, ninguén é eficaz porque non fai exactamente o que vostede pensa que hai que facer. Hai outras alternativas, que ademais cando chegan as eleccións a xente apoia con moita máis forza das que plantexa vostede. Por algo será. E ao mellor é porque vostede di cousas faltando á verdade, sen información, non o sei, demagoxia o que lle dicía antes, e pídenos que instauremos un imposto que non corresponde á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia claro que lle pon, na parte que podemos, impostos ás eléctricas. Ou, se non, que é o canon eólico? 250 millóns de euros nos últimos anos. Só hai 4 comunidades autónomas, contando Galicia, que o teñan. Non, iso dá igual, 250 millóns a vostede dálle igual, como de repente pon 700, di que hai que poñelo nun sitio, noutro, non di onde hai que sacalos para poñelos noutro sitio. Todo é así. E, perdoe que lle diga, así lles vai, porque hai que ser cribles tamén cando falamos de inflación. E hai que tamén intentar ser construtivos. Mire, eu saín da reunión coa señora Calviño dicindo que tiña un certo optimismo porque se comprometeu a manter reunións, a intentar perfilar as cousas. É a miña obriga, *(Murmurios.)* non romper con todo para poder conseguir cousas.

Non, se eu fora optimista, faría o que fan vostedes. Asinaron un papel hai dous anos que permitiu que o señor Sánchez fora presidente do Goberno; se vostede lle pregunta ao señor Sánchez deses compromisos non ten nin idea. Estou absolutamente seguro, non ten nin idea. *(Aplausos.)*

Iso si que é optimismo, señora Pontón. Tendinlle a man, xa vexo que iso a vostede non lle... En fin, nunha soberbia moi característica, nin resposta. Iso non vai con vostedes. Sería reclamarlles aos seus socios en Madrid, iso non lles convén. É moito mellor falar de compromisos con vostedes que nunca cumpriron, que si que foron decisivos para que estiveran alí.

E nós imos seguir traballando. Dime que medidas tomamos. Pois, mire, no mes de abril trouxemos un plan de choque aquí. Claro, vostede votou en contra porque era un plan do PP, non lle entraba a demagoxia, a ideoloxía sempre por diante, e votaron que non a cousas tan importantes como un complemento extraordinario de 100 euros, o bono social térmico, que permitiu que case 70.000 familias se estean beneficiando a día de hoxe, as de rendas máis baixas; bono eléctrico que non existe en ningunha outra comunidade autónoma. Tamén estaba nese plan; 5.000 fogares, 300 euros de axuda. Un plan de aforro enerxético, 25 millóns de euros para fogares galegos, os que máis o necesitan, tamén para empresas. Anticipamos as axudas da PAC ao sector agrogandeiro cando máis necesitaba ese anticipo. Compensamos as taxas portuarias aos usuarios cando máis o necesitaban. Blindamos con 3,5 millóns de euros o noso transporte por estrada cando estaban subindo os combustibles. 28 millóns nunha liña de préstamos directos para as empresas manufactureiras cando máis o necesitaban. Mecanismos para flexibilizar a devolución de préstamos e de avais do propio Igape cando era máis difícil devolver eses préstamos ou cumprir con eses avais. O bono enerxía a pemes, para comercio, para a hostalería, para que poidan ter un pouco máis de desafogo

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para pagar os gastos enerxéticos. O bono turístico, case 8 millóns para mobilizar e aumentar a demanda turística interna cando máis o necesitaban os hostaleiros. Esas son as medidas que vostede votou en contra, iso é o que non fai a Xunta de Galicia. É moito mellor dicir que temos que conseguir cousas que non son da nosa competencia e, iso si, vostede negarse a pedirllas. Agora, por certo, a partir do mes de setembro, a escola infantil gratuíta, gratuidade universal; iso axuda moitísimo ás familias, a vostede dálle igual. 15 millóns para rebaixas fiscais no tramo da xente que menos gana e, polo tanto, que lle vai vir moito mellor non ter que pagar iso. Bonificación fiscal ás familias de 2 fillos, igual que se tiveran 3, iso é importante tamén, son 250, 300 euros de menos que van ter que pagar. Todo iso, mire, señora Pontón,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ... é importante. E imos seguir suplementando estas medidas porque a xente as segue necesitando. Imos intentar tamén duplicar os fondos para os fogares, para as administracións, para as entidades que aposten polo autoconsumo enerxético, a pesar de que vostedes se negan á autosuficiencia enerxética de Galicia, facendo esa demagoxia coa enerxía eólica. Todas esas cousas imos intentar seguir facéndoas. Chegaremos ata onde poidamos e seguiremos intentando reclamar o que a Galicia lle corresponde, que é un trato xusto para loitar contra a inflación, e hai que facelo tamén dende o Goberno central.

Se temos a súa axuda as cousas irán moito mellor, senón seguirán facendo demagoxia, seguirán sendo dóciles con Madrid e moi bravos coa Xunta. Alá vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Declaración institucional

Paso a lerlles unha declaración institucional tras o acordo ao que chegaron os 3 grupos, e que vai sobre a intelixencia artificial. E que di:

«As tecnoloxías intelixentes son un conxunto de tecnoloxías de rápida evolución que poden xerar un amplo abano de beneficios económicos e sociais en todos os sectores e actividades sociais mediante a mellora da predición, a optimización de operacións e da asignación de recursos e a personalización da prestación de servizos. Dentro destas, a intelixencia artificial pode facilitar a consecución de resultados positivos desde un punto de vista social e ambiental, así como proporcionar vantaxes competitivas esenciais ás empresas e á economía, especialmente en sectores de alto impacto, como o cambio climático, o medio ambiente e a saúde, o sector público, as finanzas, a mobilidade e a agricultura.

Estas novas posibilidades poñen de manifesto cuestións éticas non resoltas ata ao momento, especialmente no relativo ao establecemento de marcos éticos e normativos que garantan a fiabilidade, a seguridade e os dereitos fundamentais da cidadanía.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Unión Europea está a liderar a formulación da normativa de uso da intelixencia artificial baseada na ética, nos valores fundamentais dos dereitos humanos e nos principios democráticos. Neste sentido, o Parlamento de Galicia comparte estes obxectivos coa Unión Europea, pola vía do apoio á Resolución do Parlamento Europeo do 3 de maio de 2022, e avoga polo avance do desenvolvemento dunha intelixencia artificial centrada na cidadanía, que cumpra cos criterios de autonomía, fiabilidade e seguridade.

A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial establece a folla de ruta para acadar unha Galicia Intelixente na próxima década que contribúa á soberanía dixital europea baixo principios éticos e responsables. Para iso, o Nodo Galicia confórmase como unha estrutura de cooperación para o impulso das tecnoloxías que habilitan a intelixencia artificial en Galicia. Neste sentido, o Parlamento de Galicia comparte estas aspiracións de desenvolvemento dunha intelixencia artificial na nosa comunidade que a sitúe á vangarda de Europa. O Parlamento de Galicia comparte coa Unión Europea unha postura que garanta e promova o desenvolvemento dunha intelixencia artificial, centrada no ser humano e coherente cos dereitos fundamentais.

Nesta clara posición e a través da presente declaración institucional convídase as administracións públicas, as universidades e o resto das xentes do coñecemento, os sectores produtivos, os axentes sociais e a sociedade de Galicia a participar dun xeito activo e facer achegas para o debate sobre o marco ético e normativo no que se debe aplicar a intelixencia artificial.» *(aprobada por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Continuamos agora coa orde do día. Retomamos o punto cuarto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

Que, segundo o comprometido, no prazo máis breve posible se asine un convenio por parte do Ministerio do Interior a través da Dirección General da Policía que articule un concurso de méritos na Policía

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar os efectivos necesarios, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando.»

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Engadir un novo parágrafo na parte resolutiva co seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Crear o Corpo de Policía Galega previsto na Lei 8/2007 de 13 de xuño.

2º.- En tanto non se fai efectivo o acordado no parágrafo anterior e de acordo co Goberno do Estado:

a) Proceda á actualización do catalogo de postos de traballo da Unidade do denominado Corpo Nacional de Policía adscrito á Comunidade Autónoma de Galiza.

b) Realice as accións necesarias para a cobertura da totalidade dos postos de traballo contemplados no catálogo.

c) Acorde a convocatoria dun concurso específico de méritos para a provisión da totalidade das prazas vacantes baseado exclusivamente en criterios obxectivos, excluíndo a valoración de probas subxectivas e discrecionais como a entrevista persoal.»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moi bo día, señorías.

A verdade é que, a min, poderían pensar que a iniciativa que vou defender agora é unha iniciativa que xa presentamos en innumerables ocasións nesta Cámara, tanto en comisión como en pleno, e algunha persoa podería pensar que somos un pouco cansinos, ou que somos un pouco pesados, ou que xa está o PP pedíndolle ao Goberno central. Pero é que, claro, é que, se non fose da importancia que é, non estariamos hoxe aquí reivindicando unha vez máis dotación de efectivos para Unidade de Policía Adscrita da Comunidade Autónoma de Galicia. Porque o que está facendo o Goberno de España con esta unidade xa roza..., vou omitir o que penso realmente, pero si vou dicir que xa é máis que un agravio a Galicia.

Aquí sempre se di que o Partido Popular o único que facemos é reivindicar ao Goberno de España cousas e que nós non facemos nada, e iso é absolutamente falso, porque nós cumprimos cos deberes e coas competencias que temos, pero é a nosa obriga tamén demandar do Goberno de España aquilo que é imprescindible para o funcionamento normal e habitual do corpo de Unidade de Policía Adscrita de Galicia. Un corpo que nace no ano 1991 cun acordo entre o Ministerio de Interior e a comunidade autónoma; e foi un corpo que se creou cunha

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dotación de 500 prazas. É certo que nunca se cubriron as 500 prazas, e nós hoxe aquí tampouco imos pedir que se cubran as 500, pero polo menos que se cubran non sei 485, 490, 480, valeríamos con esa dotación, valeríanos, xa non digo —insisto— non as 500 porque nunca se cumpriron. Pero si se foi renovando cada vez que vencía o convenio, foise renovando nas mesmas condicións que o convenio inicial e, pouco a pouco, sempre tivemos unha dotación máis ou menos, un pouco máis, un pouco menos pero sempre estivo ben. A peor época foi no ano 2011, cando gobernaba o señor Rodríguez Zapatero; aí foi o pico de baixada; e a partir de aí, co Goberno de Mariano Rajoy, empezou a subir e a dotación máxima cubriuse cun Goberno do Partido Popular en Madrid.

O que si digo é que o que dicía que non se cubriu sempre toda a dotación, pero nunca estivo nunha situación tan deficitaria como a actual. Pero o problema aínda é maior, porque a Unidade de Policía Adscrita, lonxe de seguir coas mesmas competencias que tiña no ano 1991, foi incorporando competencias cada día e cada ano ás súas dotacións. E, claro, logo vemos aquí, escoitaba antes ao señor Álvarez falar de que teñen unha proposición de lei do xogo porque lles preocupa moitísimo o xogo e a adicción ao xogo. E eu quero dicir que unha das competencias da Unidade de Policía Adscrita é o control de acceso dos menores ao xogo, unha delas, unha máis; ademais da protección das vítimas de violencia de xénero, que tamén escoitamos á esquerda todos os días falar da defensa da igualdade e da defensa das mulleres e da defensa das vítimas de violencia de xénero. Vese que non lles preocupa se hai máis efectivos que protexan esas mulleres. Só lles preocupa se hai recortes da Xunta, se a Xunta incrementa a dotación de persoal nos centros de información á muller, se incrementa as subvencións á igualdade, á corresponsabilidade. As escolas infantís, se son gratuítas, se facilita a conciliación e facilita que as mulleres poidan acceder a un posto de traballo porque teñen cubertas as súas demandas en materia de conciliación e corresponsabilidade, iso non importa. Agora, se a Unidade de Policía Adscrita que protexa as vítimas de violencia de xénero está baixo mínimos, non pasa nada, imos defender aquí a Sánchez; imos defender aquí a Marlaska; imos defender aquí o Ministerio do Interior, porque é o que imos ver despois da miña intervención.

Eu dicía que, efectivamente, houbo anos nos que houbo menos efectivos. No 2005 houbo 348; en 2010, 364; e no 2011, 348. Menos que hoxe, que temos 367, 367 de 500, e segue baixando, porque seguen xubilándose, porque os efectivos merman e para nada vemos un halo de intención do ministerio de cubrir esas prazas. E digo que non o vemos porque estamos acostumados ás mentiras, aquí fálase de mentiras, pois vamos ver: 17 de febreiro de 2021, «*El DAO* —director adxunto operativo— *autoriza una cobertura de mínimos para la UPA*» —la UPA gallega— e dicía que: «*Según hemos sabido, la Dirección Adjunta Operativa, tras confirmar el déficit de personal que presenta cada una de las UPA, ha solicitado a los respectivos responsables autonómicos que realicen una petición de mínimos que en Galicia podría situarse alrededor de 50*». Mire, estes 50 xa mermaron dende que comprometeron isto en febreiro de 2021, hai máis dun ano. Pero é que esta evolución foi mudando ao longo dos derradeiros dous anos, dende que goberna o Partido Socialista do señor Sánchez en Madrid o Ministerio do Interior. Primeiro, dixeron que a cobertura ía ser inmediata; non sei cal é o concepto de inmediata. O señor Álvarez antes buscaba no dicionario «puntual», olvidándose dalgunha acepción, por certo, é curioso, pero a «inmediatez» no dicionario ten só un concepto: rapidez.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segundo, que a cobertura das vacantes non podía ser superior aos ratios de cobertura das outras comisarías galegas. Pois ben, a día de hoxe a cobertura das prazas da Policía Nacional en Galicia ronda o 90 %. ¿Saben cal é a ratio de cobertura da UPA?, o 73 %.

Si, ao Bloque Nacionalista Galego faille moita graza, porque como eles a súa proposta é a policía galega e todas esas propostas arcaicas, prehistóricas. Si, si, nada, vostedes sigan o seu catecismo, xa o coñecemos, o seu catecismo xa o coñecemos, pero ímolo escoitar despois unha vez máis, unha vez máis non pasa nada. Despois dicían que se convocaría o concurso unha vez asinada a renovación do convenio de colaboración anterior, o convenio anterior. E o último é que se convocaría o correspondente concurso cando se asine o novo convenio que modifica as condicións dos convenios anteriormente asinados. ¡Ah!, pero o outro día veu o señor Marlaska a Galicia, por certo, sen avisar ao Goberno de Galicia, moi institucional, moi institucional o señor Marlaska, por certo,... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* —non, claro, claro, viña recibir un premio pola súa magnífica xestión no Ministerio do Interior, unha magnífica xestión do señor Marlaska. *(Aplausos.)* Un premio da Meripol. Claro, parece que coopera moito con poñer policías para perseguir delitos internacionais. Pero, mire, a nós interésannos máis os problemas domésticos; interésannos máis as nosas vítimas de violencia de xénero; interésanos máis a prevención dos incendios en Galicia; interésanos a protección do medio ambiente en Galicia; interésanos a protección dos menores e o acceso ao xogo en Galicia. Iso é o que nos interesa, señorías, iso é o que nos interesa, e iso é o que queremos que faga o señor Marlaska, que nos dote de efectivos policiais para atender esas competencias. Esas competencias que tamén son para a protección do Camiño de Santiago. Miren, por se non o saben, o Xacobeo desta volta foron dous anos, 21 e 22; houbo un reforzo da Unidade de Policía Adscrita para a protección do Camiño, quedan só seis meses, quedan seis meses, xa perderon un ano e medio.

Ao señor Tabarés faille moitísima graza, todo isto, rinse, porque a eles lles dá igual, a eles dálles exactamente igual. Despois veñen encher a boca con outras cousas, pero eu entendo que lle dean igual as vítimas de violencia de xénero, que lle dea igual o medio ambiente, que lle dea igual a protección. Despois veñen e traen iniciativas de que a Xunta non cumpre coa Pladiga, que vai haber incendios e tal. Ah, pero se a UPA está infradotada, iso a nós non nos preocupa. A nós preocúpanos que poñan un 1 % no orzamento para vítimas de violencia de xénero. ¡Ah! Pero se a UPA está infradotada para protección de vítimas de violencia de xénero, e tal e como viñeron a comparecer aquí, efectivos da Unidade de Policía Adscrita na Comisión Permanente de Igualdade, dicindo que estaban asfixiados porque non tiñan efectivos suficientes para protexer as vítimas, a vostedes iso non lles importa, porque vostedes viven da publicidade, da propaganda e do *merchandising* do 1 % para a protección a vítimas no orzamento. E a protección de vítimas e a igualdade é moito máis que todo iso. Así que non fagan chistes nin rían con estas cousas que son moi serias.

Pero dicía eu que veu Marlaska, e ¿que dixo Marlaska?: «*En esto Interior avanza que el refuerzo de la policía autonómica está cerca*». Pasamos de inmediatez a estar cerca, outro concepto a verdade que bastante, bastante indefinido.

Ben, pois dende o 6 de xuño —como di que está cerca—, igual a voceira do Partido Socialista nos di canto de cerca está, igual ela ten máis información. Eu a verdade é que estaría en-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cantada de que nos dixera que ademais de cerca e inmediato vai ser xa. Entón estariamos, a verdade, que moi satisfeitos. Pero, á vista da súa emenda, sospeito que nin cerca nin inmediato, nin a verdade eu creo que nin a curto prazo, nin a medio prazo, máis ben a longo prazo e estou segura, case, de que non vai ser o presidente Sánchez o que cubra os efectivos da UPA en Galicia. Estou convencida de que vai ser outro presidente o que o faga, porque ao señor Sánchez, señorías, quédalles pouco tempo para facer estas cousas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

A verdade, eu non sei se lle pasa a vostede, señora Prado, pero eu estou a ter un *déjà vu* con esa intervención. ¿Será porque sei que xa a debatemos dúas, un par de veces ou tres nas comisións? E a última, se mal non recordo, ademais, no mes de febreiro. Non sei se vostedes pensan que non recoñecen a validez nin o carácter vinculante do que se aproba nas comisións, porque a mesma parte dispositiva xa a aprobamos hai uns meses na comisión.

Non entendo, salvo que isto responda a un interese espurio, como que se volva aprobar en pleno e nuns días, con carácter inminente, se produza esa ampliación das prazas e entón sexa o Partido Popular o que leve os méritos da aprobación desta iniciativa no pleno. Porque é que, se non, non o entendo. Sobre todo tendo en conta que foi o ministro Grande-Marlaska, como dicía vostede, estivo aquí en Galicia hai unhas semanas, dúas veces xa estivo este ano, para que despois digan que o Goberno abandona Galicia, e ás preguntas da prensa respondeu que existía esa vontade de colaboración total e que estaban preto de asinar ese convenio relativo á policía adscrita e de realizar ese concurso específico para aumentar esas prazas que garantan os efectivos suficientes.

Pero é que incluso días despois o director xeral, Santiago Villanueva, cando foi preguntar aos medios por isto, non foi capaz nin sequera de manter esta reivindicación, porque era consciente de que existía ese compromiso por parte do ministerio.

Polo tanto, por coherencia, o que deberían facer vostedes era retirar esta iniciativa porque é extemporánea. É extemporánea porque está firmada no mes de outubro de 2021 e é extemporánea porque ese compromiso xa existe. Unha ampliación, ademais, por certo, que é posible grazas ao que está a facer o Goberno de Pedro Sánchez para recuperar todos aqueles efectivos policiais que se perderon durante os sete anos de Goberno de Mariano Rajoy. Porque, de verdade, eu, señora Prado, quedo pasmada con vostedes; leo nesta iniciativa manifestacións como: «A policía é unha peza clave no noso Estado de dereito prestando un servizo que proporciona seguridade, contribuíndo ao benestar e á calidade de vida das persoas». Unha afirmación que en principio eu comparto, pero quedo parva cando esta inicia-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tiva vén do Partido Popular, e esta manifestación vén do Partido Popular, un partido que cando gobernou en Madrid sei que parecían vostedes un partido anarquista pola política devastadora en relación aos corpos e forzas de seguridade do Estado. ¿Que fixeron? Vostedes entre 2011 e 2018 —e lémbrollo— recortaron 12.000 efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado. E xa llo dixen noutras ocasións pero voullo repetir, desde 2011, que Mariano Rajoy foi investido presidente do Goberno, ata 2018 que foi relevado tras a moción de censura de Pedro Sánchez, a Garda Civil perdeu 5.886 efectivos e a Policía Nacional 8.584 efectivos; 500 policías nacionais menos en Galicia en 7 anos; isto si que roza —non sei como o ía dicir vostede, pero eu non o vou dicir neste hemiciclo—. O Goberno Socialista atopouse no ano 2018 cunhas forzas de seguridade en cadro, e dende ese momento o Ministerio do Interior pois está a realizar un gran esforzo por reverter esa situación e mellorar o marco de actuación e os medios dos que se dota o noso modelo de seguridade.

Miren, o Goberno do Estado leva ofertando dende o ano 2018 prazas de Policía Nacional e de Garda Civil en macropromocións de policías para poder cubrir esa devastación que fixo o Partido Popular, que non deixou títere con cabeza. Pois nos últimos 4 anos convocáronse 18.800 prazas de acceso, esgotando con iso a capacidade de formación dispoñible. E, grazas a iso, en Galicia as forzas e corpos de seguridade do Estado hoxe son un 5 % máis e actualmente contamos con 3.331 efectivos da Policía Nacional.

E nestes 4 anos non só se fixo iso, senón que tamén se reforzou a cooperación e a coordinación coas policías autonómicas e locais. Dende o ano 2018 o Goberno de España cumpriu o compromiso de equiparación salarial, incrementando a nómina dos corpos e forzas de seguridade do Estado un 20 %. En infraestruturas policiais existe un plan de infraestruturas de 600 millóns de euros para desenvolver en 6 anos; grazas a ese Plan de infraestruturas inaugurouse o outro día a comisaría de Ribeira, que veu o ministro Grande Marlaska inaugurala hai uns días.

Despois, en canto á violencia machista —que falaba vostede—, cando chegou ao Estado o Goberno progresista decatouse de que durante os anos de Goberno do Partido Popular AUFAN —que son as unidades de familia da Policía Nacional encargadas da loita contra a violencia de xénero— ou a EMUME —que é a análoga na Garda Civil—, non só se reduciran ostensiblemente os seus efectivos, senón que desapareceran tamén como área específica de violencia de xénero, que pasaran a formar parte dun departamento interior. ¿Iso é o que lles interesa a violencia de xénero a vostedes? E dende 2018 volve ser unha unidade específica dentro da Secretaría de Estado de Seguridade, e incrementouse ademais o persoal de violencia de xénero e modificáronse os protocolos de VioGén, que son imprescindibles para garantir a seguridade das vítimas á hora de determinar os riscos. E aumentouse ademais o número de indicadores, que era moi necesario; e incorporáronse novos modelos de indicadores para os fillos e fillas, en definitiva, para os menores. Por non falar tamén do Plan de seguridade do Xacobeo, con máis de 3.600 axentes dos corpos e forzas de seguridade do Estado, oficinas móbiles despregadas para a atención aos peregrinos e peregrinas, ou a nova App Alertcops, para aumentar a protección dos peregrinos e as peregrinas. Ou o recentemente inaugurado hai uns días Plan de verano 2022, que se presentou con 2.442 axentes máis repartidos nas 9 comunidades autónomas máis turísticas, nas que se atopa Galicia; en concreto, en Galicia 138 policías nacionais e 98 gardas civís para contribuír á loita naqueles

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

delitos daquela delincuencia itinerante, aqueles delitos que se incrementan na tempada estival, como son os roubos de vivendas, as ciberestafas ou as vixilancias nas vías de comunicación.

E estes, señora Prado, son algúns dos exemplos de todos os investimentos que está a realizar o Goberno de España. Pero creo que ademais é mostra suficiente de que os socialistas entendemos que a seguridade é un dereito da cidadanía. Por iso existe o compromiso de seguir loitando para recuperar os medios humanos e os medios materiais necesarios para os corpos e forzas de seguridade, para que estes traballen nas mellores condicións.

Hoxe piden vostedes con todo ese morro, así sen dubidar e con esa cara de cemento armado, pide vostede que se complete a plantilla dos efectivos da policía adscrita. Pero cando gobernaba Mariano Rajoy no ano 2017 veu aquí ao Parlamento unha iniciativa que pedía este incremento, e o Partido Popular —vostede, que xa estaba nesta Cámara— votou en contra deste incremento que pide agora mesmo *(Aplausos.)* porque gobernaba Mariano Rajoy en Madrid. *(Aplausos.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, é certo, *(Aplausos.)* está no *Diario de Sesións* da Comisión 1ª.

E nós non somos así de incoherentes. Nós defendemos o que é bo para os galegos, gobernemos ou non en Madrid. Por iso seguimos sostendo que si que é necesario complementar esta plantilla de policía adscrita. E o Goberno, ademais, é que está nesa liña, existe ese compromiso e por iso autorizou unha cobertura de mínimos para cada unha das UPA autonómicas mediante a convocatoria dese concurso específico de méritos polo que se van convocar esas prazas. Así que o máis coherente sería que vostedes o que poderían facer é retirar esta iniciativa, ou aceptar a nosa emenda, que si que recolle ese compromiso. Ademais, vostede acaba de dicir agora que non pretenden os 500 efectivos, senón que simplemente os que sexan necesarios; pois entón mude vostede a parte dispositiva da súa proposición que pide especificamente que se chegue aos 500, pide «para incrementar aos 500 os seus efectivos». Polo tanto, asuman a nosa emenda, que fala de efectivos suficientes e dese compromiso, e empecen a facer política e déixense de facer populismos, que se está contaxiando tanto esa cercanía que xa vostedes teñen a VOX.

En definitiva —e xa remato para non seguir reiterando sobre o mesmo—, señorías do Partido Popular, non sigan enredando nin con mentiras con este tema porque a única realidade é que o Goberno de Pedro Sánchez recuperou xa 450 efectivos de Policía Nacional dos 500 que se perderon en Galicia durante os 7 anos de Goberno de Mariano Rajoy. Ademais que ten o compromiso firme de cubrir esas prazas de policía adscrita, a diferenza de vostedes, que entre o ano 2013 e 2018 non convocaron nin unha soa praza de policía adscrita en Galicia.

Ademais diso —e recalco—, ese Plan de investimentos de infraestruturas digno que vai dotar a Policía Nacional duns lugares de traballo digno para poder desenvolver o mesmo e que non se fixo nada nestes durante todos os gobernos do Partido Popular.

E máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente, señorías.

Señora Prado, se tanto lle preocupa a violencia de xénero, ¿por que pactan con organizacións políticas que a negan? *(Aplausos.)* Se tanto lle preocupa a violencia de xénero, ¿por que a confunde e pretende confundir neste Parlamento, vostede que se autodenomina xurista, e confunde a violencia sobre a muller sobre a violencia intrafamiliar cando calquera sabería, sobre todo as que se autodenominan xuristas, que son cousas diferentes?

Señora Prado, se vostede está tan desconforme e a Xunta de Galicia está tan desconforme con que as nosas competencias se tramiten dende o Estado, ¿por que non reclamaron ningunha en 13 anos? *(Aplausos.)* ¿Por que bloquean cando as presentan outras organizacións políticas? *(Aplausos.)* Se tanto lles preocupa que as xestione Pedro Sánchez, ¿por que non facemos e asumimos nós as nosas competencias e asumimos nós o noso futuro?

Mire, sobre a súa iniciativa, certo que moi novidosa non é; como xa se falaba antes, é a terceira vez nesta lexislatura, e a segunda neste período de sesións. Algo hai que recoñecer en positivo, polo menos algunha das mentiras que manifestaron en comisión hoxe corrixíronas; pero creo que anticipa que debateremos por cuarta vez as mentiras que hoxe reproducen, como lles faremos ver. Por tanto, seguimos mentindo.

Realmente o que non entendemos é por que tantas veces o mesmo texto a este Parlamento sobre o que xa teñen aprobados acordos. E a verdade é que a dúbida... bueno, existe unha dúbida, non sei se continúan este camiño de degradación institucional, de degradación deste Parlamento, ou ben o que ocorre é que non se fían do Goberno da Xunta e senten a necesidade de reproducir mes tras mes a mesma iniciativa para ver se así a cumpren. Porque esta iniciativa é exactamente igual á do 2 de febreiro de 2022, neste período de sesións; ou ao do 4 de novembro de 2020. Tanto é así esta reprodución de iniciativa que hoxe xa non sabía cal presentara; falaba de que non presentara e reclamando 500 unidades; si, si, preséntaa reclamando 500 unidades, cando reclamaba só 475 era en marzo de 2019. Teñen tantos formularios sobre o mesmo e preséntano tantas veces que xa non saben nin cal presentan. Por certo, só a presentan dende que goberna Mariano Rajoy, antes non presentaban ningunha e non reclamaban o incremento da Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galiza.

Pero realmente eu tamén entendo que aquí pode existir un motivo espurio que realmente é un paso máis neste camiño antidemocrático de degradar esta Cámara, e agora o que fan é cuestionar a validez dos acordos de comisión —dos acordos tomados reiteradamente en comisión— e por iso volven a este Parlamento, a este pleno coa mesma historia. Porque a vostedes non lles chega con impedir o exercicio de control da acción de Goberno por parte da oposición, non lles chega con negar información, documentación e mesmo con mentir a esta Cámara; non lles chega. Tampouco lles chega con privar de debates de proposición de lei, como o acontecido o pasado xoves na Comisión 4ª, onde impediron a este grupo parlamentario debater unha iniciativa propia. Por certo, a miña solidariedade e respecto cos meus compañeiros e compañeiras da Comisión 4ª, e tamén o meu recoñecemento pola súa actitude co Grupo Parlamentario Socialista.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non lles chega con incumprir as normas de transparencia. Señorías, respecten esta Cámara, se hai un cesamento na condición de deputado, hai que presentar declaración patrimonial; se hai alteracións substanciais, hai que presentar unha declaración patrimonial. *(Aplausos.)* ¡Respecten as normas desta Cámara! *(Aplausos.)* Non utilicen os senadores por motivos partidarios. Os senadores de designación autonómica deben defender os intereses de Galiza, non os intereses do Partido Popular. *(Aplausos.)* E agora pois seguimos un paso máis, que, por certo, se lle consente porque a quen creo que non debería se lle consente... bueno, desprezando os acordos porque son en comisión.

Mire, o que si temos claro é que a Unidade de Policía Adscrita, a seguridade, a liberdade, os dereitos fundamentais dos galegos e galegas lle importan ben pouco. Vostedes son máis de seguridade privada, aínda que sexa ineficiente, aínda que sexa unha mala xestión, pero iso permite facer negocietes coa empresa da irmá de Núñez Feijóo e con outras de candidatos do Partido Popular; pero as forzas e corpos de seguridade impórtanlles ben pouco. Miren, levan 15 anos sen desenvolver o corpo de policía galega, sen desenvolver as previsións da Lei 8/2007. Mesmo aínda que lles parece que o nivel orgánico que ten a UPA é ofensivo; o outro día o director xeral de Emerxencias parecía que cando dende este grupo falabamos de que a UPA é unha mera sección do corpo estatal de policía, parecíalle que o estaba degradando, e eu o único que estaba lendo era o BOE; ten a condición de sección, non é máis que unha mera sección. E non é que non se cumpran eses 500 postos de traballo previstos no catálogo, é que levamos 15 anos sen actualizar ese catálogo de postos de traballo. A UPA asumiu competencias, asumiu competencias en materia de violencia de xénero, de menores e de medio ambiente, pero seguimos con eses 500 postos de traballo. Mesmo mudan as infraestruturas; polo tanto, as infraestruturas coa chegada do AVE a Galiza —non a Ourense senón a Taboadela— que modifica o perfil delitivo que se está a producir na Galiza, pero o catálogo segue sen ser actualizado e vostedes non o demandan dende 2007. ¿Consecuencia?, pois a consecuencia é que se a delincuencia se incrementou nestes anos, neste ano pasado respecto do primeiro trimestre de 2022, no Estado incrementouse nun 27 %, na Galiza nun 32 %, 5 puntos máis que aumentan os feitos delitivos. A vostedes iso non lles importa.

Certo que o catálogo non se incumpriu nunca, pero, señora Prado, bueno, aí rectificaron un pouco as mentiras que expresaron na comisión, pero hoxe volveron mentir: a relación de postos de traballo, o nivel de axentes máis baixo foi na época de Mariano Rajoy, foi en 2012. Vostede fixo unha relación de 2010-2011 e esqueceu a de 2012; en 2012 é máis baixa que en 2011, e aí vostedes non pedían que se incrementaran os axentes para a UPA. Nin o pediron en 2010, nin en 2011, nin en 2012, nin en 2013... A partir de aí descendeu dos 474 ata o día de hoxe hai 100 menos. E vostede, mentres gobernou Mariano Rajoy, non presentou ningunha iniciativa reclamando o incremento da Unidade de Policía Adscrita. *(Aplausos.)* Iso é facer política partidaria, utilizar este Parlamento non para o ben dos galegos e das galegas, senón para unha estratexia absurda de desgaste.

Despois, o acordo administrativo —que rexe a UPA— que rexe as relacións entre o Goberno do Estado e o Goberno da Xunta está vencido dende 2008. Dende que vostedes entraron a gobernar non foron quen, nin sequera cun Goberno de amiguetes, de actualizar ese acordo interadministrativo. E por iso, mire, como nas comisións e nos debates precedentes —porque, como xa reiteramos, disto xa falamos varias veces— nós, agás que acepten as nosas

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

emendas, absterémonos de novo porque nada novo hai. E porque realmente nós queremos... estamos convencidos de que a solución pasa por un corpo de policía galega. Por certo, un corpo civil que aúne tanto as funcións da Garda Civil como as funcións da policía estatal e nun mesmo corpo de carácter civil. Algo que, por certo, tamén se reclama dende o sector da seguridade pública.

Nós entendemos que a organización policial neste momento na Galiza non responde ás necesidades dos galegos e das galegas, e vostedes están de acordo. O curioso é que vostedes, en concreto o señor Cosidó, foi quen implantou unha organización policial que non é acaída para Galiza, como vostedes mesmos recoñeceron na Comisión 1ª. Nós entendemos que as decisións organizativas non poden depender do Goberno do Estado. Non podemos dar por bo un catálogo obsoleto, do que vostedes nin sequera falan a pesar de que reiteradamente traen esta iniciativa a esta Cámara. Mesmo que hai sindicatos policiais que están pedindo a actualización dese catálogo, a vostedes dálles absolutamente igual. E nós —e xa para ir rematando— reiterámoslle a nosa necesidade de que as probas de provisión para a UPA se fagan con criterios exclusivamente obxectivos, que, como reclaman os propios sindicatos, que eliminen esa entrevista que xa sabemos particularmente os que somos de Ourense, sabemos moi ben para que serven esas entrevistas, que de discrecionalidade se converten en absoluta arbitrariedade. Isto que estamos dicindo é irracional, é dicir, un corpo galego de policía. Mentres esa previsión de 2007 non se verifica, é moi racional esa actualización do catálogo, ese incremento de axentes que os sistemas de provisión se fagan con criterios obxectivos e non clientelares.

E, por certo, xa para rematar, xa que estamos falando de dereitos e de liberdades das persoas, que tamén na UPA se cumpran os dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas, porque nin sequera teñen formularios para que unha persoa poida denunciar en galego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Para rematar ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular, dona Paula Prado, autora da proposición non de lei, por cinco minutos.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Tabarés, ¿sabe con quen pacta este grupo? Cos galegos e coas galegas nas urnas. *(Aplausos.)* ¿Saben quen pacta cos partidos que defenden a violencia intrafamiliar? Vostedes. *(Murmurios.)* Si, si, voullo explicar. Voullo explicar porque, como teñen a memoria moi feble...

«Acuerdo para un gobierno reformista y de progreso, Partido Socialista-Ciudadanos». Medida 37, páxina 37: Protexer a infancia, investir en futuro. *«Aprobar una ley contra la violencia intrafamiliar. Firmado Pedro Sánchez Pérez-Castejón»*. *(Murmurios.)* ¡Anda! 2016, señorías. *(Aplausos.)* Non, non, isto está firmado por vostedes. E vostedes, señorías, pactan todos os gobernos que poden co Partido Socialista Obreiro Español, que asinou un acordo de goberno para España para facer unha lei de violencia intrafamiliar, esa que vostedes tanto denostan, esa que pactou o señor Pérez-Castejón con Albert Rivera. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Isto... Non, non, ríanse. Pero os da violencia intrafamiliar son vostedes, este grupo aínda nunca pactou con eses señores para gobernar en ningún sitio en Galicia, e vostedes gobernan en todas as deputacións que poden e gobernan en todos os concellos que poden, *(Aplausos.)* e asinaron o pacto de Ana e Adriana para poñer o señor Pérez-Castejón de presidente do Goberno de España. Eses son os seus pactos.

E, mire, nós non cuestionamos os acordos desta Cámara. Eu, como se vostedes nunca trouxeran unha iniciativa de comisión a pleno, ¿resulta que a partir de agora non o van facer? Nunca trouxeron unha iniciativa de comisión a pleno. Caray, señor Tabarés, nunca. Vaia, vaia, que novidade. Que novidade tan interesante.

Bueno, pois miren, o noso problema é que non cremos o Goberno de España, non cremos o señor Marlaska cando vén aquí hai uns días a dicir que está cerca, porque, claro, é que os conceptos... Mire, primeiro dicían que era inmediato. Inmediato no dicionario é moi cercano. Despois di que cerca, que é próximo no tempo. Pero agora a señora Castro xa dixo que era con carácter inminente. ¡Ah!, pero resulta que na súa emenda di no prazo máis breve posible.

Bueno, aquí do que se trata é de non concretar, non concretar. E, como non concretan, por iso nós traemos outra vez esta iniciativa e traerémola as veces que faga falta.

E, señora Castro, vostede faltou á verdade, faltou á verdade en moitas cousas, pero nunha é dicir que esta deputada votou en contra no ano 2017 dunha iniciativa que propoñía máis prazas á Unidade de Policía Adscrita. E vostede faltou á verdade, porque, mire, a iniciativa rescateina; rescateina, é que todo é tan rápido aquí agora. E mire, efectivamente, debatémola o 3 de febreiro de 2017 e o Partido Socialista, a señora Patricia Vilán reclamaba daquela máis policías e máis gardas civís, efectivamente. ¿E sabe que fixo esta deputada? Presentou unha emenda que dicía: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que proceda a cubrir as vacantes existentes nestes momentos en Galicia nos cadros de persoal de Garda Civil, Policía Nacional e Unidade de Policía Adscrita». E o seu grupo non a aceptou. *(Aplausos.)* O seu grupo non... Claro, claro, é que foi vostede a que trouxo esta iniciativa aquí. Revísea, non minta, señora Castro. A mentira ten as pernas moi curtas. Non minta, señora Castro.

Igual que mente e di que agora o Partido Socialista, o señor Sánchez é o salvador das unidades da EMUME e da UFAM. Hoxe, o periódico de hoxe, señoría, hoxe, mércores 15 de xuño. *«El SUP reclama más policías para atender la violencia sexual. Ha reclamado más agentes para las unidades de atención a la familia y la mujer de la Policía Nacional, UFAM».* Esa que vostede acaba de dicir aquí que dotaron e meteron moitísimos policías. Señoría, a propia policía, os propios axentes, os sindicatos, ese sindicato que vostede non recoñece, que é o sindicato maioritario en Galicia, que para vostede non, para vostedes son outros que teñen dous afiliados; pero, mire, para nós o sindicato, sexa o que sexa, que representa os policías, para nós é válido. E para nós é válida esta información, para vostede non. Os sanchistas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes son os que pactan cos da violencia intrafamiliar, señor Tabarés, por favor, non interrompa; non interrompa, xa tivo o seu turno, eu non o interrompín.

Mire, dicía vostede, señoría, que a violencia de xénero, a UFAM, a EMUME, que viñeron vostedes e arreglaron todo porque o Partido Popular non cree nin protexe ás vítimas de violencia

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de xénero. E veu hoxe aquí a esta tribuna a defender o protocolo VioGén, en Galicia, coas últimas vítimas que temos que foron froito do fracaso do protocolo de VioGén.

Si, señora Castro, eu non vou facer política con isto, pero que vostede veña aquí sacar peito dunha cuestión na que as vítimas nas que fallou o protocolo VioGén e vostede veña aquí sacar peito diso, di moito e moi pouco de vostede e do seu grupo; moi pouco do seu grupo. Por non falar das vítimas que retiran as denuncias e que a Fiscalía ten a obriga de continuar con esa acusación e non continuou, e poño casos moi recentes, aínda está na UCI, casos moi recentes. ¿Que está facendo a Fiscalía? ¿Que está facendo a Fiscalía que dirixe a señora Delgado? Están moi entretidos en ir a polo rei Emérito e todas esas cousas que lle gustan tanto, o franquismo... Céntrense no importante. E se a señora Delgado estivera menos preocupada e ocupada en cousas políticas e ideolóxicas, e máis ocupada das vítimas, que realmente son as que necesitan a atención e a protección da fiscalía...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ... entón falaremos en serio. Mentres tanto vostedes non poden falar en serio de protección *(Aplausos.)* ás vítimas de violencia de xénero, porque non están poñendo todos os medios que precisan esas mulleres para ser protexidas.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Das emendas, señora Prado?

A señora PRADO DEL RÍO: Como xa dixen, as emendas non as imos aceptar porque non concretan nin prazos, e nós a emenda do Bloque Nacionalista Galego xa dixen que é un posicionamento arcaico e nós temos un posicionamento un pouco máis moderno... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, moito máis moderno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben.

Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto na orde do día.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Marta Nóvoa Iglesias e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición rexistrouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta a:

1) Demandar do goberno central a retirada dos artigos 6 e 7 (relativos a medidas de axilización dos procedementos relativos a proxectos de enerxías renovábeis), do proxecto de lei polo que se adoptan medidas urxentes do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.

2) Promover unha nova ordenación e planificación do sector eólico para garantir a participación pública, os dereitos da cidadanía, a protección da biodiversidade e do medio rural, e a reversión no país dos beneficios dun desenvolvemento eólico ordenado e xusto.»

E, para formular a proposición non de lei, ten a palabra dona Marta Nóvoa Iglesias por un tempo de dez minutos.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día a todos, señorías.

Hoxe o Grupo Parlamentario Popular trae a este Pleno deste Parlamento unha iniciativa relacionada coa enerxía. Pero, antes de meterme de cheo no debate da iniciativa que trata sobre enerxía eólica, vou poñelos en antecedentes e falar un pouquiño dos principais titulares cos que abre hoxe a prensa.

Onte o Goberno central na súa rolda de prensa, despois do Consello de Ministros, congratulábase do día histórico que era onte pola fabulosa implantación do tope do gas. Onte era un día histórico porque o Goberno conseguía implantar o tope do gas e esta mañá tivemos que abrir a prensa e ver isto, señorías. *El mecanismo de Ribera para bajar la luz fracasa el primer día. ABC. El tope del gas fracasa en su estreno y no consigue abaratar la electricidad. La Razón. (Aplausos.) La Voz de Galicia. El nuevo tope al gas no consigue reducir el precio de la electricidad. La Voz de Galicia. El Correo Gallego. Llega la energía* low cost *con rebajas previas menores a las previstas. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Economía de Expansión. El tope al gas se desinfla en su estreno y la luz se encarece un 5 %. Faro de Vigo. La luz sube 10 euros a pesar del estreno del tope al precio del gas.* E ata *El País*, señoría: *La luz baja menos de lo que preveía el Gobierno con el tope del gas.*

Mire, día histórico non; fracaso estrepitoso dun Goberno central cunha medida estrepitosa *(Aplausos.)* de intervencionismo do mercado do gas, que non só non baixa a factura da electricidade, señorías, senón que a sobe un 5 %. Felicidades, señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, que son cómplices dun Goberno central que manteñen o señor

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sánchez sentadiño alí na Moncloa, e vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, o permiten alí e aquí en Galicia. Esa é a súa realidade. *(Aplausos.)*

Miren, e o que trae este grupo hoxe aquí é unha nova modalidade de tramitación dos parques eólicos polo Estado, que, señorías, elimina o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e a petición de informes sectoriais para determinados parques eólicos, ata 75 megavatios —proxectos dunha importancia considerable—, e están tamén incluídos os propios da Xunta de Galicia. E a verdade é que despois de ver aquí neste Pleno deste Parlamento e nas diversas comisións de Industria un ataque inxustificado a todas luces contra o Goberno da Xunta cada día con cada parque eólico, tanto polo Grupo Socialista como sobre todo polo Bloque Nacionalista Galego chamándonos depredadores do medio ambiente, temos que ver, señorías, como o BNG e o PSdeG, o PSOE no Congreso, pois votan si a un real decreto que elimina a tramitación ambiental de certos parques eólicos incumprindo a súa propia lei básica de avaliación ambiental, a Lei 21/2013. Eu, señorías, recoñézolles que cando vin a noticia non daba crédito. Imaxinaba que o Bloque Nacionalista Galego tería a pancarta preparada, tería a pancarta preparada e esta vez a pancarta sería contra o señor Sánchez. Pero non, non, señorías. Non vaias pensar que levantaron a pancarta, ¿sabe o que fixo o Bloque Nacionalista Galego? Premer o botón do «si» ao real decreto. Si, señor Bará, vostedes apoiaron o real decreto que elimina a tramitación *(Aplausos.)* ambiental dos parques eólicos, si. E agora dentro dun ratiño subirá aquí o señor Bará a tratar de emendar a plana e dicir que van emendar ese real decreto ou que emendaron no Congreso, que lles prometeu o señor Sánchez que o ía eliminar. Outra vez puro teatro, crendo de novo ao señor Sánchez, señorías, que incumpre constantemente todos os compromisos co BNG e con Galicia. Esa é a súa realidade, señor Bará.

Eu creo que son moi belixerantes aquí en Galicia e moi moi submisos en Madrid, iso estámolo vendo todos os días.

E, antes de explicarlles polo miúdo, eu vou poñelos en antecedentes de que trata, porque non todas as súas señorías lerían o real decreto, que, por outra parte, é un real decreto lei extenso, no que se adoptaban medidas urxentes no marco denominado Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais do conflito bélico en Ucraína, e no seu artigo 6 ese real decreto regulou que para os parques eólicos de competencia estatal de ata 75 megavatios se elimina a norma básica de avaliación ambiental, excluíndo de avaliación ambiental ordinaria os parques de menos de 75 megavatios e substituíndoa por un mero informe de afeccións ambientais. E con esta nova regulación o Ministerio de Transición Ecolóxica pode determinar mediante un mero informe que os proxectos eólicos non teñen repercusións ambientais, unicamente tras analizar a documentación presentada polo promotor e prescindido para iso, señorías, de toda información publica, das alegacións das persoas interesadas e sen consulta da Administración que ten competencias sectoriais afectadas, competencias sectoriais como son Patrimonio Cultural, dominio público hidráulico, saúde pública, etc. E, unha vez que o ministerio elabora ese informe e llo pasado ao órgano ambiental da comunidade autónoma da Xunta de Galicia, dálle un prazo de dez días para responder. E, se non o fixese, a Xunta de Galicia, pois ese silencio sería un silencio positivo, e todo un despropósito que non ten ningunha xustificación para o seu trámite pola vía de urxencia outra vez vía decretazo.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se a razón que se dá para aprobar esta medida é cumprir a Lei de cambio climático estatal de 2021, debería ter sido nesa lei na que se regulase unha posible simplificación dos proxectos eólicos, e non, nesa Lei de cambio climático non se regulou nada e o que fan aquí é rebaixar o listón ambiental co pretexto de estar ante unha urxencia e unha necesidade que, por outra banda, só é para os proxectos do Estado.

Miren, e como vostedes son os campións de gobernar vía decretazo, pois nada, outro máis, outro máis e nun tema estratéxico de país como é avanzar cara ao despregamento de enerxías renovables, pois fano pola vía do decretazo, eliminando garantías ambientais, e non por medio dunha norma básica estatal.

E falan de urxencia para xustificalo, iso si, urxencia só para os demais, porque para o propio Goberno do Estado se dan dous meses para responder e ás comunidades autónomas lle dan un prazo de dez días. E xa lles avanzo, señorías, que Galicia non vai aplicar, aínda que o recomenda así o Goberno do Estado no seu decreto, Galicia non vai aplicar esta normativa. En Galicia, señorías, seguiremos sendo respectuosos co medio ambiente e analizando ambientalmente cada proxecto, cremos que é o máis responsable.

E por non respectar aquí non se respecta nin a propia lexislación básica nin tampouco as directivas comunitarias, que a Directiva comunitaria 2011/92 sinala que os estados membros deben determinar se os parques eólicos son obxecto dunha avaliación ambiental caso por caso ou mediante umbrais. Polo tanto, incumpren tamén a normativa comunitaria.

Están cambiando vía decretazo as regras de xogo, introducindo a medida dun informe de afección sen información nin consulta pública e sen o criterio da comunidade autónoma onde se vai instalar o parque eólico. E eu, señorías, gustaríame preguntarlles, ¿se se prescinde do trámite de consultas aos órganos sectoriais que analizan o proxecto, como é posible, señorías do PSdG, como é posible que o órgano ambiental poida ditar con seguridade que un proxecto non vai causar afeccións ambientais? Eu agardo que cando suba aquí a señora portavoz do Grupo Socialista mo explique, pero, claro, disto despréndese a negativa a dar resposta aos máis de 65 parques estatais que están fóra das áreas sectoriais do Plan eólico galego ou en Rede Natura e que vostede non o rexeitan, seguen coa tramitación cando a Xunta de Galicia os informou desfavorablemente e vostedes seguen coa tramitación.

Miren, resulta paradóxico ter que que ver aquí unha e outra vez como queren paralizar calquera proxecto eólico, como se queixan inxustificadamente de depredación medioambiental cando vostedes, señorías, votan no Congreso eliminar a tramitación ambiental. Resulta sorprendente.

E, señor Bará, que pidan un novo plan sectorial eólico, ¿para que? Se vostede ve que o Estado non está respectando o plan sectorial eólico que vostede di que é de mínimos, nin Rede Natura, é que non o están respectando. E niso é no que terían que estar loitando, e a pancarta tería que ser contra o señor Sánchez, que respecte a autonomía da comunidade galega, que respecte a normativa eólica galega. E iso é o que terían que estar facendo vostedes e, non, o que fan vostedes, como se viu esta mañá, é atacar o Goberno da Xunta de Galicia, que, por outra banda, en cuestións non ten competencia.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, para nós todos os proxectos eólicos deben estudarse caso por caso e, a través da avaliación simplificada, determinar se, despois da consulta pública e audiencia aos interesados, deben ir ou non a avaliación ordinaria. Os proxectos teñen ou non repercusións ambientais e non deixan de telas polo feito de ser de competencia estatal; e a avaliación caso por caso está sometida a audiencia, consulta pública e precisamente para identificar as posibles afeccións ambientais. E que lle teña que explicar eu isto, que lles teña que explicar isto a vostedes, despois do que escoitamos aquí, pleno tras pleno a comisión de industria, tras comisións de industria en contra de calquera proxecto eólico presentado na nosa comunidade, pois é sorprendente.

Miren, creo que pola súa parte non debería cuestionarse a aprobación desta iniciativa. Eu de verdade que agardaba que non se presentara ningunha emenda, presentouse unha emenda, como sempre, na mesma liña de sempre, atacar a Xunta de Galicia. E eu agardo que o seu voto sexa favorable e, se non o fan, señorías, pois unha vez máis, o Partido Socialista de Galicia demostrará que segue co seu seguidismo ao señor Sánchez e abandona Galicia unha vez máis, por outra parte, e o Bloque Nacionalista Galego pois que ten un discurso hipócrita, como outras veces, señorías.

Din aquí unha cousa e outra cousa en Madrid. E non vale dicir agora, señor Bará, vir aquí, falar da súa emenda, dicir que en Madrid o señor Sánchez lle prometeu retirar dous artigos, os máis importantes superextensos de real decreto que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... cambian a tramitación eólica e que vostedes van confiar no señor Sánchez, porque soa ridículo, porque lles ten fallado constantemente.

Polo tanto, eu agardo, señor Bará, que aprobe a nosa iniciativa tal e como está porque, se non, unha vez máis seguirá sendo cómplice dun Goberno central que seguirá como ata o de agora, fallándolle a Galicia sempre, sempre, sempre.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Nóvoa.

E damos a benvida ao Parlamento aos alumnos e alumnas de primeiro de ESO do centro educativo Hijas Cristo Rey do concello de Oleiros. Benvidos.

E ten agora o seguinte interveniente do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará, dez minutos.

O señor BARÁ TORRES: Bo día e benvida ao centro escolar que está hoxe presente na tribuna do Parlamento.

Hai unha fábula africana na que un león lle di a un guepardo: «Es un criminal, un asasino, ¿como lles fas iso aos ñus, ás pobres gacelas?», e isto valería para esta PNL do Partido Po-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pular. Vale tamén aquel dito popular traendo o noso refraneiro: «Saca de aí que me luxas, díxolle o pote ao caldeiro», señora deputada do Partido Popular, Marta Nóvoa. «Mira quen falou, que a miña casa honrou».

¿Vostedes como se atreven aquí a vir dar lecciónns de tramitación de proxectos eólicos coa desfeita que están promovendo no país? ¿Como se atreven? É que hai que ter..., a verdade. O BNG está en contra da tramitación exprés dos proxectos enerxéticos previstos no Real decreto 6/2022, e así o manifestou publicamente e así negociou co Goberno a modificación dese real decreto para que se incluísen todas as garantías de participación e de información pública.

Pero o BNG votou a favor dese real decreto por responsabilidade; claro, votou por responsabilidade, por exemplo, para que se aprobasen axudas a sectores prexudicados pola suba de prezos, como o sector gandeiro, como o sector pesqueiro. Vostedes votaron en contra desas axudas, votaron en contra das axudas ao transporte, votaron en contra da rebaixa de 20 céntimos nas axudas aos combustibles. Votaron en contra do incremento do... Votaron en contra de todas esas medidas beneficiosas para moitísima xente. Vostedes votaron en contra, señora Nóvoa. E teñen que darlle explicacións á xente. E xa no súmmum do seu radicalismo negacionista veñen aquí atacar o tope do gas, cualificando de medida intervencionista no mercado. É que vostedes falan clarísimo. A vostedes o que lles preocupan son as medidas intervencionistas que van en contra dos intereses das grandes empresas enerxéticas. Esa é a súa preocupación, por iso están en contra do tope do gas, que é unha medida para rebaixar o prezo da enerxía. Pero, e que é un delirio xa os argumentos que traen vostedes aquí. Pero, claro, vostedes van pola vella, porque ese real decreto xa se discutiu, xa se votou, agora estamos noutra fase, agora estase tramitando un proxecto de lei no Congreso, sábeo perfectamente vostede. Por iso, nós lle traemos aquí unha emenda, a favor de eliminar os artigos 6 e 7 dese proxecto de lei, que se refiren a esa tramitación dos proxectos enerxéticos ou do proxectos eólicos, para que se eliminen eses artigos. ¿Vostedes están en contra de que se eliminen eses artigos? Pois vote a favor da nosa emenda.

¿Vostedes presentaron emendas no mesmo sentido no Congreso? Pero agora é o que se está discutindo, este Parlamento teralle que trasladar ao Goberno que retire eses artigos, porque, ademais, nós entendemos que non ten nada que ver coa guerra de Ucraína, e que están metidos aí como unha especie de patente de corso, dun pavillón de conveniencia para aproveitar que pasa o Miño por Ourense. E, xa lle digo, para que lle quede claro, que o BNG está radicalmente en contra de todos os procedementos aprobados polo Goberno central que son lesivos para a xente e que utilizan o Pacto verde europeo, a transición enerxética para invadir competencias galegas e para invadir o territorio con eses proxectos abusivos e invasivos. Pero, claro, vostedes ven o lixo no ollo alleo e non ven a viga no propio. É que vostedes desenvolveron un auténtico arsenal normativo e lexislativo, nos últimos anos, vía Lei do sector eólico, vía Lei de depredación de 2017, vía de Lei de simplificación administrativa, vía Lei de ordenación do territorio, vía modificacións da lei de acompañamentos, a tutiplén. E vostedes veñen aquí dar lecciónns. E ¿sabe para que fixeron estas modificacións vostedes? Para facilitar o espolio e a depredación eólica, para pasar por riba dos dereitos da veciñanza, para atacar e agredir o medio rural, para arrasar con espazos naturais, para vulnerar directivas comunitarias —que llelo dixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non llelo dicimos nós

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.), díxollelo o TSX no caso da sentenza de Corme, que vostedes non respectaron o trámite de trinta días para información pública—. Pero ¿que lecciónns vén dar aquí?

Mire, vostedes están perpetrando con ese sistema eólico, con ese plan eólico, o maior ataque ao rural desde o franquismo. E temos aquí este mapa que non mente, señora Nóvoa, do Plan sectorial eólico. Aquí aparecen marcadas en negro as zonas de aproveitamento eólico, as zonas onde hai áreas de desenvolvemento eólico. E pódese ver que están concretadas nalgunhas zonas do país: na serra do Xistral, do Norte, na Costa da Morte, na zona de toda a dorsal galega que atravesa o país de arriba a abaixo, na zona do Xallas, na zona do Suído, na zona da Groba, en fin, nos Ancares, en Valdeorras, no Macizo Central. É dicir, que todo o país está agredido, atacado, asediado por eses proxectos eólicos promovidos pola Xunta do Partido Popular. Pero é que, ademais, din vostedes: só lle afecta ao 30 %, pero, claro, a ese 30 % que lle toca é unha invasión absoluta do seu modo de vida, do seu hábitat, do seu territorio, da súa calidade de vida e por iso a xente se está revoltando, se está rebelando, se está indignando contra a política eólica do Partido Popular, e vímolo o outro día nunha manifestación de novo masiva en Compostela con 200 asociacións, 200 asociacións que se están rebelando contra esta política.

Pero, claro, é que xa non é isto. Si, vostedes din que é o BNG que mobiliza miles de persoas. Claro, si o BNG ten un poder omnímodo que consegue mobilizar miles e miles de persoas, pero tamén consegue que o Consello da Cultura Galega, que o Observatorio Eólico de Galiza, que os plenos dos concellos, que a mesma Unión Europea estea cuestionando este modelo eólico do Partido Popular. *(Aplausos.)* E que os tribunais de xustiza están cuestionando este plan eólico do Partido Popular.

Pero o problema xa non é plan sectorial eólico, non son as ADE que ademais permiten que fóra das ADE en 500 metros se poidan ampliar e se poidan instalar parques eólicos. É que vostedes xa meteron, porque as saben todas para favorecer os intereses das grandes empresas, na Lei de simplificación administrativa, a Lei de declaración 2/2021, un artigo para permitir instalar parques eólicos fóra destas zonas; é dicir, en calquera punto do país que non estea protexido por Rede Natura ou que sexa un territorio urbano, en calquera punto do país, poderán montar un parque eólico se ten función estruturante do territorio. E agora xa nos anunciaron pola porta de atrás tamén unha modificación mediante emenda do Partido Popular na Lei de áreas empresariais para de novo meter outra modificación que favoreza os intereses destas empresas. Así actúa o Partido Popular. Polo tanto, vostedes non poden dar lecciónns absolutamente de nada, de nada, de nada.

E, mire, para que lle quede claro, que lle podería ler aquí acordos plenarios de Lalín, de Cerdedo-Cotobade, da Estrada, de Oia... en fin, de cantidade de concellos gobernados polo Partido Popular que están cuestionando o plan eólico do Partido Popular, os proxectos eólicos que lles están poñendo no seu territorio. Pero voulle ler un anaco da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sobre o parque eólico do Iribio, que, como se sabe, o TSX anulou por unha vulneración escandalosa da tramitación ambiental —¡que vostedes veñan aquí dar lecciónns de tramitación ambiental!—, que lles dixo que utilizaran unha autorización ambiental que era do 2005 que era para un proxecto totalmente distinto. E mire o que di o TSX: *«A pesar del tiempo de desarrollo normativo y siendo Galicia una comunidad pionera en el aprovechamiento eléctrico de la energía eólica, sigue existiendo un gran vacío legal en materia ambiental*

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en el que se amparan las empresas energéticas para llevar a adelante sus proyectos». Isto dío da normativa ambiental da Xunta de Galiza. Polo tanto, di: *«Hay una respuesta productivista ahora ligeramente teñida de un color ambiental...»* —¡claro, *clean washing*!— *«... situación que se agrava cuando la sociedad no tiene canales para la participación en el desarrollo de las renovables»*. Isto dío da normativa da planificación da Xunta de Galiza: *«La sociedad no tiene participación en el desarrollo de las renovables, quedando relegados a un papel pasivo de afectados frente a un papel activo de agresores y beneficiarios de las empresas o Administración». Un papel pasivo de afectados frente a un papel activo de agresores y beneficiarios de las empresas y Administración*, chámanlles agresores e beneficiarios ás empresas e administracións, ¿que máis queren?, ¡é que o di o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza! Nós non temos máis que dicir realmente despois disto, é absolutamente contundente.

Polo tanto, vostedes, como teñen unha maioría social en contra, intentaron aí facer uns apaños, unhas pequenas mudanzas cosméticas para intentar aplacar os ánimos; pero a xente está indignada, está en pé de guerra contra este proxecto sectorial, contra este plan sectorial. Porque vostedes están facendo todo para servir os intereses das grandes empresas, das portas xiratorias e dos abrazos do señor Feixóo co señor Sánchez Galán, presidente de Iberdrola; a iso obedecen vostedes, está claro a que intereses.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Remato, señora presidenta.

Por iso presentamos unha segunda emenda, á parte da que ten que ver co proxecto de lei estatal, na que instamos a Xunta a promover unha nova ordenación e planificación do sector eólico para garantir a participación pública, os dereitos da cidadanía, a protección da diversidade do medio rural e a reversión no país dos beneficios dun desenvolvemento eólico ordenado e xusto.

Está nas súas mans aceptar estas propostas e chegar a acordos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Intervén agora, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo por dez minutos tamén.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señores e señoras deputados.

Bos días ás persoas que hoxe nos acompañan aquí.

Ben, señora voceira do Partido Popular, a verdade é que me sorprende que vostede inicie a súa exposición sacando aquí titulares, fundamentalmente deses periódicos que non teñen

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ningunha sospeita de ser conservadores e que esa é a súa liña do *ABC*, *La Razón*, *La Voz de Galicia*. *(Murmurios.)*

Eu pregúntolles claramente, e gustaríame que vostede na súa réplica nos contestara: ¿vostedes están de acordo ou en desacordo co tope de gas negociado polo presidente Sánchez e por Portugal para reducir, para chegar a unha redución na factura da luz? Porque, mire, os expertos hoxe o que din é que non se chega ao que se esperaba, pero si se fala dunha redución do 26 % —gústelle a vostede ou non lle guste—. A verdade é que vostedes o que defenden é ese mercado libre e dálles exactamente igual o que iso repercuta na maioría da poboación. Vostedes votan en contra de todo o que sexa progreso e de todo o que sexa a protección, fundamentalmente para os fogares e para as persoas máis vulnerables.

Pois ben, o cambio climático e a degradación ambiental son xa unha realidade. O seu impacto é evidente, estámolo a ver xa estes días nesas olas de calor que cada vez son máis frecuentes e máis insoportables. Para a loita contra este feito e frear as súas consecuencias, a Comisión Europea acordou en decembro de 2019 o Pacto verde europeo, para superar os desafíos do cambio climático e transformar a Unión Europea nunha economía moderna, competitiva e eficiente co uso dos recursos, garantindo a neutralidade carbónica na xeración de enerxía en 2050, un crecemento económico desvinculado do uso dos recursos sen que ningunha persoa e sen que ningún territorio quede atrás.

Xa que logo, a Comisión Europea adoptou un conxunto de propostas para facer que as políticas climáticas, enerxéticas, de transporte e fiscais da Unión Europea sexan aptas para reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro en polo menos un 55 % para o ano 2030, en comparación co que había no ano 1990.

Por certo, señora voceira, unha cuestión que acaba de ser ratificada en Galicia, nun acto desa sinatura da Alianza Galega polo Clima o pasado 6 de xuño —hai uns días— e no que o presidente Alfonso Rueda manifestou tres cuestións en que a verdade que merece a pena pararse un pouco. A primeira cuestión que dixo o señor Alfonso Rueda —o novo presidente da Xunta de Galicia— é que Galicia se sitúa á cabeza das rexións europeas no reto de conseguir a neutralidade climática en 2050, deixando unha Galicia mellor para as próximas xeracións. Para o que puxo de relevo que o esforzo e o compromiso de Galicia xa están dando os seus froitos, posto que Galicia reduciu as emisións de gases de efecto invernadoiro en case un 36 % respecto do ano 1990. Unha cuestión, señores e señoras do Partido Popular, que a verdade é que é bastante paradóxica porque o presidente Rueda, por unha banda, saca peito nesa rebaixa nas emisións de gases de efecto invernadoiro, cando sabe perfectamente que a causa que máis contribuíu nesa rebaixa, para ben ou para mal, foi o peche das centrais térmicas de Meirama e das Pontes, e non por ningunha medida que fose adoptada pola Xunta de Galicia, absolutamente ningunha. O que pon de relevo, unha vez máis, ese dobre discurso que ten o Partido Popular que é «o mesmo que che digo unha cousa, pois dígoche a outra», non pasa nada.

Tamén poñía de relevo o señor presidente Rueda a oportunidade que supoñen os fondos europeos Next Generation para consolidar e impulsar as iniciativas que contribúan a acadar este obxectivo. Outro paradoxo, señora voceira do Partido Popular, fondos aos que teño que

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

repetir unha e outra vez, que, se polo Partido Popular fose, non chegarían a España e, polo tanto, non chegarían a Galicia, e, polo tanto, non serían esa oportunidade que di o señor Rueda para lograr ese obxectivo de loita contra o cambio climático e deixar unha mellor Galicia para as próximas xeracións. Unha mostra máis dese dobre discurso do Partido Popular: se non che gustan uns argumentos, tranquilo que teño outros.

E, por último, o señor Rueda defendía a política en enerxía eólica da Xunta de Galicia. Unha cuestión sobre a que teremos ocasión de escoitar o conselleiro esta tarde para que nos explique realmente se a Xunta de Galicia ten un plan eólico e que nos diga cal é ese plan eólico. Porque a día de hoxe os e as socialistas descoñecemos cal é o plan eólico da Xunta de Galicia.

Pois ben, dous anos despois desa aprobación do Pacto verde europeo, Rusia invadiu Ucraína violando de maneira fragrante o dereito internacional e os principios da Carta das Nacións Unidas, menoscabando a seguridade e a estabilidade europea e a estabilidade mundial. E, ante esta situación, vostede sabe perfectamente que os días 10 e 11 de marzo houbo unha reunión informal dos xefes de Estado ou de Goberno da Unión Europea acordando a Declaración de Versalles. Unha declaración que contempla 5 puntos, entre os que se inclúe no punto número 2 a redución da nosa dependencia enerxética; e no parágrafo 16 establece o acordo de eliminar gradualmente e o antes posible a nosa dependencia das importacións de gas, petróleo e carbón rusos. E no apartado 10 establece, di como: «Axilizando o desenvolvemento das enerxías renovables e a produción dos seus compoñentes clave, e simplificando os procedementos de autorización para acelerar os proxectos no ámbito da enerxía». Ao mesmo tempo, dentro dese acordo, encomendaron neste Convenio de Versalles á Comisión propor un Plan Repower EU, que o tiñan que ter feito no mes de maio; e foi presentado —como vostede ben sabe— o 18 de maio. Un plan para reducir rapidamente a dependencia da Unión Europea con respecto aos combustibles fósiles rusos e avanzar con rapidez na transición ecolóxica. Para poñer fin a esa dependencia dos combustibles fósiles rusos, que supoñen un custo aos contribuíntes europeos de case 100.000 millóns de euros ao ano, é un custo para facer fronte á crise climática. Polo que ese plan establece determinadas medidas, como o aforro de enerxía, a diversificación da subministración de enerxía e o despregamento acelerado das enerxías renovables para substituír eses combustibles fósiles nos fogares, na industria e na produción de electricidade.

Nese mesmo senso sabe vostede perfectamente que a Comisión Europea publicou no *Boletín Oficial da Unión Europea* unha recomendación sobre a aceleración dos procedementos de concesión de permisos para os proxectos de enerxías renovables e a facilitación dos contratos de compra de electricidade, no que manifesta varios considerandos: o primeiro, que son as enerxías renovables as que constitúen o núcleo da transición cara ás enerxías limpas necesarias para acadar os obxectivos do Pacto verde europeo. E nesa recomendación establece varios apartados —que vou enumerar rapidamente porque se non o tempo se me esgota—: uns procedementos máis rápidos e máis breves para que en todas as etapas necesarias para a concesión de permisos de construción e explotación de proxectos de enerxías renovables sexan o máis acelerados e o máis breves posibles. Por certo, o 27 de maio o propio vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación anunciou a través dos medios de comunicación que o Goberno dará prioridade e

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reducirá á metade os prazos para instalacións de parques eólicos que subministren polo menos o 50 % da enerxía eléctrica a unha industria. Polo tanto, vostedes por un lado queren facer uso desa simplificación e aceleración na autorización dos parques; e, por outro lado, están en contra dese real decreto aprobado polo Goberno e que está en liña con todas as aprobacións que se fixeron dende Europa e que a verdade é que non se entenden moi ben.

Pois ben, o 30 de marzo o Goberno de España aprobou ese real decreto, que vostedes queren anular unha parte del, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína. E adica un capítulo III completo ás medidas e á axilización dos procedementos relativas a proxectos de enerxías renovables. É unha norma que pretende axilizar ese despregamento para aqueles proxectos de enerxía renovable que de por si comportan menos impacto ambiental, contribuíndo a acelerar a descarbonización da economía española, a reducir a dependencia enerxética do exterior no contexto xeopolítico provocado pola invasión rusa de Ucraína e acelerando a concesión de parques eólicos vinculados a proxectos industriais. E, se non, vostedes teranlle que explicar, por exemplo, aos traballadores de Alcoa por que vostedes están en contra desta aceleración e desta simplificación con garantías e naqueles proxectos onde non hai un impacto en principio importante.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si. Remato xa, señor presidente.

Polo tanto, os estados membros deben establecer procedementos simplificados para a repotenciación das plantas de enerxía renovable existentes e adoptar un procedemento de notificación simple para a súas conexións á rede cando non se espere un impacto ambiental ou social negativo significativo.

Deberá terse en conta que os proxectos de enerxías renovables deben reunir unha serie de criterios conxuntos para poder acceder á tramitación dos procedementos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... de determinación da cesión ambiental.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Simplemente dúas cousas. Non superar unha potencia...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... determinada, que non se ubiquen en medio mariño nin en superficies integrantes da...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Señora Rodríguez...

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: … Rede Natura 2000, que se localicen en zonas de sensibilidade baixa e media…

O señor PRESIDENTE: Pero mire o reloxo…

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: … e nas que xa hai liñas de evacuación que non se encontren incluídas…

O señor PRESIDENTE: Mire o reloxo, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: … no anexo…

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: … da Lei de avaliación ambiental.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En fin, sexan…

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas…

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: … eficaces, sexan eficientes…

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: … e deixen de ser inútiles. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. *(Murmurios.)*

É imposible, recoñezo que aquí eu esta batalla téñoa perdida. Esta batalla si que a teño perdida, pero bueno. *(Risos.)* É unha batalla pequena, tamén á fin e ao cabo. En fin…

Grupo autor da proposición non de lei, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Eu entendo a señora Rodríguez Rumbo, que hoxe tivo un moi, moi difícil papel.

Mire, a ver, quen di que a rebaixa da factura da luz e o tope do gas non vai ser como dicía vostede un 25 % —empezou sendo un 30 %, un 30 %—, quen di que vai ser un 15 % é a ministra Ribera, que di: «*Ribera limita al 15 % la rebaja de la tarifa de luz en sus cálculos al tope del gas*». Non o di este grupo, dío a señora ministra, que xa ve como fracasou a súa medida antes de implantala.

Mire, señora Rodríguez Rumbo —que eu si sei o seu nome—, nós non apoiamos ese decreto, e señor Bará, porque temos outras medidas; e as medidas deste grupo para abaratar a factura

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da luz e as medidas deste grupo aquí e no Congreso totalmente coordinadas é a rebaixa dos impostos e o traspaso de custos que non son da factura da electricidade aos presupostos do Estado. Esa é a proposta que se aprobou aquí e a proposta que se levou en Madrid, señor Rodríguez Rumbo e señor Bará. Esa é a medida que hoxe tería efecto inmediato na rebaixa da factura da luz. *(Aplausos.)* Esa é a medida que non queren implantar.

E, miren, resulta paradóxico ver aquí hai dous meses ao señor Arangüena e ao señor Seco coa pancarta do ecoloxismo e do medio ambiente, e hoxe vir vostede aquí dicir que para axilizar proxectos hai que quitar trámites ambientais. Non, falso. A Xunta de Galicia coas súas leis e coa súa iniciativa, emenda que traerá á Lei de áreas empresariais, non vai quitar ningunha garantía medioambiental. Vai tratar de axilizar e priorizar os proxectos vinculados a traballos e a industria sen quitar a tramitación ambiental. É que é sorprendente, señora Rodríguez Rumbo, hai dous meses o señor Arangüena estaba aquí levantando a pancarta do ecoloxismo.

Mire, señor Bará, eu, se o éxito dunha manifestación son mil persoas con 200 asociacións, felicidades, felicidades. Sigan facendo todas as manifestacións así, son uns campións. Miren, aquí o seu modelo, eu voulle cualificar o modelo do eólico do bipartito, porque vostedes gobernaron, cunha palabra: fracaso. E, como están doídos co fracaso do seu modelo eólico, agora veñen aquí criticar constantemente un modelo eólico que ten permitido que Galicia sexa a primeira potencia, unha das primeiras potencias en enerxía eólica e renovable en España. E eu sinto que vostedes teñan que estar moi doídos polo fracaso do seu modelo.

E, se falamos de sentenzas, home, mire, é que hai unha sentenza firme e é a súa: a anulación de 3 concursos do bipartito, os 3 concursos eólicos co aval dos tribunais. Un decreto eólico que tiveron que retirar porque acumulou na súa redacción varios recursos da industria e 8 obxeccións do Consello Consultivo. Polo tanto, señor Bará, lecciónns do seu grupo político sobre garantías xurídicas e democráticas ningunha, cero; porque vostedes fracasaron no seu modelo eólico.

E, mire, vostede sacou un mapa aquí e eu vou sacar outro, porque eu teño outro mapa aquí. E ¿sabe cal é?, xa llo saquei nunha ocasión. E sácolle este. Estes son todos os concellos afectados por proxectos eólicos do Estado. Si, dos que vostedes non lle din nada ao señor Sánchez e seguen apoiando. ¿Saben onde están estes proxectos eólicos? Fóra do Plan sectorial eólico galego e en Rede Natura. Este é o mapa da depredación, non o seu, señor Bará. *(Aplausos.)*

Mire, e, se non aceptan a nosa iniciativa, van seguir sendo cómplices do señor Sánchez. E non ten que vostede vir a emendar, a nosa iniciativa é ben clara. Nin hai que quitar a tramitación ambiental... Non, vostedes teñen o seu dereito a emendar, pero nós non queremos que se quite ningunha garantía ambiental, nin a información pública nin a consulta aos órganos sectoriais. E vostede aquí non dixo nada diso, falou todo o tempo mirándome a min sen mirar de quen é a responsabilidade desta tramitación totalmente desnortada, do Goberno central. Porque, señora Rodríguez Rumbo, para axilizar proxectos non hai que quitar garantías medioambientais, non. E está demostrado aquí, está demostrado aquí. O fracaso da súa política enerxética é estrepitoso e vémolo cada día. Pecharon as centrais térmicas antes de tempo, das nucleares tamén din que as van pechar. Fíano todo ao gas, a

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un gas que está cun prezo desorbitado. E aínda por encima o interveñen sen pensar que en días como hoxe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, en días como hoxe —escoite un pouquiño se quere, que eu a escoitei mentres estiven no meu turno de palabra—, hoxe as centrais de ciclo combinado están aos máximos. E era visto que ía pasar isto, era visto que ía pasar que hoxe subiría a luz en vez de baixar, pero vostedes como sempre fracasan porque non teñen política enerxética ordenada, téñena totalmente desordenada e moi inxusta coa poboación.

Mire, Galicia si que ten un modelo eólico ordenado e é o que leva... Oia, vostedes gobernaron catro anos e o seu *boom* eólico do que tanto presumen foron... aprobaron 36 proxectos e 35 coa mesma tramitación que fixo este Goberno do señor Manuel Fraga. Por vostedes... ¿que veñen a presumir aquí? O modelo eólico de Galicia é o que ten permitido que Galicia sexa unha potencia, señora Rodríguez Rumbo, en enerxía eólica. *(Murmurios.)*

E Galicia, pese a ese a modelo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... eólico que tanto critican, ten blindada a súa terra no 77,5 %... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Escoite un pouco, señora Rodríguez Rumbo, que eu escoitei e aprendería un pouquiño máis. *(Murmurios.)*

Miren,...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... o Goberno do Estado é incapaz de respectar as autonomías. E vostedes aquí un día veñen ofrecendo a man e tendendo o diálogo no sector eólico, e falamos de Alcoa, e falamos de Alcoa... Oian, vostedes dous teñen moita responsabilidade de por que Alcoa está pechada hoxe. Si, porque un prezo da luz... que pasaron de Alcoa durante dous anos aprobar un estatuto electrointensivo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... fracasado. Si, señora Rodríguez Rumbo.

E este grupo na Lei de áreas empresariais si que vai meter unha emenda para axilizar e priorizar... Home, pero non quitando trámites ambientais, en ningún caso, señora Rodríguez Rumbo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, e non dialoguen.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Miren, eu, señorías, agardo, non imos aceptar evidentemente, obviamente a emenda do Bloque Nacionalista Galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... e agardo que voten a favor. Se non, señora Rodríguez Rumbo, paréceme que van abandonar os galegos outra vez...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... polo señor Sánchez. E paréceme que o van facer.

Polo tanto, eu síntoo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... esta iniciativa vai saír co apoio do grupo maioritario e vostedes outra vez do lado do señor Sánchez e non do lado dos galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas, iniciativa de D. Martín Seco García e Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Hai pouco máis dun ano esta Cámara aprobaba a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, unha iniciativa lexislativa que presentaba neste caso o Partido Popular, aínda que todos sabíamos que era unha lei que nacía do Goberno galego. Unha iniciativa que debera ser tratada como proxecto de lei —xa o diciamos naquel momento—, pero que se presentaba así co gallo de acurtar prazos e esquivar os informes preceptivos do Consello Económico e Social, o Consello Agrario, o Consello Forestal e o Informe da Asesoría Xurídica do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo da Xunta.

Un proxecto de lei que ademais xa fora anunciado polo conselleiro de Medio Rural en varias ocasións dende finais do ano 2018, e que contaba co traballo de consultorías externas e da Universidade, ademais de seguir unha decena das recomendacións aprobadas por consenso entre o Partido Socialista e o Partido Popular na Comisión Parlamentaria sobre os Incendios do ano 2017.

Dende o Grupo Socialista actuamos de xeito responsable no desenrolo da ponencia, xa que criamos e cremos que esta era unha lei moi necesaria aínda que chegaba moi tarde, despois de doce anos de goberno de Núñez Feijóo, onde medrou o abandono do rural a pesar dos anuncios e a publicidade excepcional feita polo Partido Popular.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta proposición de lei supuxo un xiro radical sobre as formulacións que mantiveran ata ese momento sucesivos gobernos do PP caracterizados polos múltiples atrasos na normativa de ordenación territorial, que afectaron tamén á falla de protección de terras agrarias con respecto aos usos urbanísticos desordenados, pola ausencia de iniciativas sobre a mellora da estrutura das terras agrarias, por ter rexeitado numerosas proposicións presentadas polo noso grupo dende a primeira lexislatura do Goberno de Fraga sobre o banco de terras, sobre a ordenación e concentración das terras agrarias e sobre o banco de explotacións; polos atrasos e falta de prioridades nos traballos da concentración parcelaria, tendo só unhas 450.000 hectáreas con concentración parcelaria, 1/3 das que deberiamos ter feitas a estas alturas, e cun ritmo de traballos por debaixo das 5.800 hectáreas por ano, que están por debaixo do que se acadaba a comezos destes traballos nos anos sesenta e ata os noventa; e polo bloqueo sistemático que fixo o Partido Popular ao desenvolvemento das leis que no seu momento fixeran o Goberno de Laxe, como a Lei de montes veciñais en man común ou a Lei do banco de terras do Goberno de Touriño.

Teremos que esperar ás urnas para ter un novo presidente ou presidenta socialista que retome as ditas cuestións. E digo isto porque, señores do Partido Popular, no noso partido os candidatos ou candidatas os eliximos democraticamente os militantes e non o dedazo dos nosos dirixentes.

Na primeira década deste século en Galicia abandonáronse máis de 37.000 explotacións agrarias, perdemos máis de 250.000 hectáreas de superficie agraria útil, apenas superando o 20 %, unha das porcentaxes máis baixas de toda España e Europa, e todos sabemos que esta porcentaxe lastra o futuro do noso rural e a nosa actividade agrícola e gandeira, ademais de xerar problemas na repartición dos fondos da PAC.

En Galicia existen máis de 2.000 núcleos abandonados, máis de 10.000 aldeas con menos de 10 veciños, 1/3 das que ten toda Galicia; e un de cada 3 concellos de todo o noso territorio camiña cara á desaparición.

Nesta situación o Partido Popular presentaba esta iniciativa lexislativa sen acompañala dun mínimo estudo de impacto, sen unha avaliación previa da situación da estrutura territorial de Galicia, sen unha análise de custo e eficiencia das solucións propostas, e todo se confiaba unha vez máis aos supostos efectos máxicos do marco lexislativo, que nos temiamos que, como no ano 2015 coa Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia, podería quedar en nada se non existía a vontade política orzamentaria para solventar os problemas do rural galego.

Polo tanto, dende o noso grupo, entendendo que era moi necesario poñer en marcha mecanismos e instrumentos para mobilizar terreo agrario, advertiamos que, por moita lei que puideramos escribir, dificilmente podiamos conseguir nada sen o necesario compromiso orzamentario e os medios materiais e persoais que necesitaba a súa posta en funcionamento. Polo que dende o noso grupo pedimos insistentemente durante a ponencia que esta tivese un acompañamento orzamentario que a fixese crible.

Como dicía na ponencia, o noso grupo traballou colaborando co sector agrario e forestal con emendas consensuadas con organizacións como Unións Agrarias, o Sindicato Labrego; con

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

entidades profesionais como os colexios oficiais de enxeñeiros de montes e forestais; coa Asociación de Enxeñeiros Agrónomos, Asiomer, coa cadea da madeira e coa Federación Ecoloxista Galega. Unhas contribucións que, ademais das propias que fixemos dende o Partido Socialista, serviron para mellorar a lei, xa que o mecanismo de aprobación decidido polo Partido Popular non lles dera ás ditas organizacións a capacidade para poder facelo doutro xeito.

Señorías do Partido Popular, hoxe o noso voto de abstención na aprobación definitiva da lei amósase acertado, porque, pese a que traballamos de xeito construtivo na súa elaboración presentando preto de 250 emendas, das que 110, entre as aceptadas, transacionadas e subsumidas, forman parte do texto lexislativo, hoxe vemos que non existe vontade de facela cumprir. Emendas sobre os cambios na investigación da propiedade que poderían ser ilegais sen a aportación do noso grupo. Cuestións como que non so fose a Agader o que se encargase de desenrolar a lei, que tamén estivesen as oficinas agrarias comarcais e os distritos forestais involucrados, incluso a inclusión dun novo instrumento que non existía na proposta inicial e que se engadía aos xa coñecidos bancos de terras, o Banco de Explotacións, os polígonos agroforestais e as aldeas modelo, como son os espazos agrarios de experimentación, un instrumento que se configuraba como espazos destinados á formación e á experimentación de actividades agrarias nos que as persoas mozas ou emprendedoras poidan recibir información e probar o seu modelo de negocio nun contorno favorable, que fomente a innovación, facilite a súa incorporación progresiva ao sector agrario e a transferencia de coñecemento cos obxectivos de facilitar procesos progresivos de novas incorporacións, nomeadamente de persoas mozas ao sector agrario.

E tamén presentabamos emendas para establecer un sistema de control e seguimento da lei, cunhas transaccións para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elaborara un plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria, comunicación de obxectivos, o orzamento, os recursos materiais e humanos, as entidades colaboradoras e a previsión de resultados. Un informe que debera ser publicado na páxina web da Agader e que incluiría, como mínimo, as actuacións do Banco de Terras de Galicia e o Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación e recuperación da terra agraria regulados nesta lei. Ademais, a Agader debería remitirlles cunha periodicidade bianual un informe de avaliación ao Consello de Xestión da Terra Agroforestal, á Comisión de Seguimento e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación de terra agraria.

Tamén acordamos que no prazo dun ano dende a aprobación da lei, na entrada en vigor da dita lei, é dicir, en maio de 2022, e mediante decreto do Consello da Xunta, debería nomearse a comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación de terra agraria e Galicia, unha comisión que tería unha composición plural e contaría coa presenza de expertos e especialistas na materia procedentes do eido universitario, académico ou dos colexios profesionais relacionados co ámbito sectorial. Canalizaría as actuacións realizadas pola Agader en materia de recuperación de terra agraria, coñecería os informes de control da xestión económico-financeira emitidos polos órganos de control externo e interno, e proporía as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas analizando os recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

obxectivos desta lei, así como o seu escenario plurianual. Isto está recollido talmente así na lei.

Pero, como dicía, non é só escribir os instrumentos cos que podemos inmobilizar terra agraria no noso país; pedímoslles hai un ano que para votar a favor da lei, tendo en conta as décadas de abandono, deberían demostrar que esta lei non quedaría só nun papel mollado, pero foron incapaces de comprometerse presentando un acompañamento orzamentario á dita lei, nin os medios materiais nin de persoal necesarios para poder desenvolvela, cun cronograma de actuacións que dese confianza ao noso mundo do campo.

Hoxe os nosos presaxios, que foron expresados na votación da aprobación da lei, foron desgraciadamente acertados, como dicía, xa que a día de hoxe o Goberno galego non está a cumprir coa lei, xusto o mesmo que pasou cos acordos da comisión que se fixeron tras os incendios forestais do ano 2017, unha desconfianza que motivou a nosa abstención hai un ano.

Somos descoñecedores dese plan de acción para o ano 2022, e das actuacións en materia de recuperación agraria da Agader, un plan que debera ser publicado na páxina web deste ente e que, segundo a lei, incluiría como mínimo as actuacións deste Banco de Terras e Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos que están regulados nesta lei.

E, por outra banda, este pasado mes de maio non vimos o decreto do Consello da Xunta no que debera nomearse a Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. E por iso presentamos esta iniciativa, porque, despois de tanto traballo e tanta busca de consenso, señora Candia, señor Armada, esta Cámara deberamos exixirlle ao Goberno galego que informe sobre ambas as cuestións, que por desgraza pasan a ser un incumprimento máis dun Goberno galego que perde moita forza en propaganda institucional pero ten pouca vontade de facer políticas reais que loiten contra o abandono, o despoboamento e o avellentamento do noso rural.

Moita grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Aira Díaz.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente, señorías.

Dende o BNG coincidimos plenamente en que hai unha sucesiva e imparable perda de superficie agraria útil no noso país en favor da forestación e da maleza, acompañada tamén pola perda de gran número de granxas e explotacións. Durante trece anos do Goberno do Partido Popular non lles puxo freo a ningunha das dúas cuestións e pódese presumir que case de xeito voluntario.

Quizais poidamos ter unha visión máis discrepante a respecto de que non se puideran ter feito moitas cousas por frear esta perda de superficie cos elementos normativos que existían;

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o Banco de Terras de Galiza que vostede mencionou era unha ferramenta perfectamente útil que deixou esmorecer de xeito perfectamente consciente o Goberno do PP, os gobernos do PP, e ata onde temos noticias así segue a estas alturas a pesar da lei que hoxe tratamos.

Chegados a este punto, hai que falar do que temos, ou do que parecía que iamos ter, a pesar de que xa advertiamos daquela que esta lei en si mesma non resolvía nada e que as súas bondades dependerían de como fora a súa aplicación.

Estamos ante unha lei complexa, densa, con aspiración de tocar moitos puntos, pero que simplemente só se está a cumprir no relativo a darlle cobertura normativa ás aldeas modelo, que xa viñan de antes, e practicamente só en torno a esta figura se están a desenvolver diversas iniciativas de dixitalización; por exemplo, agora de recuperación de soutos a carón delas. Pero todo isto faise sen aparente planificación e sen avaliación dos seus resultados, nun camiño cara adiante de investimentos millonarios, sen que se saiba nin se queira saber que resultado dan. De feito, o último anuncio da consellería foi que van destinar millón e medio de euros á restauración dos espazos urbanos das aldeas modelo, mediante axudas directas, o cal é novidoso porque sempre foxen das axudas directas, menos neste caso das aldeas modelo. Apostan máis polas aldeas modelo que pola propia lei. Agora mesmo, as aldeas modelo suman 19; o resto de espazos urbanos son polo menos de 30.227 e non merecen sequera facelos transitables e libres de maleza?, pois parece que non, todo o que vai haber vai ir para as aldeas modelo.

Mentres outros aspectos desta lei seguen un ano despois simplemente impresos nun papel, sen que se teñan destinado recursos humanos e económicos suficientes para pular pola recuperación de terra agraria. Será por isto que non ten sentido para vostedes crear a comisión de seguimento; as aldeas modelo, entendemos que non interesa avalialas e o resto está sen desenvolver.

O Banco de Terras segue co mesmo persoal, que, por certo, é o mínimo posible dende hai anos, e, polo tanto, a súa actividade relacionada coa recuperación de terras, desta lei que nos ocupa, ha de ser igual de mínima que viña sendo.

O Banco de Explotacións non está creado e non se fala del en absoluto, mentres temos un plan para as novas incorporacións insatisfactorio, ao que habería que darlle unha volta en profundidade para facelo coherente e casalo coa aspiración real de frear a perda continuada de granxas e explotacións, e tamén para evitar a perda patrimonial que se produce polo abandono destas, máxime daquelas que contan con boas instalacións.

Por outra banda, dos famosos polígonos agroforestais, aínda que publicitan 14, que en teoría recuperarían unhas 4.400 hectáreas a futuro, pero non sabemos para cando nin para que, xa que soamentes aparecen dous acordos publicados no DOG e ambos son soamente polígonos forestais, nada de agrarios.

Parece que este momento histórico ben xustifica o concepto de soberanía alimentaria, ten máis razón de ser que nunca e queda de manifesto o erro estratéxico que supón que as 560.000 hectáreas que producen os insumos que importamos estean externalizadas a miles

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de quilómetros do noso país, tal e como insiste o compañeiro Mini, que hoxe se encontra ausente. Necesítase pois un plan urxente que nos provea de superficie agraria útil, porque é a única maneira de garantir a soberanía alimentaria.

Outro punto tratar ocupa os actores e actoras desta lei, a Agader, o Gantegal, as oficinas agrarias comarcais, os GDR, todos organismos extenuados a respecto da súa dotación de recursos humanos e, tal e como fan co orzamento, que como non o teñen detráenllo a múltiples actividades, todas elas necesarias, pois tal e como fan co orzamento fan co persoal, detráeno tamén doutras actividades, moitas delas imprescindibles.

Temos, polo tanto, unha lei que leva un ano en *stand-by*, nin contamos con persoal que a desenvolva, e respecto do orzamento parece que esta orfandade se quere tapar sacando diñeiro, rascando de aquí e de acolá, cada vez dun lado, tal e como relata na Comisión 7ª moitas veces a directora xeral da Agader e como demostran algunha das iniciativas que levou o Partido Popular a esta comisión. Por exemplo, a última, o transvase orzamentario da submedida 19.3 de cooperación para a xestión de lei de terra agraria, polos GDR, que supón 840.000 euros, que aínda quedan por executar. Que, por certo, é o cen por cento do orzamentado para esta submedida, o cal quere dicir que non se tocou para transvasalo directamente á Lei de recuperación de terras, sen importar que actividades queden prexudicadas.

Como se pode ver, esta lei que entrou no Parlamento pola porta de atrás é unha lei ideal, sen orzamento, sen persoal para aplicala, non se pode pedir máis. Despois de todo o relatado, igual podemos preguntarnos se no momento de presentar esta lei o Partido Popular calculou ben todas as dimensións do que estaban aceptando cando incorporaron as emendas da oposición referidas á planificación e seguimento, nin tiveron en conta a complexidade da posta en marcha da súa lei. E por iso agora parece que non é demasiado interesante nin que a Agader planifique anualmente nin crear esta comisión que ten obriga de remitir informes bianuais de cuestións que neste momento, tal e como relatamos, non se empezaron a facer ou quizá nunca se cheguen a facer.

Moito nos tememos que confiaron demasiado en si mesmas e agora a solución é incumprir a súa propia lei. Temos unha situación global de deslocalización da produción agraria que se suma a unha serie de crises mundiais concatenadas que levan á escaseza de produtos alimentarios e, polo tanto, ao seu encarecemento, fomentado tamén polo incremento inusitado dos carburantes, e isto levounos e levaranos á ausencia de alimentos, de inicio para os nosos animais. Co tempo iremos vendo se nos afecta tamén aos seres humanos ou non.

Ao mesmo tempo, temos un pais con vocación agraria e gandeira que conta coa mínima superficie agraria útil posible, porque vostedes desde o Goberno non apostaron pola nosa propia natureza. É hora de corrixirse porque, como xa dixen, a soberanía alimentaria ten máis sentido que nunca. O noso país precisa un plan urxente para a recuperación da superficie agraria, non hai que demorarse. Teñen a lei, fágana valer, porque están deixando vendidos aqueles galegos e galegas aos que din que representan absolutamente.

Hai que facer investimentos que teñan retorno. Temos superficie agraria útil, en uso, lembrolles o Val de Lemos mesmo, 5.500 hectáreas das que se usan 600 e aínda se anda cun

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proxecto piloto en Ver que non chega ás 200 hectáreas de recuperación. Parece que falta ambición e falta tamén diñeiro.

Esta lei precisa de dotación económica urxente e suficiente, e unha mínima coherencia na súa aplicación, e hai que actuar con seriedade e iso pasa por planificar e facer seguimento. Está ben facer soutos, pero hai que garantir que cando produzan haxa poboación suficiente para recoller os seus froitos, comercializalos e poñelos en valor, e non concellos deshabitados con aldeas modelo restauradas pero baleiras, iso non ten sentido.

Evidentemente, o BNG vai apoiar esta iniciativa porque esta lei está en vigor e un ano e pouco despois está sen desenvolver; e do que se trataría é de desenvolvela, e de facelo rápido e ben, porque hai necesidade dela, de modo que apelaremos a que o Partido Popular xustifique con resultados esta lei. E non nos digan que o BNG votou en contra dela e que agora está a pedir que se aplique, porque lle responderemos que en contra dela votaron vostedes cada un dos anos que gobernaron aquí nos últimos trece, porque deixaron esmorecer o Banco de Terras e permitiron que se perderan centos e miles de explotacións de modo continuado. *(Aplausos.)* Os feitos xustifican plenamente o noso voto negativo daquela. E, por suposto, para aplicala e aplicala ben hai que planificar e avaliar, e facelo de xeito transparente. A cuestión é simple: trátase de que cumpran a súa propia lei, entendemos que lle votarán que si á proposta do señor Seco e que farán o que teñan que facer.

Moitas grazas, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Antes de darlle a palabra a señora Candia, só a título informativo, leva durante a mañá de hoxe, está aquí unha unidade de doazón de sangue do Centro Comunitario de Transfusións. Agradécese a colaboración que se poida prestar en algo que é tan necesario como é o sangue.

Moitas grazas.

E agora ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Desexando que o señor Rivas se recupere pronto.

E vamos entrar en materia. E dígolle antes de nada, señor Seco, que lle agradezo moitísimo esta iniciativa, que lle anuncio ademais que imos votala a favor. E que, se mo permite —non o fixemos vía emenda, pero si quería deixalo da maneira máis explícita posible neste debate— solicitamos a presenza do conselleiro para informar detalladamente na maior brevidade neste Pleno de todas as iniciativas e avances que este instrumento normativo tan necesario, que agora acaba de cumprir pois —como dicían vostedes— un ano

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e un mes, foi publicado o 14 de maio do ano pasado. A min gustaríame que o Bloque Nacionalista Galego tivera —pois non vou dicir tanta paciencia como ten con que se cumpran eses acordos que firma co Partido Socialista— pero unha pouquiña máis de marxe, pois creo que sería coherente tendo en conta a paciencia que vostedes normalmente demostran sempre que piden algo. Naquel caso ademais asinárono, neste caso ata vostede mesma se autoexplicou; pero, é certo, non deixa de ser chocante que pida a urxencia e cumprimento dun instrumento que votou en contra. Así que, se no que vota a favor o firma e saca a foto lle deixa anos e anos e nin sequera lle tira das orellas, no que vote en contra polo menos déixenos traballar e non estorbe. *(Aplausos.)* E non estorbe.

Ben, eu agradézolle, señor Seco, o ton e agradézolle ademais o compromiso e o debate que tivo durante toda a negociación da lei, que se pode dicir ademais que non é unha lei do Partido Popular ou do Grupo Popular, tamén é moito unha lei do Grupo Socialista; e con esa responsabilidade —vostede cuantificouno nas 110 emendas que foron aceptadas, ou transaccionadas ou subsumidas— pois teñen un pedazo moi importante nesa lei. Ben, de feito, cando se aprobaba fixeron valoracións en positivo naquel momento.

Dicía vostede que habería que esperar ás urnas para que esa Lei dos montes veciñais en man común que citaba hoxe —que tanto debatemos onte, que é do ano 89— como atribuía a Touriño o Banco de Terras —e xa, como sabe, ten dobre pais, o Bloque tamén di que é deles, pero sería dos dous, non en van eran un bipartito—. Eu —será a única reflexión que lle faga neste punto— teño que recordarlle que desde esas datas pasaron polas urnas os galegos no 2009, no 2012, no 2016 e no 2020; sinal de que, se seguen esperando, é que algo acertadamente se está facendo. E creo que iso é importante recordalo tamén aquí porque todos coincidimos en que somos moi ruralistas —uns máis que outros, pero máis ou menos cando hai que dicilo todo o mundo di si—, todos coincidimos en que cremos no noso sector primario, que é un sector absolutamente estratéxico na nosa comunidade autónoma, dino pero despois son os primeiros en ser os máis catastrofistas e dicir que todo está abandonado, que non hai explotacións, que todo se está pechando, que todo está mal pero mal. Bueno, en definitiva, eu sempre me nego a que iso sexa a carta de presentación dos grupos que representan os galegos e galegas nesta Cámara porque temos —e insisto, non é mérito de ningún político, é mérito sempre dos nosos traballadores do sector primario, que son profesionais que se están, por suposto, redimensionando e actualizando—, eu sempre digo, poden buscar calquera parroquia agrogandeira en Galicia na que probablemente teñan menos explotacións —iso é certo— pero terán moitísima máis capacidade calquera delas. Eu pódolle dar datos de que unha soa explotación triplica o que había hai uns anos en número de explotacións nesa parroquia.

Ben, dito iso, eu creo que é superimportante para este grupo e para o Goberno galego o clausulado da Lei de recuperación de terra agraria é un contrato, é un contrato que se fixo cos galegos e galegas coa vontade de cumprilo. Diciamos que recuperar é de lei, e non só porque o poña ese instrumento normativo, senón porque creo que é o que temos que facer. É unha lei en positivo, que quere cumprir dous retos importantísimos: recuperar a terra abandonada e, sobre todo, darlle base territorial a aquelas unidades produtivas que a queren traballar; e que, por suposto, se iso se consegue, pois por suposto abordaremos o reto demográfico nunha posición de forza, seguiremos desfrutando deste rural onde máis calidade de vida hai e, por suposto, tamén nos anticiparemos á prevención de incendios.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu vou explicarlle moi brevemente que é o que se fixo ata o de agora e que —insisto— queremos que o faga o propio conselleiro na maior brevidade. Primeiro, cunhas análises previas explicaremos as manifestacións de interese que se abriron para localizar a demanda de terras; e farei unha pequena reflexión tamén sobre a identificación das zonas preferentes e outros estudos con concellos. Abordarei sobre os instrumentos de ordenación e planificación, tanto no mapa de usos como o catálogo de solos; sempre dixemos que aquí cabiamos todos, o que había que estar é ordenados —a todos os usos me refiro— e esta lei dá eses instrumentos. Farei tamén unha puntualización dos instrumentos de mobilización, tanto do Banco de Terras como do Banco de Explotacións, e dos de recuperación aldeas modelo; esa debe ser porque leva o nome de modelo e é no único no que se fixan pero, dende logo, hai moitos máis instrumentos de recuperación, como os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta, así como algunhas axudas que se puxeron en marcha.

Por suposto, diremos como está a Comisión de seguimento. E, se me dá tempo, reflexionarei sobre esa perda de explotacións, coa que non coincido, pero si que mandarei unha mensaxe, porque tamén dunha maneira eu creo que equivocada se leva intentando confundir a poboación de que só se facían aldeas modelo e non concentracións parcelarias, e podemos dicir que estamos preto das 30 concentracións parcelarias decretas ou que están planificadas neste ano 2022.

E en relación ás manifestacións de interese, a Consellería de Medio Rural lanzou unha convocatoria de manifestacións de interese para identificar eses proxectos que poderían ademais contribuír a definir as liñas de actuación. Creo que é moi importante construír e consolidar este instrumento normativo entre todos, especialmente escoitando os sectores que manifestan dunha maneira clara as súas necesidades. Aí identificábase a necesidade de terra agraria; hai que dicir que tivo unha boa acollida con 1.500 solicitudes e para estimar e localizar esa demanda a través desa manifestación de interese de proxectos autonómicos para o Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Presentáronse 1.244 enquisas simplificadas sobre a demanda de terra agraria, e 255 proxectos completos do sector agrario Galego. E, a partir deses datos, nestas propostas puidéronse xeolocalizar 991 solicitudes e máis de 21.000 hectáreas delimitadas xeograficamente. Tamén se traballou cos consellos reguladores para que identificaran posibles localizacións para polígonos de viñedo, e delimitáronse máis de 10.000 hectáreas en función das demandas das 5 denominacións de orixe. Está todo isto dispoñible nos enlaces que están á vosa disposición no visor xeográfico na páxina web da consellería.

En relación ás zonas preferentes para o desenvolvemento dos polígonos forestais, como saben vostedes, priorízase aquelas que estean ou que presenten un estado de abandono superior ao 50 % e cunha superficie mínima de 10 hectáreas —aínda que ese dato pode ser flexibilizado—. Identificáronse máis de 2.094 masas de concentración da reestruturación parcelaria nas que máis da metade da súa superficie presenta un estado de abandono; un dato pois dende logo moi significativo, porque estamos a falar de terreos que xa estaban reestruturados. A partir desa análise, marcáronse zonas preferentes para o desenvolvemento de polígonos agroforestais e, concretamente, 707 masas de concentración ou reestruturación, chegando a abarcar máis de 24.000 hectáreas, tamén publicadas na web. Fixéronse estudos con concellos, concretamente con 45, para levar a cabo as intervencións de recuperación e postas de soutos, así como os plans de pastos, que é tamén unha ferramenta moi demandada que, como saben, aumenta a base territorial e permite abordar cunha maior sostibilidade as explotacións agrarias.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No relativo aos instrumentos de ordenación e planificación, tanto o mapa de usos como o catálogo de solos: no caso do mapa de usos formalizouse o acordo de colaboración co departamento responsable de coordinación, integración e elaboración da información xeográfica e cartográfica de Galicia para, entre outras tarefas, levar a cabo a definición das condicións técnicas da elaboración deste mapa de usos; e, de feito, está publicado no ano 2021 o contrato para a elaboración dese mapa de usos. No catálogo de solos, dende o ano 1991 estase a traballar na elaboración dos primeiros catálogos parciais, e creo que ademais é acertado porque é importante ir dando pasos e os catálogos parciais —que os levamos debatendo moito cando se aprobaba a lei— permítennos non acoutar por rematar antes.

Nos instrumentos de mobilización de terra agraria, coa entrada do Banco de Terras coa entrada da lei, foi necesario adaptar os procedementos de arrendamento —vostedes sábeno—, e mediante a Orde do 19 de abril do 22 —onte dicía a señora Albert que había que falar—, no DOG —citeino— hai moitísimas referencias de todo o traballo que se leva feito con publicacións no DOG. E sabe que houbo un período aberto das solicitudes de arrendamento entre o 1 e o 23 de maio de 2022, e recibíronse un total de 327 solicitudes. Alguén estaba dicindo por aí que o Banco aquí non estaba nin se lle esperaba, nin se estaba facendo nada... Eu, sinceramente, non sei se é que o queren desprestixiar ou é que realmente non se enteran, supoño que será un pouco de todo. Pero, bueno, creo que é moi importante citar esas 327 solicitudes que demandan un claro interese.

Estamos tamén traballando ou está traballando o Goberno no Banco de Explotacións. Desenvolveuse unha aplicación para a incorporación de explotacións que poidan ser postas á disposición de posibles interesados, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

No das aldeas modelo, iso parece que fan seguimento, normalmente non para poñelas en valor, hai declaradas 19 neste momento, 5 delas teñen a súa correspondente posta en marcha no Consello da Xunta do 7 de xuño do 22; e, en total, destas 19 chegan a unha superficie superior a 500 hectáreas.

Nos polígonos agroforestais, como saben, a diferenza das anteriores, non estaban regulados e tivo que ser a Lei de recuperación que nos colle neste momento. Hai 9 polígonos agroforestais que contan xa con acordo de inicio —non os vou citar todos porque non me dá tempo— e, destes 9, 2 en concreto xa contan coa declaración de utilidade pública e interese social publicado no DOG o 3 de marzo do 22.

Na agrupación de xestión conxunta publicouse a Orde o 26 de abril do 22, pola que se desenvolve a tramitación electrónica das solicitudes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ... para o recoñecemento dunha agrupación forestal. Houbo tamén as citadas axudas, que tampouco lles gustaron para a rehabilitación das aldeas modelo. En definitiva, pois en 10 minutos insisto nese compromiso de decretar 30 novas concentracións parcelarias que superarán as 23.000 hectáreas.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Queda moito por facer, moitísimo, pero eu creo que se está na boa dirección. E neste momento hai sectores que o están pasando mal; todos os datos que hoxe citamos aquí —a subida da luz, as materias primas— están facendo as explotacións francamente insostibles e seguimos.

E quería rematar esta exposición demandando o cumprimento da Lei da cadea alimentaria. Un chamamento, por suposto, a ese traballo rápido e áxil para os gandeiros de produción de carne que aínda non teñen as axudas do Estado. E creo que entre todos neste momento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CANDIA LÓPEZ: ... temos que dar tempo a que isto se vaia consolidando. Pero hai un traballo, poderá gustar máis ou menos, poderá pedir que vaiamos máis rápido ou máis lento; pero, dende logo, é indiscutible que hai un gran traballo que ten o noso apoio deste grupo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CANDIA LÓPEZ: ... e que vai seguir nesa dirección.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Precisamente, señora Candia, esa é a preocupación. Eu dubidei —e sábeo vostede— porque o traballo na ponencia foi bo; nós estamos orgullosos do traballo que fixeron todos os grupos parlamentarios nesa ponencia. Eu creo que traballamos ben e fixemos unha lei que eu creo que quedou ben, para o que se exixía a día de hoxe por parte das organizacións agrarias e os produtores de Galicia. Pero fíxese vostede que, xustamente, a cuestión pola que nós votamos unha abstención foi precisamente por iso, porque nos falla sempre saber se o Goberno galego realmente vai tomar a iniciativa e esa lei vai servir para algo, ou simplemente vai ser unha fórmula de propaganda, de quedar ben co sector, para logo deixala afogar sen esa necesaria implementación orzamentaria e tamén de medios materiais e persoais para que se desenvolva ademais de ter un cronograma claro de actuacións. E xa vivimos situacións que sacamos en moitas ocasións, como o que está a suceder coa Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia, a chamada Metaga, que fíxense que foi aprobada no ano 2015 e ía ser a solución das concentracións parcelarias, o señor Feijóo prometeu que se ían finalizar todas na anterior lexislatura, e non se finalizou ningunha. E, fíxese, a día de hoxe, no ano 2022, sete anos despois, aínda nin tan sequera levaron a cabo o seu desenvolvemento con ese regulamento que teñen paralizado e vostedes non saben por que. As propias organiza-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cións de enxeñeiros agrónomos din que non entenden por que está paralizado o dito desenvolvemento.

Ou tamén o que falaba onte a miña compañeira responsable da área de forestal co tema da comisión e das recomendacións que xurdiron da comisión creada pola vaga de lumes do ano 2017. Son múltiples os incumprimentos do Partido Popular nesas recomendacións que foron pactadas co noso grupo e onte incluso ela sacaba a relucir a creación dese consello de montes veciñais, que vostedes non poñen en funcionamento, deben de estar esperando para o ano 2075, a ver se realmente fan unha modificación dunha lei que é necesaria porque data do ano 1989 e, evidentemente, a realidade do ano 1989 non é a realidade do ano 2022.

Ou vostede, que sacaba aquí agora a relucir o tema das axudas que o Goberno central está a dar tanto ao vacún de leite como agora tamén se estableceu ao tema de vacún de carne. E vostedes, tres meses despois de que o Goberno da Xunta de Galicia e o seu presidente en rolda de prensa, despois do Consello da Xunta, prometía fondos propios para axudas aos sectores máis afectados e entre eles para complementar, por exemplo, o da carne de vacún que está inferiormente tratado ao de leite. Ou tamén outros sectores, o cunícola, o avícola, o porcino; ou os sectores agrarios, como o tema da pataca, que tamén sofre a crise que ten todo o planeta con isto da guerra... Vostedes non implementan nin un só euros, cero euros da Xunta de Galicia a día de hoxe e incluso xa se atreven a contestar en comisión que a ver se utilizan fondos Feader. Ou sexa, o que lles dan por un lado aos agricultores e gandeiros, vánllelo quitar polo outro. Fondos propios, señora Candia, iso é o que ten que facer o Partido Popular: poñer fondos propios e cumprir aquilo comprometido, aquilo que se escribe, aquilo que se compromete non pode quedar simplemente en propaganda institucional do Goberno galego. E, neste caso, quero agradecer tanto a un grupo como ao outro que aproben esta iniciativa, porque simplemente o único que trata é de que se cumpra a lei, o establecido, o que escribimos entre os tres grupos e que foi pactado, e que todos estamos de acordo. E cando un vai á páxina da Agader, que eu intento acudir para ver se se está a cumprir, o único que encontro é este plan de actuacións, que é unha páxina..., é un enlace dunha folla de Excel no cal saen catro cuestións pequeniñas sobre catro actuacións xenéricas sen desenvolver con relación á mobilidade de terras, e creo que o plan de acción anual que pactamos tiña que vir claramente establecido coas actuacións, indicación de obxectivos, orzamento, recursos materiais e humanos, e entidades colaboradoras e previsión de resultados. Iso era o que pactamos e, polo tanto, a min paréceme moi ben que vostede agora nos veña aquí dar catro datos que lle dá o Goberno galego, pero isto debía estar establecido nese plan de actuación. É o que pedimos, a elaboración dese consello que ten que facer o seguimento porque é a única vía de ter un grupo de expertos independente para que poida valorar como se está a desenrolar a lei ou se non se está a desenrolar. Eu creo que esa foi unha cuestión que pactamos, da que máis debatemos os tres grupos, conseguimos chegar a un acordo e agora, un ano despois, vemos que nin unha cousa nin a outra. Eses eran fondos dos grandes debates para chegar a acordos.

Non é unha cuestión, señora Candia, de ter mal pensamento do campo galego, nin non estar orgullosos do noso campo e da nosa xente que exerce a agricultura e a gandería, estamos moi orgullosos, pero a realidade dos datos é así, señora Candia: Galicia camiña cara ao abandono, as aldeas quedan sen xente e as explotacións son moitas menos; é certo que son máis

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grandes, pero curiosamente, mentres en toda Europa tamén se reducían pero as explotacións tiñan unha superficie agraria útil axeitada, aquí quedamos igual que estabamos porque non houbo ningún tipo de política de mobilización de terras durante todos os anos de Goberno do señor Fraga e do señor Feijóo. Esa é a realidade.

E, cando os gobernos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego implementaron medidas, vostedes paralizáronas. E resulta que agora se atreven a falar de cuestións que tiveron paralizadas durante moitísimos anos e que non realizaron, señora Candia.

Esa é a realidade. Polo tanto, nós temos confianza no mundo do campo e temos confianza na xente que traballa nel. Pero vostedes, se a teñen, por favor, fagan políticas que guíen esas explotacións agrarias e gandeiras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SECO GARCÍA: ... para que teñan un futuro mellor e sexan competitivas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Engadir dous novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:

«4.- Que exerza as súas competencias, non permitindo a inxerencia por parte do Goberno español, para garantir a aprobación sen máis demoras do Plan Especial de Ordenación do Porto Santo Tomé-Tragove que preserve as actividades produtivas sustentábeis vinculadas ao mar e as infraestruturas consolidadas na trama urbana que non teñen uso portuario. Competencias acordes co que contempla o propio informe da Dirección Xeral de Costas e do Mar, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico,de que os terreos incluídos no Plan Especial de Ordenación do Porto Santo Tomé-Tragove, son bens de dominio público marítimoterrestre transferidos e adscritos á Comunidade Autónoma de Galiza, baixo competencia de Portos de Galiza

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5.- Reclamar do Goberno español a transferencia a Galiza das competencias en materia de costas, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade galega como as de intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega).»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Onte debatiamos unha iniciativa que traía a esta Cámara o Bloque Nacionalista Galego e que pedía transferir as competencias a Galicia sobre a AP-9 e tamén sobre a ordenación do dominio público marítimo-terrestre. A verdade é que onte, escoitando a señora Freire, a voceira do Partido Popular naquel debate, parecía que o Partido Popular era o abandeirado en solicitar transferencias de competencias de cara á Xunta de Galicia e eu recordáballe ao Partido Popular que era moi bo botar tamén a vista atrás para facer unha revisión de cantas competencias tiña conquerido Galicia dende que tomou posesión como presidente da Xunta de Galicia o señor Feijóo ata que deixou a Presidencia da Xunta de Galicia. E xa diciamos e todos somos coñecedores de que se conseguiron cero competencias.

Polo tanto, nós o que pediamos era un pouco de... a ver, ser realistas e saber o que se fixo. Porque ademais hoxe coñeciamos a través dos xornais que o señor Rueda, o actual presidente da Xunta de Galicia, que parece que chegou onte ao Goberno galego, pedía o apoio para pedir a transferencia inmediata da xestión do litoral. E eu pregúntolle ao señor Rueda, que formaba parte dese primeiro Goberno de Núñez Feijóo do ano 2009, que estiveron a facer dende aquela? Porque nós, xa o dicía tamén onte cando presidimos a Xunta de Galicia, o señor Touriño nese catálogo de solicitude de transferencias na que solicitaban 70 competencias, esa competencia sobre a ordenación do dominio público marítimo-terrestre xa ía nese catálogo, e ao Partido Popular non lle gustaba e daquela o único que facía era torpedear esa solicitude de competencia. Despois, cando chegou Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia no ano 2009 nese catálogo de 17 solicitudes de transferencia, que como coñecemos a día de hoxe nin a primeira chegou, pois cando solicitaba esas 17 competencias dende o Grupo Parlamentario do PSdeG apoiabamos esa solicitude.

É certo que nós estamos de acordo, como estabamos antes, en solicitar esa transferencia de competencias, pero hai que ser tamén moi coidadosos e ver o que fixo cada un nestes tempos. E, claro, que agora o señor Rueda pida a transferencia inmediata; e dicir que podería empezar a negociar mañá mesmo esa transferencia de competencias é faltar bastante á verdade.

Porque ademais nós hoxe o que traemos con esta iniciativa é dar unha solución concreta a un problema que se pode dar nun sitio en concreto. Estou a falar do porto de Cambados. Porque a verdade é que eu creo —e isto é unha apreciación un pouco persoal—, que ao Partido Popular lle vén moi ben o tema desta confrontación que está a crear co Goberno central dicindo toda a inseguridade xurídica que se crea por parte do Goberno central coa modificación da Lei de costas, coa aprobación da Lei do cambio climático, porque lle interesa esa confrontación, ese meter medo aos sectores, a fronte que agora fan dúas conselleiras con

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

alcaldes e alcaldesas da súa cor política; pero a verdade é que nós debemos estar aquí e estar nas administracións para intentar solventar e axudar cando se presenten determinados atrancos e problemas ao longo de toda a nosa xeografía.

E é certo que a iniciativa que hoxe trae o Partido Socialista, o PSdeG a debate, vese claramente que non é unha iniciativa partidista. Nós poñémoslles deberes ao Goberno central e tamén á propia Xunta de Galicia. Porque eu creo que, se realmente hai un problema, o que debemos facer todas as administracións, todos os representantes políticos, é apoiar a nosa cadea mar-industria. Porque de verdade que á propia conselleira do Mar se lle enche sempre a boca de dicir que defenden a nosa cadea mar-industria, que a verdade que dá moitísimos postos de traballo, que é algo peculiar e singular da nosa costa, pero despois, en vez de solventar os problemas, en vez de colaborar, en vez de falar, en vez de negociar con outras administracións, estou a falar do Goberno central, o único que fai é crear alarma nun sector e non poñerse a traballar realmente para solventar esta situación. *(Aplausos.)*

Porque, se realmente esa é a vontade da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular, hoxe non terán nin a máis mínima dúbida en apoiar a iniciativa que hoxe traemos a debate.

Por poñernos en situación, a Xunta de Galicia a través do seu ente público Portos de Galicia está a redactar o Plan especial do porto de Cambados. Durante a súa tramitación, e consonte un informe emitido por Costas do Estado..., que, por certo, este informe emitido por Costas do Estado é o mesmo, coas mesmas palabras, coas mesmas comas que o emitido por Costas do Estado no ano 2013. Non é inventado. Este informe do ano 2022 emitido por Costas do Estado é o mesmo que o emitido por Costas do Estado no ano 2013, e non estaba a gobernar Pedro Sánchez daquela.

Polo tanto, este informe emitido por Costas do Estado chegou a xerar a dúbida, ¿non?, con polémica partidista iso si, incluída por parte do Partido Popular de Cambados e da propia Consellería do Mar da Xunta de Galicia, e utilizando ese uso partidista a propia conselleira do Mar creou a dúbida de se poderían chegar a caducar as concesións de tres depuradoras situadas en Tragove.

Nesta ocasión, e a diferenza do que aconteceu no ano 2003 —repito— co mesmo informe de Costas do Estado que o que se emitiu agora, informe do ano 2013, cando o Partido Popular gobernaba en Madrid, o Partido Popular de Cambados ¿que fixo? Agochou ese informe de Costas do ano 2013 nun caixón.

Pero o actual equipo de goberno de Cambados, a diferenza do anterior do ano 2013, púxose a traballar en colaboración, como non podía ser doutro xeito, co sector mar-industria, coas administracións competentes para poder resolver estas eivas, que son a Xunta de Galicia e o Goberno central, de cara a poder continuar con ese plan especial do porto de Cambados e tamén a poder acadar unhas garantías e unha seguridade xurídica —que nós coincidimos en que hai que darlla a esa cadea mar-industria, nunca dixemos o contrario—, reunímonos varias veces coa cadea mar-industria e así tamén nos comprometemos a pedirllo tamén ao Goberno central, é necesario acadar esas garantías e esa seguridade xurídica para que estas industrias tradicionais e estratéxicas poidan continuar dende logo con seguridade e legal-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mente no dominio público marítimo portuario e tamén no dominio público marítimo-terrestre, porque é aí onde deben estar esas instalacións. *(Aplausos.)*

O alcalde de Cambados fixo as xestións pertinentes fronte a Costas do Estado e a verdade é que atopou unha vontade colaboradora por parte da súa directora xeral, que lle explicou as solucións para poder continuar coa tramitación deste plan, transmitindo tamén que as concesións das depuradoras, destas tres depuradoras, non corrían perigo, pero que no borrador que enviara Portos de Galicia e que lle enviaran ao Departamento de Costas debían ser corrixidas unha serie de consideracións técnicas do mesmo, así como que tamén a propia Xunta de Galicia, o propio Portos de Galicia debía xustificar —e aí esa é a axuda que se lle pide tamén á Comunidade Autónoma—, debía xustificar a necesidade de que esas industrias teñan que permanecer onde están actualmente debido, dende logo, á súa vinculación co mar.

A cadea mar-industria, a Corporación Local de Cambados e este grupo parlamentario tamén cren que é necesario que por parte de Costas do Estado —pedímoslle tamén ao Goberno central nós— se emita un informe para que ese compromiso quede reflectido por escrito, e no que se fixe ese criterio e condicións claras que garantan a continuidade destas instalacións en dominio público marítimo-terrestre. Polo tanto, iso é competencia do Goberno central e ten que emitir ese informe e que lle dea seguridade xurídica a estas instalacións da cadea mar-industria.

Pero non podemos escorrer o vulto de que tamén a Xunta de Galicia ten competencias para solventar estes problemas que se poidan dar no porto de Cambados. Por un lado, debe seguir coa redacción do Plan especial do porto, porque é competencia de Portos de Galicia, mediante unha rectificación das deficiencias técnicas que foron detectadas nese borrador de plan emitido a Madrid e que foron así ademais indicadas polo propio informe de Costas dicíndolle ademais como debían de solventar esas eivas. E, ademais o que dicía, a Xunta debe xustificar á súa vez a necesidade da erradicación desas industrias no emprazamento actual no que se atopan dentro do dominio público marítimo portuario. Porque, claro, a conselleira, cando vai a estes portos, din que o Goberno central quere quitar estas depuradoras, estas instalacións da zona onde están instaladas. E nós cremos que deben quedar aquí. E nós tamén, este Grupo Parlamentario do PSdG, cre que esas depuradoras teñen que estar aí, é o seu sitio, non poden estar noutro. Pero, a Xunta de Galicia, máis alá de falar, tamén debe de pedilo por escrito e dicir que necesitan seguir radicando onde están a día de hoxe, e a día de hoxe iso non foi feito por parte da Xunta de Galicia.

E, por outro lado, a Xunta de Galicia debe iniciar e axilizar a desafectación dos terreos que xa non teñen actividade portuaria, é que isto xa nos soa a vello. Cantas e cantas veces temos falado na Comisión de Pesca da necesidade de que por parte da Xunta de Galicia, por parte de Portos de Galicia, se desafecten e se ceda esa titularidade dos terreos aos concellos, esa titularidade, que xa é, son terreos urbanos, que xa non teñen unha actividade portuaria. Pois é o momento, máis aló de que firmamos, de que apoian iniciativas que traemos dende o Grupo do PSdG, pero despois Portos de Galicia nin axiliza nin fai nada para desafectar eses terreos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: E remato, presidente.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, debe desafectar e axilizar a desafectación deses terreos que xa non teñen actividade portuaria en Cambados, que teñen unhas características, como dicía, totalmente urbanas, para que pasen a titularidade municipal, algo que xa foi solicitado hai máis de seis anos, e a Xunta de Galicia aínda non fixo nada.

Polo tanto, aí sabemos que é onde están ubicados centros de saúde, estación de autobuses, prazas de abastos que xa non teñen un uso portuario, e que o único que está a facer Portos de Galicia con isto é recadar, recadar, recadar pero non fai nada máis. Polo tanto é o momento de que se poñan xa a traballar. Polo tanto, a iniciativa que hoxe traemos, dous puntos destinados á Xunta de Galicia pero tamén un punto destinado ao Goberno central. Polo tanto, cremos que non hai impedimento para que saia aprobado por unanimidade.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Agora saudamos os alumnos de primeiro da ESO do colexio Hijas de Cristo Rey de Oleiros, A Coruña. Neste caso é o segundo grupo que nos acompañan, antes estivo o primeiro. E tamén os profesores que están con eles. Benvidos ao Parlamento.

Ten a palabra agora polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

E tamén moi bo día ao alumnado de Oleiros, saudámosvos.

Hoxe trae aquí o Partido Socialista unha iniciativa, o BNG a semana pasada preguntou na Comisión 8ª á directora de Portos sobre esta cuestión, a respecto do que está acontecendo coa tramitación do Plan especial de ordenación do porto de Santo Tomé de Tragove, o porto de Cambados. Un plan especial que leva oito anos por aí deambulando, que non se dá aprobado e que esa non aprobación pois ten sobre todo consecuencias negativas para a veciñanza de Cambados, polo que significa que cuestións tan importantes como unha praza de abastos en condicións non se poidan levar adiante en tanto non se aproba este informe. E dígoo porque é o inicio do que hoxe imos debater aquí. Un plan especial necesario para poder levar a cabo esa remodelación da praza de abastos, unha cuestión que o Partido Popular mentres estivo no Goberno de Cambados parece que xa estaba solucionado; de feito había un convenio asinado, evidentemente, con luz e taquígrafos, no sentido de rolda de prensa, Ana Pastor como ministra, conselleiros, alcalde de Cambados, onde xa estaban incluso aprobadas as subvencións, as cantidades que ía aportar o ministerio, que ía aportar a consellería, porque practicamente toda a veciñanza de Cambados viamos como xa tiñamos a praza de abastos practicamente remozada. Claro, isto foi no ano 2014. Estamos roldando o ano 2022 —dígoo por se alguén perdeu algún capítulo polo medio— e seguimos a voltas co Plan especial de ordenación do porto de Cambados.

E nesa tramitación, efectivamente, é preceptivo pedir informe a Costas do Estado. E Costas do Estado emite un informe e que fai saltar a preocupación e as alarmas polo que pode su-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

poñer no ámbito social e económico do concello de Cambados, tanto para o sector mar-industria, máis tamén para a veciñanza. Saltan unhas alarmas que ¿son xustificadas?, no BNG cremos que si. Cremos que si porque en Galiza a costa non é lecer, en Galicia a costa non é Marbella, nin Torremolinos, onde o problema é a especulación urbanística de construír á beira do mar. En Galiza a costa é lecer, pero en Galiza fundamentalmente o noso mar é actividade económica, da que viven miles de galegos e galegas, e moitos máis que puideran vivir cunhas políticas axeitadas. E, evidentemente, informes como este fan saltar as alarmas porque máis dunha vez significa que desde Madrid o coñecemento da nosa realidade non é moito, pero non é que non o teñan, é que non o queren ter, e ademais é que non lles importa. E este informe o que fai é poñer en cuestión que, ao remate do período de concesión de cuestións e infraestruturas fundamentais en Cambados, non poida seguir nesa ubicación. ¿De que estamos falando? De tres depuradoras que están no porto de Tragove, estamos a falar da praza de abastos, estamos a falar do centro de saúde, estamos a falar da estación de autobuses; é dicir, cuestións moi relevantes.

Establece que os terreos incluídos neste plan especial, obxecto de informe, están transferidos e adscritos á Comunidade Autónoma de Galiza, baixo, polo tanto, competencia de Portos, baixo competencia da Xunta de Galiza. Polo tanto, parece que, se están adscritos, transferidos, que hai unha invasión de competencias.

Este informe tamén pon en evidencia outra cuestión: como PSOE e PP practican algo que levan facendo sistematicamente, dicir unha cousa aquí, dicirlle unha cousa á veciñanza e logo votar outra en Madrid cando toca. Porque parte deste problema vén da aprobación do artigo, en principio 18 que logo quedou no 20, da Lei de cambio climático onde se introducía pola porta de atrás un artigo que poñía prazo a estas concesións, e unha serie de cuestións.

Tamén a aquela altura, PP e PSOE dixéronlle ao sector mar-industria, á veciñanza, aos alcaldes, prometeron que ían conseguir cambiar isto en Madrid, que se ían mobilizar e que isto non podía quedar deste xeito. Mais a realidade é que nin uns nin outros fixeron nada parecido.

O BNG dende o minuto cero púxose a traballar nesta cuestión, demandou a eliminación deste artigo, presentou emendas para a eliminación deste artigo, presentou logo transaccións para que non quedara este artigo nos termos en que quedou, que consideramos que non é acaído para as necesidades de Galiza; e o PSOE perdeu a oportunidade de rectificar, de non seguir adiante cunha lexislación que non ten en conta as características de Galiza; e o Partido Popular, que tivo oportunidade de sumarse e votar a favor da emenda do BNG ao longo da transacción para que non quedara este artigo nestes termos, pesoulle moitísimo máis, como todos sabemos, os intereses de Ence, porque era o seu único obxectivo e non votou a favor desta emenda. *(Aplausos.)*

Dígoo porque ás veces parece que nos despistamos de cal é a cuestión. Tamén pois pon evidentemente en evidencia as consecuencias de ter unha lexislación centralista, uniformizadora que cren que os 1.700 quilómetros de costa de Galicia que, por certo, é sorprendente que agora a Xunta de Galiza e a televisión galega estean dicindo é que Galiza é a comunidade do Estado que ten máis quilómetros de costa, iso ten que terse en consideración. Menos mal,

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

imos avanzando, progresamos adecuadamente, de que xa sexan conscientes de que en Galiza o mar é algo fundamental.

Tamén pon en evidencia o diferente trato porque, en tanto isto está acontecendo con este informe de costas do Estado a respecto do plan especial do porto de Cambados, resulta que ao mesmo tempo está autorizando a construción dun centro de saúde en terreos portuarios tamén en Vilagarcía, cousas sorprendentes. Di que cando acabe a concesión non pode seguir alí, e resulta que ao mesmo tempo se está dando unha autorización para facer o de Vilagarcía. Bueno, curiosidades que ten a vida.

Trae tamén de novo este informe a colación o que o BNG leva poñendo encima da mesa desde hai moito tempo, que puxemos durante a tramitación de Lei de portos e que logo trouxemos en iniciativas a este Parlamento, que é: como é posible cos espazos urbanos, inseridos na trama urbana, como é o caso de Cambados, onde a parte fundamental da vida lúdica da veciñanza, como é o paseo da Calzada, como é a nave de Peña, como é toda esa zona onde está o centro de saúde, a praza de abastos e demais, siga estando incluída como terreo portuario, cando está totalmente inserida na trama urbana e, ademais, non ten ningunha actividade relacionada con Portos. Levamos demando que isto se solucione; o BNG demandouno ao Concello de Cambados cando estabamos na oposición, demandámolo e levámolo ao pleno no ano 2016 estando no Goberno, aprobouse por unanimidade. Primeiro o PP votara en contra, logo votou a favor, aprobouse por unanimidade, mais os papeis xa sabemos, non sabemos por que non se dan desafectado eses terreos para que, sendo o concello quen se encarga dese mantemento, pois teña a xurisdición, por así dicilo, sobre iso, e ademais, deixen de sablear —porque hai que dicilo así— descaradamente a veciñanza de Cambados coas taxas abusivas que Portos de Galiza cobra por calquera actuación que fai, desde o mercado que se fai mércores e sábados pola celebración da Festa do Albariño, pola celebración de calquera actividade no pasado da Calzada e podemos un suma e sigue. Entón, pois tampouco sabemos por que isto non dá pasado.

Bueno, pois neste contexto resulta que de repente o Partido Popular caeu do cabalo camiño de Damasco e deuse conta de que nas competencias está a clave, en ter competencias na xestión do litoral está a clave. Palabra de orde e a partir de aí empezamos a actuar, e empezamos a actuar e o presidente da Xunta empeza a ocuparse desta cuestión. Ese traspaso debera realizarse canto antes, a habilitación legal existe, hai que facelo xa. Ségueo o vicepresidente primeiro tamén: son precisas competencias, hai unha falta de coñecemento da nosa costa en Madrid —descubrimento onde os haxa—, que nos transmitan as competencias para ter o noso propio modelo de ordenación do territorio —Francisco Conde *dixit*, non foi esta deputada do BNG—. Segue a conselleira do Mar, que di que o problema que supón para Galiza estar a expensas do que decidan desde Madrid sobre o noso litoral é nefasto —descubrimento astronómico—. Séguea a conselleira de Medio Ambiente, todo isto nunhas escenificacións por Portos, moi preocupados pola situación; e a conselleira de medio Ambiente nos mesmos termos: Temos recoñecidas estas competencias no Estatuto de Autonomía, xa o teñen Andalucía e Cataluña; están tramitándoo Canarias e o país Vasco, e a nós non nolo dan —di a conselleira de Medio Ambiente—. E logo, a presidenta de Portos na comisión da pasada semana pois tamén dixo: isto é unha intromisión nas competencias transferidas ás comunidades, esta actitude é unha incidencia total nas competencias, non imos permitilo.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sinceramente, señoras e señores deputados do Partido Popular, isto é unha tomadura de pelo, porque todo isto que estou dicindo a pregunta, claro, é se resulta que o Partido Popular de Galiza se converteron en radicais nacionalistas de repente, porque, claro, mira que non leva veces, non leva toda a súa vida o BNG dicindo estas cuestións que son de perogrullo, que para abordar os problemas que ten Galiza son necesarias soberanía e competencias. *(Aplausos.)* Pero parece que se deron conta, por fin, o Partido Popular de que esta é a solución, a clave está aí. Pois desgraciadamente temo que non, que é pura demagoxia, son manobras de distracción porque en trece anos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... volvemos a dicirllo, cero competencias. Agora é moi urxente, de palabra; cero competencias, e votando en contra todas as veces que se trouxo aquí por parte do BNG transferencias, xa non digo noutras cousas, senón en materia de mar: salvamento, en todo... Votando en contra e resulta que agora o Partido Popular a clave está nas competencias. Efectivamente, a clave está en ter competencias, pero de verdade. Por iso presentamos unha emenda, imos apoiar igual a iniciativa do Partido Socialista, pero parécenos que hai que complementala, e solicitamos as competencias porque o que trouxo aquí o Partido Popular de momento foi pedir unha mesa para ver que pasa, igual que, señora deputada do Partido Socialista, o BNG considera que ter boa vontade é importante, pero...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... máis importante é ter competencias, non te que pedir esa boa vontade, que polo xeral nunca a hai con Galiza, o que hai é que ter dereitos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben. Bos días, señorías.

Grazas, presidente.

Bos días tamén aos alumnos de Oleiros. Benvidos ao Parlamento.

Ben, debatemos hoxe unha iniciativa que nos dá pé para tratar, efectivamente, a cuestión de extrema de importancia para a Comunidade Autónoma de Galicia, para o sector pesqueiro, para a cadea mar-industria, para o propio porto de Cambados e para a maioría dos portos de Galicia. Pero iso ten tamén uns antecedentes dos que falarei, uns antecedentes inmediatos; ten un contexto no que nos atopamos agora, que é diferente ao que nos atopabamos no 2013, e ten un caso concreto —como digo— que é a iniciativa relativa a un porto concreto, que é o de Tragove, en Cambados.

En canto aos antecedentes inmediatos, hai feitos, hai datas, hai accións que —como digo— modifican un pouco os tempos cando falamos do ano 2013, cando falamos da redacción dun

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plan especial. Eu creo que aquí temos que entoar todos un pouco o *mea culpa* nos PXOM, nos plans especiais, nos DEUP...; é dicir, calquera alcalde ou alcaldesa de calquera cor política, calquera Goberno autonómico nestes casos é certo que a tramitación sempre é moi tediosa e moi longa no tempo para o que é o ritmo de vida actual. Iso é certo para todos os veciños e ás veces non se comprende.

¿Os antecedentes? O 19 de marzo de 2019 —non hai moitos anos— publicouse o Proxecto de real decreto que modificaría o Regulamento xeral de costas. E nel establecíanse, entre outros puntos, as condicións, a duración e o custo das concesións concedidas no dominio público marítimo-terrestre; e que, polo tanto, serían aplicables a todas as empresas que requirisen de ocupación no litoral. Ao mes seguinte, en abril de 2019, a Xunta de Galicia —para que digan vostedes que non traballa, eu xa lles digo aquí que si que traballou— advertía da perigosa modificación sobre a Lei de costas na que estaba a traballar o Goberno de Pedro Sánchez dun modo moi pouco transparente.

Primeira advertencia, naquel momento dicían os grupos da oposición que a Xunta era alarmista, que só quería entrar en conflito e que non era certo o que dicía. Co tempo, a Xunta parece que tiña razón, a oposición foi mudando de parecer e os afectados mobilizáronse pola gravidade das consecuencias desas modificacións, afectados que nada tiñan que ver cos partidos políticos. Modificacións tales como limitar o prazo máximo de duración das concesións das empresas, previsión dos requisitos para outorgar a concesión cando se teña que decidir sobre esa prórroga, e derivar fóra da zona de dominio público marítimo-terrestre as actividades que se poidan desenvolver noutro lugar. E o outro día un voceiro do Bloque Nacionalista Galego dixo que si, que todas as actividades que non precisaran o mar para traballar pois podían moverse sen ningún tipo de problema; escoitámolo aquí e creo que iso é moi grave, porque iso sería pechar case o 100 % das vilas costeiras galegas.

Ben, máis adiante atopámonos coa «trampa» —abro aspas— de modificar a Lei de costas a través da Lei de cambio climático, ante a que a Xunta presentou un recurso de inconstitucionalidade. Tamén a señora Otero di que a Xunta non escribe nada, que todo son palabras... Bueno, un recurso de inconstitucionalidade porque foi imposible obter diálogo co Goberno de Sánchez, co Goberno central, para explicarlle ben o problema de gravidade que tiñamos con esta modificación na Lei de costas a través da Lei de cambio climático. Ben, ignorouse a Galicia e séguese a ignorar a Galicia; polo tanto, non sería pola insistencia da Xunta de Galicia e pola insistencia deste grupo parlamentario.

A Xunta foi clara, defendeu e solicitou que se mantivese o principio de seguridade xurídica, un escenario claro e preciso para todas esas construcións e instalacións que están na costa. A día de hoxe, en xuño de 2022, aínda non se aprobou ese Regulamento e vostedes, por parte do Partido Socialista, veñen coa petición nesta iniciativa de seguridade xurídica. A nós parécenos ben, benvidos á petición de seguridade xurídica, pero precisamente os que están poñendo en solfa esa seguridade, os que están plantexando que non haxa seguridade é o propio Partido Socialista coas decisións do Goberno central.

O contexto actual xa presente, pois ademais do calvario vivido estes últimos tres anos sen que o Goberno de Sánchez aínda dera ningunha explicación nin quixera reaccionar, atopá-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

monos agora cun Plan estratéxico nacional da costa, Plan estratéxico nacional da costa, insisto. Aemais, a palabra nacional abarca todo o litoral de España como se fose igual a parte atlántica como a parte mediterránea; como xa se dixo aquí, non é igual. Polo tanto, ese Plan nacional estratéxico da costa é un plan que neste caso afecta directamente no litoral a millóns de edificacións en toda a Galicia costeira, ao emprego, á industria, ás escolas, ás edares, etc. E hoxe vén nun medio de comunicación —ademais moi ben especificado con número— todas as edificacións ás que afecta. É dicir, nega a nosa forma de vida, este Plan especial da costa nega a forma de vivir nas vilas costeiras de Galicia, e nega moitísimas actividades poñendo en perigo ademais postos de traballo.

E por esta razón, unha vez máis, a Xunta reclama a transferencia da competencia da xestión da costa, a transferencia do dominio público marítimo-terrestre, a súa xestión. E, polo tanto, non é algo novo; parécelles a vostedes que nós acabamos de dicir isto cando realmente xa o fixo no ano 2009. E reclámase esta xestión porque falamos —e sábeno ben— de espazos nos que se ten unha especial vinculación con materias que son ademais xa actualmente competencia deste Goberno autonómico, como poden ser a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa. Ademais, a nós asústanos moito este plan nacional porque é certo que, ademais, mestura o dominio público marítimo-terrestre co dominio de portos e coas competencias que poden ter os propios portos en Galicia. Polo tanto, creo que aí aínda temos que centrarnos máis e ler moi ben a letra pequena, porque realmente non só coa modificación da Lei de costas e a Lei de cambio climático, senón con este plan, aínda por riba, creo que se complica bastante máis a situación. E, ben, segundo o Instituto de Estudos do Territorio —como digo—, son 3.930 inmobles aos que afectaría este plan.

Esta petición de transferencia de competencia foi cursada novamente no ano 2021, unha reivindicación que se sitúa dentro do marco que establece a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, e, polo tanto, debemos deixar clara unha cousa importante: non se reclama a propiedade de terreos, reclámase a xestión dos mesmos; e dígoo porque xa teño escoitado nalgún debate, nalgunha declaración, confusión nestes dous termos. O que se está reclamando é a transferencia de competencias para a xestión dos terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Coa xestión da costa conseguiriamos reducir problemas administrativos, duplicidade; poderiamos realizar unha xestión de proximidade do noso territorio, do que temos coñecemento máis detallado do que ten a Administración central que —como digo— quere pechar directamente Galicia. É que lexisla e ademais, creo que toma decisións totalmente de costas a Galicia. E, para que saiban ou para lembrar —como xa dixo ademais a voceira do Bloque Nacionalista Galego—, Cataluña ten traspasadas competencias dende o ano 2008 e Andalucía dende o ano 2011, non tanto tempo. ¿E por que Galicia non ten traspasadas as competencias? ¿Por que Galicia non o ten? Vale, e non vale a escusa do Estatuto de autonomía, porque por aí algunha representante socialista xa dixo que iso era imposible, que iso non se podía facer porque en Galicia non o permitía. Pero hai unha Sentenza do Tribunal Constitucional que vostedes coñecen respecto do Estatuto de autonomía na que se recolle que o outorgamento da transferencia desas competencias non depende do que se redacte no Estatuto. Ademais, podería haber interpretacións e pódese facer sempre a interpretación restritiva para non ce-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

derlle as competencias. Polo tanto, non hai escusas, segue a discriminación por parte do Goberno de Sánchez a Galicia, e neste caso ademais estamos con todas as alarmas acendidas e nun momento de moita gravidade.

Polo tanto, neste contexto, con este panorama chega esta PNL enmarcada en Cambados e enmarcada no porto de Tragove —como dixo tamén a voceira do Bloque Nacionalista Galego—, sobre a que se fixo tamén unha pregunta; e plantexa ademais o propio Partido Socialista, que goberna en Madrid no Goberno de España, e que tamén ostenta a alcaldía de Cambados. Mire, sobre Cambados, xa se falou disto, Costas do Estado emitiu en abril un informe negativo que pon en cuestión o Plan especial do porto de Tragove, o que supón poñer en cuestión a continuidade de 3 depuradoras e de 300 postos de traballo —xa por sentarnos só en Cambados—; e a construción, por certo, da praza de abastos. Alégrome de que diga que a señora Pastor xa estaba alí case para construír os futuros inmobles e a propia praza en Cambados, señora Prado, porque agora o Goberno de Sánchez esquece a Galicia; pero unha ministra do Partido Popular si que estaba aí para cumprir cos seus compromisos.

Ben, ese informe do que falo semella un novo ataque ao complexo mar-industria de Galicia, pois parece que invade competencias da comunidade dunha maneira ademais moi desleal e moi inaceptable. Un informe que nada ten que ver ademais co emitido no ano 2013 porque estamos noutro contexto, porque era redactado para a aprobación de usos portuarios, e daquela mantivéronse os usos preexistentes e aprobouse o DEU de Cambados. ¿Que pasa agora, señora Otero? Pasaron cousas, porque de 2013 a 2022 pasaron cousas. A primeira, aprobouse a Lei de portos de Galicia e, polo tanto, ese novo informe vai en contra desa lei e invade xa unhas competencias que nós temos aprobadas neste Parlamento por unha nova lei. Polo tanto, do 13 ao 22 hai diferenzas.

Outra cousa. Portos de Galicia e a Xunta xa traballan dende hai tempo e dende hai xa máis de 4-5 anos coa vontade de dar máxima seguridade xurídica ás instalacións asentadas en terreos portuarios, ante a alarma da que falei ao comezar a miña intervención. Polo tanto, aí tamén se teñen dado pasos que no 2013 aínda..., é que nin existían, esa alarma non a tiñamos enriba da mesa e agora están todas acendidas porque de verdade que pechan vostedes Galicia, pechan vostedes toda a costa galega con todo o que queren lexislar.

En canto á desafección de terreos por parte de Portos de Galicia, a Xunta xa está a dar os pasos pertinentes desde o primeiro momento para acelerar o proceso. Saberán vostedes que teñen que reverter a Costas e despois será a decisión do propio Estado de aceptar ou non esa reversión e entregarllos despois ao Concello. Pero estamos niso e ademais aprobamos no Parlamento o día 16 de novembro de 2021 na Comisión 8ª por unanimidade unha iniciativa na que se pedía e se solicitaba esa reversión. Polo tanto, non hai dúbida de que teñen o noso apoio.

En resumo, e como vén sendo habitual, estamos ante un novo ataque a Galicia do Goberno central, por moito que vostedes queiran desdebuxalo agora co tema de Cambados e queiran darlle outro ton...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ... agora con esta PNL, señora Otero.

E si vou falar —señor presidente, xa termino— do posicionamento en canto á votación. Nós os puntos 2 e 3 apoiariámolos sen problemas, porque ademais cremos que é o que levamos falando e debatendo moito tempo. O punto 1 entra en contradición absoluta co punto 3; polo tanto, señora Otero, nós cremos que o punto 1 o único que quere é terxiversar e intentar ocultar ese informe do que falamos, e intentar —bueno— pois lavarlle a cara ao Goberno de España. Bandazos, que ataca creo que ademais este Goberno sen piedade os portos e a costa galega. Polo tanto, o 2 e o 3 apoiariámolos, e, aínda que vostede admita a emenda do Bloque Nacionalista Galego, seguiriamos votando a favor porque eses dous puntos que vostede propón engadir tamén estamos dispostos a apoialos. Polo tanto, o punto 1 non ten ningún sentido, porque é lavar a cara o Partido Socialista de Galicia de cara ao Partido Socialista de España.

Polo tanto —remato—, o sector do mar, en particular, e en Galicia, en xeral, atópase ante un problema real; nada de especulacións, son advertencias que vemos por escrito en informes, en plans, en proxectos de lei do Goberno de Sánchez e que escoitamos nas declaracións dalgúns ministros e ministras.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

A verdade é que, señora Egerique, co seu posicionamento de voto, a verdade, é que me deixou un pouco abraiada. Porque é certo que esta iniciativa, que é referida ao porto de Cambados, un plan especial que se está a elaborar por parte de Portos de Galicia relativo ao porto de Cambados, dá xogo para falar de moitos máis temas, como estivemos a falar dese traspaso de competencias de ordenación do litoral que agora queren que sexa xa dunha forma inminente por parte do Partido Popular. Pero o certo é que a iniciativa vai sobre dar unha solución a esa inseguridade xurídica que parece crearse con ese informe de Costas emitido polo Goberno central. Pero é que vostedes opóñense a votar algo que debe facer a Xunta de Galicia tamén para dotar a cadea mar-industria dunha seguridade xurídica que tanto din buscar, porque vou ler o punto primeiro no que non está de acordo o Partido Popular: que «o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a que siga a adiante coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, que é competencia da Xunta de Galicia, mediante a rectificación das deficiencias técnicas detectadas e sinaladas no propio Informe de Costas do Estado, xustificando...» —iso que din vostedes tanto defender— «... á súa vez a necesidade da radicación desas industrias no emprazamento actual no que se atopan dentro do dominio público marítimo portuario». E, señora Egerique, van votar ou non van apoiar este primeiro punto, que é o que dotaría da maior seguridade xurídica esas empresas. Porque o que está dicindo

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o Informe de Costas é: díganme desde Galicia —que, dende logo, somos os que mellor coñecemos o noso litoral, que ten esas peculiaridades—... polo cal, nós claro que estamos de acordo coa iniciativa que trouxo a debate o Bloque Nacionalista Galego para pedir esas transferencias de competencia sobre a ordenación do noso litoral. Porque temos unhas peculiaridades —como dixo a señora Prado aquí— que sobre todo da cadea mar-industria, desas instalacións, non tanto de edificacións como noutros sitios, senón desas empresas que dan tanto traballo aos galegos e ás galegas.

Polo tanto, claro que estamos de acordo con esa transferencia desas competencias. Pero o que estamos a falar agora do porto de Cambados é algo que pode facer a Xunta de Galicia para darlle esa seguridade xurídica; non, agora o Grupo Parlamentario Popular négase a pedirlle á Xunta de Galicia que modifique ese borrador que ten unhas eivas, esas eivas que lle foron detectadas dende Costas do Estado, e que ademais diga que realmente esas depuradoras, sobre todo esas depuradoras, teñen que seguir instaladas aí no dominio público marítimo-terrestre porque é a súa ubicación. Aí concordamos todos, eu creo que os tres grupos parlamentarios estamos de acordo con que esas depuradoras teñen que estar aí e non ir para outra zona. Pero, bueno, o que vemos é que o Partido Popular quere poñerlle deberes, si, ao Goberno central pero non á Xunta de Galicia.

E despois si que están de acordo no tema da desafectación dos terreos por parte de Portos de Galicia para transferírllelo aos concellos, eses terreos que xa non teñen uso portuario. Dicía a señora Egerique «que estamos traballando niso», basicamente foi o que dixo, que aprobaramos tamén unha iniciativa por unanimidade no ano 2021, pero é que, mire, a Corporación de Cambados solicitou esta desafectación de terreos hai máis de seis anos, estamos a falar do ano 2016. ¿E que fixo a Xunta de Galicia para desafectar estes terreos? A Xunta de Galicia non fixo nada —iso xa llo digo eu—, Portos de Galicia non fixo nada. O único que fixo foi o Grupo Parlamentario Popular lavar un pouquiño a cara e aprobar unha iniciativa que traïamos os grupos da oposición. Porque a Xunta de Galicia, que é realmente a que ten as competencias, non fixo nada.

Pero, mire, dicía a señora Egerique: «é que mudaron moitas cousas dende o ano 2013 ao ano 2022». Si, basicamente que ademais a Corporación, o Partido Popular xa non está a gobernar en Cambados, hai un alcalde socialista que, a diferenza do que fixo o alcalde no 2013, ante ese informe de Costas, que —repito— é o mesmo informe, o emitido no ano 2022, que o informe emitido por Costas no ano 2013, en vez de agochalo nun caixón, o que fixo o alcalde socialista de Cambados agora é poñerse a traballar e buscar unha solución: falar coa Xunta, falar co Goberno central, falar coa cadea mar-industria *(Aplausos.)* e darlle esa seguridade xurídica que tanto están a reclamar. Esa é a diferenza, señora Egerique.

E incluso vostede chegou a dicir que algunha voceira do PSdeG tiña dito que apoiaba a tese do Goberno central de que non se podían transferir as competencias de ordenación do dominio público marítimo-terrestre sen modificar o Estatuto de Autonomía. Eu precisamente creo que onte quedou moi clariño que a opinión do PSdeG é distinta. Cremos que hai marxe para poder transferir esa competencia sen necesidade de modificar a norma estatutaria, cremos que un acordo bilateral co propio Goberno central pode dar lugar a esa transferencia de competencias.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe o que queriamos era buscar unha solución a un problema puntual que está xerado nun sitio da costa da nosa comunidade autónoma, como é o porto de Cambados, e nesa elaboración dese plan especial do porto de Cambados, que —repito— é competencia de Portos de Galicia, esa elaboración é competencia de Portos de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ... estáselle a dicir por parte do Goberno central cales son as posibles solucións. Son dúas: que modifiquen esas eivas e que, por outra parte, xustifiquen a necesidade de que sigan radicando esas depuradoras onde están a día de hoxe. Pero parece que o Partido Popular non está moito polo labor.

E non iamos aceptar a emenda do grupo do BNG, que, aínda que esteamos de acordo, é un tema que se tratou onte na iniciativa que trouxo a debate o propio Bloque Nacionalista Galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ... na transferencia das competencias e hoxe queremos centralo no porto de Cambados.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Bo día, ou mediodía xa, a todas e a todos.

Imos falar de dúas cousas das que case nunca falamos, que hai moitísimo que non falamos, que é de precariedade laboral no Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais e mais das deficiencias da política de prevención levada a cabo pola Consellería do Medio Rural.

E, fíxense, antonte foi 13 de xuño, San Antón, festa na miña terra. A Xunta ese día anunciou que destinaba 100.000 euros ao acondicionamento do Centro de Coordinación Provincial e de Distrito do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Ourense, para dotar os profesionais dos mellores medios tecnolóxicos para facer fronte ao lume —cito literalmente—. Anuncian cada día fotos de novas pistas, de aldeas modelo, é dicir, propaganda, propaganda, propaganda; iso témolo todos os días. E, no entanto temos esta propaganda,

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿como está de verdade o servizo? Pois vóullelo dicir. Mentres temos esta propaganda, tivemos que agardar ao día 2 de xuño para que a Xunta aprobase o Pladiga para este ano; mentres fan esta propaganda, as brigadas están sen persoal, tiñamos ata onte mesmo brigadas de seis e nove meses de duración con 2 e ata 3 persoas formando esas brigadas; aínda hoxe mesmo, este día, está entrando persoal para cubrir algunhas desas prazas, vamos ver como estamos para a semana que vén, que seguro que nos vai tocar falar disto de novo. Mentres tanto tamén os vixilantes sen vehículos, sen emisoras para os desprazamentos ao seu posto de traballo, para poder comunicarse en caso de calquera problema en moitas zonas, moitas delas sen cobertura, por exemplo, de telefonía móbil. É dicir, polo tanto, sen os medios básicos para exercer o seu traballo. E cun Partido Popular que cada vez que levamos esta cuestión á comisión, vota en contra de dotalos destes medios.

Mentres tamén déficit de emisoristas en moitos distritos; postos de traballo que moitas veces, en demasiadas ocasións, son cubertos precisamente por vixilantes que atenden estes labores en lugar de atender os propios.

Mentres tamén as brigadas sen puntos de encontro dignos, en precario, absolutamente; dependendo case sempre ou sempre dos concellos, da dispoñibilidade dos concellos moitos deles. Sen luz, sen vestiarios, algúns auténticos pendellos. Nalgúns distritos incluso non dispoñibles de ningún xeito, e nestes últimos días temos visto por exemplo o caso de Xinzo, que está absolutamente en precario; ou o de Trives, no que a semana pasada aínda non había ningún punto de encontro dispoñíbel.

Mentres, tamén as axudas específicas para prevención en montes veciñais en man común sen convocar, e a propia consellería anunciou ademais que este ano non se van convocar. E lémbrolles que case 300.000 hectáreas destes montes veciñais están na provincia de Ourense, nas condicións en que está a provincia de Ourense.

Un ano máis tamén bochornoso conflito —teño que dicilo— na prensa polo uso da base de helicópteros do Xurés. Un conflito que arrastramos tres campañas xa e que o pasado 18 de maio —hai nada, un mes— obrigou os comuneiros a bloquear a súa entrada ante o impago da consellería da campaña anterior. É que lles tiñan sen aboar o pago da campaña de 2021. E lembro, estamos a falar do Xurés.

Pero imos aos concellos, que é a xoia da coroa, porque aquí... que ten tea tamén que sexan a xoia da coroa!, deste modelo descentralizado, que atenta tamén contra as bases do pregoado mando único, que insiste na precarización do servizo con brigadas non profesionais, sen formación, sen continuidade laboral. ¿Como están eses convenios a día de hoxe? ¿Como están os convenios de brigadas municipais? Sen asinar. ¿Os convenios de motobomba cos concellos? Sen asinar. ¿Os convenios de desbroces mecánicos? Sen asinar tamén. Cando, por fin se asinen, haberá que facer as bases dos procesos de contratación, selección do persoal, formación e ¿en que data nos imos poñer? ¿Pensan vostedes que vai haber brigadas municipais traballando neste país este verán antes do mes de agosto? ¿Vainas haber?

Unha parte fundamental do traballo encargado a esas brigadas é o de prevención e van comezar esa prevención en agosto. É máis, unha boa parte dos ingresos que reciben os conce-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

llos, por certo, como case todo o diñeiro que hai destinado a prevención procedente de Europa, eses ingresos para esas brigadas dependen dos seus traballos de roza e, polo tanto, da prevención. En agosto —repito—, un plan sen fisuras de ningún tipo.

Falando tamén do convenio de rozas mecánicas, do tractor, en linguaxe común e vulgar, vostedes saben —ou deberían saber— que todas as hectáreas... Porque os concellos claro que están a facer prevención antes de asinar eses convenios, faltaría máis, porque son xente normal. Todas as hectáreas que eses tractores rocen antes da sinatura do contrato legalmente non se poden xustificar contra ese contrato, polo menos legalmente. Polo tanto, os concellos van deixar de ingresar unha cantidade de diñeiro por un traballo que, efectivamente, están facendo. ¿Por que non están asinados eses contratos? ¿Por que? E vostedes non son novos; é que a Xunta leva trece anos xestionando esta cuestión. E mentres tamén máis de 1.600 postos de traballo directos da consellaría precarizados en contratos de seis e de nove meses. A todo isto, xa o temos falado, as queimas de particulares prohibidas desde o 29 de abril. Hoxe mesmo o DOG publica a orde pola que se declara como época de alto risco as datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro; pero este mesmo sábado 18 de xuño comeza *de facto* esa temporada de alto risco, porque se pasa unha circular ao servizo sinalando que comezaba ese horario de alto risco este mesmo sábado incluído.

E esta situación na que nos atopamos nun verán que se prevé complicado. ¿E que temos en fronte? ¿Temos unha Xunta previsora? ¿Temos unha Xunta que se anticipou, que preparou o seu Pladiga a comezos de primavera para que cando se deran estas condicións de alto risco estiveramos o mellor preparadas posíbel? ¿É iso o que temos en fronte? Pois non, absolutamente ao contrario. Como digo, o Pladiga deste ano foi aprobado en xuño, este mes, non hai nin quince días que se aprobou o Pladiga, nin quince días.

Será —repito— que non teñen trece anos de experiencia, que foron novos, que os pillou o boi, que foron á festa de Allariz e os pillou o boi e non lles deu tempo de facer o Pladiga. Porque o temos falado tamén en comisión: o PP é capaz de facer este Pladiga antes, téñeno feito. Téñeno feito moito antes, téñeno feito en abril, en maio, a comezos de maio en varias ocasións, cando parecía que o tema dos lumes importaba algo. Curiosamente case todas estas veces antes da campaña, terríbel campaña de lumes de 2017 que todas recordamos. Cando todos pensariamos que agora tiñan que ser máis aplicados que nunca e están indo de verdade de mal en peor.

E voume anticipar á intervención do portavoz do Partido Popular. ¿Faise prevención antes do Pladiga? Por suposto que si. ¿Faise prevención antes do Pladiga tendo en conta as condicións deste ano? Non, porque o Pladiga non está. E dínolo a Xunta cada vez que falamos desta cuestión, que o Pladiga hai que mudalo porque mudan as condicións. Polo tanto, o Pladiga é fundamental para facer esa prevención.

E, sen embargo, a consellería continúa inmersa na súa política de propaganda, nas notas de prensa, publicacións en redes sociais, insisten na política do anuncio polo anuncio. Anuncian prevención todo o ano mentres insisten nas políticas de extinción, e non o digo eu, dío a Xunta de Galiza, dino os orzamentos da Xunta de 2022 e dino tamén na nota de prensa que o Consello da Xunta que deu o visto bo ao Pladiga publicou na semana pasada, o día 2. ¿Que

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anunciaban nesa nota de prensa? Pouco máis de 33 millóns de euros para prevención fronte a un total de 180 para o conxunto do plan. É dicir, un pírrico 18,4 % para prevención. Pero seguen coa propaganda.

E todo isto ademais, tamén o saben desde o Partido Popular, con datos inflados artificialmente, porque vostedes saben ben que os números que saíron dese Consello da Xunta non son —repito— os datos aprobados nos orzamentos xerais deste ano, que están moi por debaixo, como temos falado. Porque o orzamento total de toda a Dirección Xeral de Defensa do Monte, da dirección xeral é de 142 millóns de euros, 35 menos dos que anuncian no Pladiga. E ademais é que esta cantidade tamén sería só un titular, porque logo sabemos que non o executan. En 2021 deixaron sen executar máis de 22 millóns de euros, o 16,5 % do total. Nun verán que segundo todos os organismos meteorolóxicos, a Axencia Estatal de Meteoroloxía, o modelo europeo de predición prevén como un verán cálido, seco, que vén ademais dun inverno cálido e seco.

Vostedes teñen convertido o Pladiga en pouco máis que un anuario de estatísticas, estatísticas que ademais non se corresponden —repito— cos datos reais. E a ver se lle dan unha voltiña a isto tamén, a ver se inclúen neses Pladiga unha análise dos resultados a final da campaña, porque poden seguir poñendo previsións de novos puntos de auga, de novas pistas, cun SIX e casetas de vixilancia, poden poñer o que queiran porque despois non publican unha avaliación dese Pladiga, do resultado dese Pladiga.

Nós desde o BNG temos moi claro o que hai que facer na defensa do monte. O noso modelo é un modelo de cohesión territorial, porque nós entendemos que un país habitado, un país produtivo, un país con expectativas de futuro non arde. Porque o modelo de roza continua é insustentábel e ademais vou máis alá, é ineficiente, absolutamente ineficiente.

E nós hoxe querémoslles dar, por iso vén aquí esta iniciativa, querémoslles dar a oportunidade de emendar o erro que de verdade cometeron na última comisión non apoiando esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Porque plantexamos dúas cuestións que están moi relacionadas entre si e que ademais vostedes nos seus discursos defenden. Logo votan á contra, pero deféndenas.

A primeira delas, rematar coa precarización do persoal do servizo, substituíndo esas brigadas de seis e de nove meses de persoal fixo descontinuo por brigadas fixas con contrato anual. Vostedes é verdade, pasaron de brigadas de tres meses a brigadas de seis no 2018, fixérono, é verdade. Pois agora firmen que queren avanzar cara a estas anuais. Voten a favor desta iniciativa, porque están a votar á contra.

E, segundo, aproveitar todo este persoal para asumir a execución directa dunha boísima parte dos labores de prevención que hoxe se subcontratan, tanto desde a consellería como desde Seaga, e que se están a asignar a empresas privadas. É de sentido común e ademais é que o reclama o propio persoal, porque o propio persoal se sente infratulizado e reclaman que se lles use para facer prevención, que queren facer eses labores. Pero, claro, é que o negocio non está aí, non está en ter persoal todo o ano; está en externalizar eses contratos, externalizar funcións que se poden facer desde o público, aínda que queden e se contrate

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empresas, aínda que queden paquetes sen adxudicar, aínda que iso supoña que non se executen, o importante sempre ao final é o negocio.

Polo tanto, e remato xa, prevención e dereitos laborais. Estes son os dous pilares que teñen que guiar un servizo que, si, a pesar da Xunta de Galiza, é absolutamente exemplar. *(Aplausos.)*

Máis nada polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Anunciar que o Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor desta iniciativa que incide nunha problemática que é basicamente a falla de previsión da Xunta ante a campaña de alto risco de incendios e a escaseza de medidas de prevención. E nesa liña foi a pregunta que lle formulabamos o Grupo Parlamentario Socialista ao director xeral de Defensa do Monte a finais do mes de maio na demora inxustificada na aprobación e publicación do Plan de prevención e defensa contra incendios, o Pladiga, do que tamén falaba a portavoz do BNG. O Pladiga correspondente ao ano 2022, posto que este documento —como tamén comentaba a portavoz— outros anos se presentaba en abril ou maio.

Atopabámonos en maio cunhas condicións climáticas preocupantes, cun prognóstico dun verán tórrido e seco, e a Consellería de Medio Rural atopábase atascada en programas sen contido que venden a bombo e platillo e, sen embargo, deberes tan básicos como a publicación do Pladiga, así como os convenios das brigadas municipais sen firmar, e eu creo que isto é así.

Áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión da biomasa, non se realizan ao seu debido tempo e unha boa parte realízase fóra da época axeitada, non cumprindo co obxectivo que debe ter, infrinxindo a Lei de prevención de incendios forestais. A Consellería de Medio Rural non daba conta do Pladiga ao Consello Forestal ata o 31 de maio deste ano; e a aprobación non se produciu ata o día 2 de xuño, case entrada a época de alto risco de incendios. Así, o Pladiga segue sendo un plan de extinción e non de prevención. A Consellería de Medio Rural segue enfocada na extinción, xa que, fóra da época de alto risco, preguntámonos quen fai os labores preventivos manuais se o persoal está sen cubrir por xubilacións ou baixas e o groso do dispositivo se atopa en período de inactividade entre seis e tres meses.

Por iso insistimos en solicitar á Xunta de Galicia, por fundamental na loita contra o lume, que se proceda a cubrir todas as baixas do persoal de prevención e extinción propias. Moitas brigadas, día tras día, en incendios entran con dous ou tres compoñentes, e necesítase unha brigada completa ou case completa para garantir tanto a operatividade e a protección tanto

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos compoñentes da mesma como da colectividade, e voulle dar dous exemplos que o portavoz do Partido Popular nesta materia coñece: un foi en Montealegre, 11 de maio, a Consellería de Medio Rural daba traslado de que actuaran no mesmo tres brigadas. Podemos pensar que son quince persoas, catorce, pero resulta que nese caso só había seis traballadores. E doulle outro exemplo, 11 deste mesmo mes, o incendio da autovía A-52 por un incendio dun coche que despois pasou a incendio forestal, saíron dúas brigadas, unha con dous compoñentes e outra con tres compoñentes. É dicir, os datos que dá a consellería ao ser por brigadas non sabemos os traballadores que están nesas brigadas. Proximamente este grupo presentará unha iniciativa nese senso para que os datos, como en Cataluña, se dean por número de traballadores que interveñen nun incendio.

Por outra banda, o Pladiga de novo se aproba sen mapa riscos, cuestión na que xa temos incidido o PSG unha e outra vez. Deberiamos contar cunha planificación preventiva sensata, acorde coa experiencia adquirida polos técnicos e demais traballadores e traballadoras do Servizo de Incendios Forestais, pero non ten sido así. E quero remarcar, antes de que o portavoz do Partido Popular diga que nós atacamos o persoal do Servizo de Prevención de Incendios, non é así. Xa na última comisión deixei claro que o Partido Socialista de Galicia alaba as funcións e o desempeño profesional dos traballadores e traballadoras de todo o Servizo de Prevención de Incendios de Galicia. O que estamos a falar aquí é de política, de dirección política do conselleiro de Medio Rural e do director de Defensa do Monte neste caso.

Fai falla tamén un mapa de medios porque ás veces se producen desprazamentos de medios de servizos forestais a máis de cen quilómetros dentro da mesma provincia, mentres a carón de onde se produce un incendio a quince minutos hai autobombas ou unha maquinaria parada, ten acontecido.

Falando do persoal, necesitamos avanzar na profesionalización deste sector, cuns traballos de alto risco nos que en moitos casos non se garanten unhas condicións salariais axeitadas nin un equipamento técnico adecuado nin a formación imprescindible; falo das brigadas dos concellos e sei que o portavoz do Partido Popular seguramente estea de acordo nesta cuestión.

En setembro do ano 2021, incluso todos os bombeiros forestais de Galicia apoiados —todos non, moitos bombeiros forestais de Galicia— apoiados polas organizacións sindicais, UXT, Comisións e CIG, concentrábanse ante a sede da Xunta de Galicia para demandar mellores condicións laborais para un millar de traballadores e traballadoras. Na mesma liña, alertaban de que a finais de novembro habería 1.600 traballadores menos para realizar traballos de prevención de incendios.

Este grupo parlamentario en febreiro do ano anterior defendía unha iniciativa en comisión que instaba a Xunta a iniciar as negociacións para que se acordara un calendario de reunións nas que se tratara o aumento da contratación de persoal. Aínda hoxe non se levou a cabo, porque dentro das modalidades de contratación que temos o persoal de doce meses fixo, nove meses fixo-descontinuo, e o de seis meses fixo descontinuo, e permítame unha brincadeira porque, pregunto á marxe, traballadores fixos descontinuos ¿computan o desemprego? Pregunto. ¿Maquillan os datos do paro en Galicia eses traballadores? É unha pregunta á marxe, porque está de bastante actualidade.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con respecto a este último persoal de seis meses, xa lle teño recoñecido na comisión que foi un avance porque antes traballaban tres meses, a través do acordo de concentración do emprego público, conseguiuse, despois de reivindicacións sindicais, que agora traballen seis meses; primeiro foron catro no 2018 e 5 no 2019, e aplaudimos esa ampliación, como non pode ser doutra maneira, para que non diga que só dicimos o malo. Tamén, cando unha cousa se fai ben hai que dicila.

Pero a prestación anual de todo o persoal non só trae consigo a estabilidade dun traballo, senón tamén a mellora da prestación do servizo público que debe focalizar gran parte do seu esforzo na prevención e noutros labores de emerxencias no rural atendendo, por outra banda, a actual situación de desectorización dos lumes co obxectivo de ampliar a vixilancia, a detección e a defensa de incendios, disuadir da actividade incendiaria intencionada e incrementar os incendios enfocados en fase de conato.

En resumo, debería apostar a Consellería de Medio Rural por que as funcións asociadas ao persoal debera contemplar máis aló incluso de servizo de incendios.

E quero facer unha reflexión, porque pon o foco o catedrático da Escola Politécnica Superior don Manuel Marey, doutor e enxeñeiro de montes e investigador da Universidade de Santiago e di: «A oportunidade que pode supor para o interior galego a posta en valor do recurso forestal, o que implica cambios estruturais», e invita a reflexionar. Di: «Ourense debe reducir o custo dos incendios e destinar máis recursos á produción, á silvicultura, á xeración de emprego e menos a combater o lume». Este é un problema territorial, ambiental, pero tamén económico cun custo enorme. Hai que resolvelo dunha vez, pasar páxina e xerar emprego produtivo promovendo valores innovadores a partir da biomasa producida no territorio no espazo forestal.

En conclusión, o Grupo Parlamentario Socialista non pode deixar de reiterar que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono no que se atopa o noso rural. Debe facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir, que combina altas temperaturas, baixa unidade e fortes ventos. E o Goberno galego debería mellorar a profesionalización, a loita contra a temporalidade e a coordinación na extinción dos incendios forestais, e realizar os traballos de prevención antes da época de alto risco.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario Popular, señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Pois a verdade é que sempre é un pracer e unha honra falar do Servizo Público de Extinción de Incendios, un servizo modélico e exemplar a nivel mundial e do que estou seguro de que todos nos sentimos moi orgullosos.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén me resulta bastante simpático o feito de que case as dúas voceiras anticipen a miña intervención, iso é froito de que falamos moito deste servizo e tamén é froito de que nós estamos a introducir diversas melloras e sobre todo estamos a atender moitas das demandas que nos plantexan.

Grazas por recoñecer que dende o ano 2018 se aumentou o tempo anual de traballo deste persoal fixo-descontinuo ao que estamos a aludir nesta proposición non de lei, duplicándose tamén eses custos laborais e aumentando as partidas orzamentarias para que ese persoal pasara de 3 a 6 meses.

Introduciron tamén que esas condicións laborais dos profesionais están en precario. Pois, miren, corresponden en función dos seus contratos e a súa categoría e préstase unha especial atención sempre á súa seguridade e á dotación de medios materiais.

Feito que o di o *renting* de 241 vehículos que se asignan ao servizo por un importe de 1,8 millóns de euros; a compra nos anos pasados de 36 todoterreos e que agora se vai aumentar a 150, todoterreos, e que se entregarán a comezo deste mes de xullo; que dende o ano 2013 se compraran un total de 94 motobombas para o servizo cun custo de 20 millóns de euros; e que, ademais, só no ano 2021 se equipara estes servizos con equipos de protección individual (EPI) para a extinción; ademais de mercar 600 rozadoras manuais, 300 motoserras medianas, 300 motoserras lixeiras, 1.200 cascos protectores, luvas anticorte, botas anticorte, pantalóns con peto anticorte. E tamén temos dous procedementos de contratación abertos para un renting de 137 vehículos *pick-up* precisamente para as brigadas ás que están vostedes a aludir, para estes forestais fixos-descontinuos de seis meses, por un importe de 1,3 millóns anuais e cunha duración ata o ano 2024 prorrogable.

E curiosamente tamén cando se nos acusa moitas veces de que non falamos cos sindicatos, pois estamos precisamente a falar con eles para que se acade un novo acordo marco para os anos 22-24 co fin de continuar fornecendo o servizo e o material necesario. É dicir, non soamente os escoitamos cando tratamos a súa formación e que sempre recollemos todas as súas demandas ata o 90 % para que isto redunde nun mellor servizo dos mesmos.

Sacaban a colación tamén os labores de prevención que estaban a realizar os tractores, pois si, 35 tractores cos que se realizan traballos de roza e limpeza e que este ano van acadar cerca das 1.500 hectáreas.

E non quero deixar de lado precisamente esta cuestión porque, precisamente de tractores deberían vostedes presentar ao mellor algún tipo de iniciativa ou apoiarnos nas iniciativas nas deputacións da Coruña, de Pontevedra e de Lugo. E que —como ben dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego— eses tractores que están realizando labores, por exemplo, nos concellos pois soamente a Deputación de Ourense —curiosamente, a maldita Deputación de Ourense— é a que curiosamente está a realizar esa dotación para os concellos, e que realmente se colabore na prevención. Porque a prevención, voulle explicar unha cousa, non é soamente cuestión dun servizo, é cuestión de todos. *(Aplausos.)* Tal cal. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén me gustaría salientar que o Servizo Público de Extinción de Incendios se atopa nun momento de metamorfose —díxenllelo na Comisión e vólvollelo reiterar—; e pasa de estar formado por grupos de peóns e traballadores, que eran os que facían todo tipo de traballos no monte, encabezados por un encargado afín ou garda forestal da zona, a ser unidades operativas de bombeiros forestais, categoría recoñecida no ano 2016 e que, con toda a experiencia acumulada ao longo de todos estes anos, son capaces tanto de enfrontarse cara a cara sen engurrarse cos incendios forestais máis virulentos —estes que chamamos xa de sexta xeración— ata participar na axuda ou colaboración en calquera emerxencia que poida ocorrer en Galicia. E un exemplo diso foron as desinfeccións que realizaron durante a primeira onda da pandemia do Covid-19, labor que nós lle recoñecemos dunha forma expresa.

A súa extraordinaria dispersión por todo o territorio, xunto cos medios tanto humanos como materiais dos que se dispón, converten este servizo nun colectivo cunhas características únicas á hora de poder colaborar en diversas emerxencias que poidan xurdir en Galicia, sempre que este servizo sexa moderno, eficiente e conte con persoal con formación suficiente. Con este fin a consellería, a través da Dirección Xeral da Defensa do Monte, está a deseñar medidas de optimización do servizo en canto a organización loxística, dotación de medios e formación co fin de dar un salto de calidade que permita afrontar as próximas décadas cun maior nivel de profesionalización. E nese eido atopámonos nun proceso de funcionarización —repito, de funcionarización— do persoal laboral do Servizo Público de Extinción de Incendios, que é o paso do persoal de 9 a 12 meses.

Un operativo, por certo, que seguirá integrado por máis de 7.000 persoas. E cumpriríame facer aquí unha pequena incisión respecto ao contratado polos concellos. E deberiamos ter en conta eses condicionantes que provocou para os concellos a reforma laboral do Goberno central; pódenlle preguntar vostedes a concellos gobernados polo Partido Socialista ou polo Bloque Nacionalista Galego se lles incide ou non lles incide nisto. E desta forma si que se dificulta a posibilidade de contratar persoal con carácter temporal, condición propia destes profesionais contra os incendios nos concellos; e, polo tanto, os municipios teñen moitas trabas á hora de incorporar este persoal ao servizo.

En canto a medios de actuación, séguese dispoñendo de 30 medios aéreos e, por suposto, as bases todas —incluída a do Xurés—. Pero cumpriría que a voceira do Bloque Nacionalista Galego profundizase un pouco máis sobre cal foi a causa pola que se orixinou ese conflito, e posiblemente se dará conta de que non é imputable á Xunta de Galicia. Un orzamento —insisto— de prevención e loita para incendios forestais por parte da Consellería do Medio Rural que mantén as súas liñas xerais e que falamos dunha achega global que supera os 180 millóns de euros; e que loxicamente inclúe eses 33 millóns de euros para ese plan de prevención, pero que non soamente queda aí —como posteriormente direi—.

En canto a eses traballos preventivos —que vén a colación no seu segundo punto da súa resolución—, efectivamente, estanse a licitar a través de distintos procedementos de contratación pública. E que non poden nin son obxecto de execución polo propio dispositivo, sexa este de 6 ou de 12 meses. Trátase de proxectos de obras preventivas, como a creación de áreas cortalumes, faixas auxiliares de pista, melloras de pistas e melloras de cortalumes. A obra, contratada por procedemento aberto, 3,2 millóns de euros, está a executarse durante

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estes primeiros meses do ano 22; e está tamén en tramitación a execución do mesmo tipo de obra a través de contratos menores ou encargos para executar tamén neste ano 22. Polo tanto, nós o que estamos buscando é a profesionalización deste servizo, que se melloren as súas condicións laborais, que teña unha máis e mellor formación, e que se siga apostando con feitos polo mellor Servizo Público de Extinción de Incendios do mundo. *(Risos.)* Por suposto que é do mundo, si, si —non se rían—; pois, se quere vostede pór o da galaxia, poña o da galaxia. Pero dende logo que isto xa dá un pouco a mostra de cal é a visión que teñen do noso Servizo Público de Extinción de Incendios. *(Aplausos.)*

É preciso destacar tamén dentro da planificación da loita contra o lume que se atopa activa en todo momento e refórzase de xeito especial con máis énfase cada tempada de alto risco, que coincide co verán. E, para estes efectos, o Consello da Xunta —unha vez oído o Consello Forestal, que neste caso foi a finais de maio, como ben indicaba— aprobou o Pladiga para esta anualidade actualizando a antiga planificación. E non diga que non porque os datos son así. E vostede estábame a dicir antes que nos pillaba o boi, pois eu vou aludir a outra festa que coincide co boi e é o peixe, e dáme que vostedes están un pouco peixes nesta cuestión.

E, en particular, gustaríame tamén falar das principais novidades que se crean neste sistema estrutural de mando operativo único para afrontar a mellor organización de dispositivos. Tamén me gustaría falar do impulso que se lle vai dar ao labor da unidade de investigación de incendios forestais; que, por certo, alégrome de que nós a teñamos e de que poidamos aí investigar cal é a cuestión que move estes incendiarios dentro desta lacra dos incendios forestais. Porque vostedes cando gobernaban nesa época a investigación que facían era que había unha trama de alcaldes incendiarios do PP e esa era a gran investigación que se facía por parte desta xente que é tan rigorosa e seria. Por certo, eu debía de ser un deses pertencentes a esa trama de incendiarios, pero, bueno.

E froito disto, de que lle estou a falar de que a prevención non é soamente unha cuestión que atinxa a este servizo, son tamén as diferentes leis que están en marcha. E a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia pois loxicamente tamén manexa moitas ferramentas, e que poden ser os polígonos e as áreas cortalume, que se delimitan con criterios técnicos; e, por suposto, tamén as malditas aldeas modelo. Pero non soamente queda aí iso, tamén hai convenios de colaboración subscritos entre a consellería e a Federación Galega de Municipios e Provincias, así como coa empresa pública Seaga, para o establecemento dun sistema de xestión público de biomasa, que está subscrito por 273 concellos que non contaban cun plan de prevención municipal elaborado pola consellería. É importante tamén matizar que queremos ir a máis...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARMADA PÉREZ: ... que non estamos nin moito menos satisfeitos. Aquí nós non nos damos golpes no peito, todo o contrario, motívanos traballar e sobre todo conseguir que este servizo —que é modélico— o poida seguir sendo e que lle poidamos outorgar as condicións —como acabo de relatar— tanto laborais como materiais para que os incendios en Galicia cada vez vaian reducíndose máis e, sobre todo, contemos con máis e mellores profesionais para atacalos.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Grupo autor da proposición non de lei, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Antes de máis, grazas ao Partido Socialista polo apoio a esta iniciativa.

Non me quedou claro que vai facer o Partido Popular. Non me quedou claro se van emendar, porque dixo que estaba a favor de que as brigadas vaian cara aos 12 meses e de que se faga toda a prevención posible desde o servizo. Pero, entón, creo que son as dúas cousas que pedimos, e entón non me queda claro.

O que si me quedou claro así na última parte da súa intervención son os números que utilizan. Claro, vostedes falan de millóns como falan de números de persoal. Porque, claro, este é o cadro de persoal do Pladiga deste ano; o cadro de persoal do Pladiga deste ano fala dun total de 5.394 persoas; en total, entre os medios propios da consellería, contratación a maiores de persoal de medios aéreos, persoal do Estado, persoal dos concellos, dos GES, dos parques comarcais, dos parques municipais... Todo, en total, 5.000; e vostedes falan de 7.000.

E agora deime conta, cando falou da Lei de recuperación de terra agraria, que isto é o que lles permite dicir que gastan 180 millóns de euros no Pladiga, e desta mesma forma contan o persoal, porque vostedes publicaron 5.000 e anuncian 7.000 porque contan pois, non sei, a persoa que traballa na gasolineira que lle bota gasolina no tractor que vai desbrozar, a persoa que lles corta os..., porque, se non, son imposible os números que utilizan.

Fíxese ben, nós falamos de precarización e vostede fala de contratos para comprar maquinaria; nós falamos de dereitos laborais e vostede fálame dos negocios que fan desde a Xunta de Galiza con empresas privadas para comprar desbrozadoras, tractores..., destas cuestións son das que falan. Porque vanagloriarse de que compraron EPI en 2021 cando todo o servizo estaba laiando porque os únicas EPI decentes que tiñan aínda eran os do bipartito e tiveron que esperar a 2021 para que lles volveran comprar EPI decentes pois non é a cousa para tirar foguetes, *(Aplausos.)* de verdade que non. *(Aplausos.)*

Nós falamos de precarización porque vostedes precarizan o persoal, porque teñen persoal de 6 meses ao que lle impiden desde a Xunta de Galiza, dende Función Pública, facer labores similares nos outros 6 meses nos que non os teñen contratados; e teñen que ir á xuízo para defender os seus dereitos laborais porque a Xunta llelos nega. E falan do servizo, do bos que son, do grandísimos que son, o mellor servizo... da galaxia non, dos metaversos... *(Risos.)* Vale, pero logo denéganlles os seus dereitos laborais. E entón do que se trata —díxeno o outro día na Comisión—, claro que temos o mellor servizo do mundo, ¡o que temos é os peores xefes do mundo! *(Aplausos.)* Que non lles dan os seus dereitos laborais. *(Aplausos.)*

Fala de que están metamorfoseando o servizo, que antes había peóns e xefes de brigada e que agora imos a unidades operativas de bombeiros forestais. Cómprolle o discurso. ¡Cóm-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prollo! Pero é que o BNG levou esta cuestión de que este servizo puidera facer labores de emerxencias, como os fan noutras partes do estado, levámolo á comisión hai un ano, ¿que votaron vostedes? ¡Sorpresa! ¿Que votaron vostedes? Votan á contra do que din defender, unha vez, outra vez, outra vez... Teñen hoxe a oportunidade, de verdade, de emendar o erro, porque hai unha serie de medidas necesarias que este Pladiga tampouco recolle. Este Pladiga de 2020-2022 —que hoxe si que tiven tempo de lelo en profundidade— segue tendo, primeiro, os mesmos erros que o Pladiga do ano anterior, que non os corrixen, que eu xa non sei se poñer aquí un cartel na fronte: casetas que están abertas e casetas que non existen. A ver se así podemos poñelas nun mapa, que son poucas, de verdade. Hai que avanzar na profesionalización do servizo, contratalos a un ano, porque é de xustiza; é, si, un servizo marabilloso que ten unhas condicións laborais pésimas. Hai que dimensionar o servizo de xeito axeitado ás necesidades do territorio; falámolo un montón de veces, as brigadas municipais non cumpren coa súa función porque non dependen das necesidades do territorio, dependen das capacidades económicas dos concellos. E iso non é un servizo eficiente, teñen que estar onde son necesarias, non onde os concellos poden permitirse pagalas. E fala dos tractores, é que están sen asinar os convenios. ¿Como pode dicir que están pechados os convenios con douscentos e pico concellos que están sen asinar?, que estamos a 15 de xuño e eses convenios están sen asinar, e este sábado empeza o alto risco, o de verdade non o que publicaron no DOG, o que lle pasaron ao servizo este sábado; e os convenios cos concellos sen asinar. Polo tanto, o que hai que marcar é esas pautas necesarias para que si ese servizo poida traballar como un servizo apto para atender esas emerxencias rurais das que vostede fala. Pero é que votan á contra. Voten hoxe a favor; de verdade, modifiquen o erro que cometeron o outro día.

E remato xa.

Falou de funcións que fan as empresas que non pode facer o servizo aínda que estean todo o ano. Eu agora así rapidamente: dos últimos 10 contratos que asinou Seaga —non só referidos a medio rural, tamén a mar, a distintas cuestións—; dos últimos 10, 4 son referidos a xestión de biomasa, limpeza de noiros e tarefas silvícolas, 4 traballos que pode facer o servizo, ¿sabe por que cantidade?, 4 millóns de euros que lles están dando a empresas privadas en vez de facelo directamente desde a Xunta de Galiza. Porque si, temos un grandísimo servizo e —repito— unha malísima dirección desde a Consellería do Medio Rural. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Votación das proposicións non de lei

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres

Estaba pendente unha transacción.

¿Esta é a transacción á que chegan todos os grupos? ¿Xa a coñecen todos os grupos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¡Si, oh! Lella.

O señor BARÁ TORRES: Para coñecemento de toda a audiencia.

«O Parlamento acorda como resolución manter a defensa da proposición de lei de transferencia e competencias da AP-9 nos termos en que foi aprobada por unanimidade polo pleno, e instar os grupos políticos a que axilicen a súa aprobación polo Congreso dos Deputados.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta a reiterar diante do Goberno do Estado a demanda da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia da titularidade da autoestrada AP-9, da ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras comunidades autónomas».

O señor PRESIDENTE: Grazas. Votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de dona Paula Prado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Eu leo aquí, pon 72+1, pero douno como presente porque é voto delegado. Xa todos vostedes me entenden.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, iniciativa de dona Marta Nóvoa.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias e sete deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Martín Seco.

Non hai emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Martín Seco García e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Patricia Otero.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e entendín que polo Grupo Parlamentario Popular solicitaban a votación por puntos.

¿Acéptalle a votación por...? Non lle acepta a votación por puntos. Votamos. *(Murmurios.)*

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona María González Albert.

Non hai emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E suspéndese a sesión ata as 16.00 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e catorce minutos e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Interpelación de D. Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos.

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Xa estaba preocupado, señor Conde, pensei que non comparecía hoxe a este duelo, un novo duelo de tarde, para falar de novo dos modelos eólicos que temos, que son profundamente diferentes, e para falarlle da preocupación, da alarma da ás veces eu creo que desesperación que sente moita xente e nós queremos traer aquí, precisamente, a voz das persoas, da veciñanza, da serra da Groba, do Suído, do Deza, do Xallas, da Costa da Morte, da terra de Ordes, das Mariñas coruñesas, de Ortegal, da Terra Chá, do Xistral, da Mariña, dos Ancares, do Courel, do Macizo central ou das terras de Valdeorras. Un territorio e unha xente que se sente agredida, que se sente invadida polo *boom* eólico fomentado pola Xunta do Partido Popular e, hai que dicilo tamén, polo Goberno central, que crearon un marco regulatorio que se pode

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

resumir en dúas palabras: espolio e depredación, señor Conde. E ese espolio e depredación vén claramente representado neste mapa do Plan sectorial eólico, onde se ven claramente cales son as zonas con máis intensidade de desenvolvemento eólico. Porque, claro, din vostedes, só lle afecta ao 30 %, pero nese 30 %, nesas zonas hai unha alta densidade, unha alta concentración de proxectos eólicos, como se pode ver no mapa, e a xente séntese invadida e agredida. Está dando resposta a todo iso. E queremos traer aquí esa voz e esa resposta.

Pero é que, ademais, como vostede sabe, a ocupación, a invasión eólica vai moito máis alá deste mapa porque xa preocuparon vostedes de escribir nas leis unha serie de excepcións para que se poidan facer parques fóra deste mapa sectorial, deste mapa eólico.

E por iso se dá esta altísima e fortísima presión da produción eólica cun desenvolvemento absolutamente intensivo e invasivo, que se acelerou desde o ano 2017 coa tramitación de ducias e ducias de proxectos, e vostedes mesmos deron as cifras, estamos a falar de 275 proxectos en tramitación, con máis de 7.200 megavatios nos últimos anos, nestes momentos eu diría que hai máis porque nos últimos meses houbo unha aceleración antes desa anunciada moratoria; e estamos falando, polo tanto, só de competencia galega 7.200 megavatios cando hai nestes momentos autorizados en funcionamento menos de 4.000. E cando somos ademais o territorio do Estado e de Europa con máis densidade eólica por quilómetro cadrado.

Eu teño aquí uns datos que son do 2020 pero din claramente cal é a realidade: 46 quilovatios por quilómetro cadrado é a media do Estado; 73 quilovatios por quilómetro cadrado é a media en Alemaña, que é un dos países con máis desenvolvemento eólico; e sabe cal é a densidade en Galiza?, pois 115 quilovatios por quilómetro cadrado, 73 Alemaña, 115 Galiza. Estas cifras din ás claras cal é este modelo invasivo, abusivo que está implantando o Partido Popular.

E agora estamos nunha nova fase, e de aí a alarma, eu diría a angustia, que sente moita xente, unha nova fase que ten tres características fundamentais: unha é a gran cantidade dese auténtico tsunami de proxectos eólicos que está ameazando a vida da xente, a calidade da vida da xente; o segundo é o tamaño dos parques, dos polígonos, dos aeroxeradores, estamos a falar de moles de 200 metros de altura, de tres, de catro, de cinco, de seis megavatios de potencia, que vostedes manteñen á mesma distancia que os anteriores aeroxeradores, que tiñan ao mellor un terzo do seu volume e da altura. E, miren, tráiolle aquí unha imaxe de Cuíña, que é unha aldea da parroquia de Quireza, en Cerdedo-Cotobade cunha simulación de aeroxeradores de 200 metros de altura a 500 metros das casas, señor Conde. Isto é unha auténtica monstruosidade, isto é unha auténtica barbaridade, vostedes non o cambiaron e puideron cambialo.

Cambiárono *a posteriori*, claro, pero para eses 275 proxectos que lle dixen, para eses 7.200 megavatios rexen os 500 metros, para estas moles rexen os 500 metros, e vostedes están condenando a xente destes territorios afectados. E, ¿sabe o que lle dixo a representante de Naturgy aos veciños de Cuíña?: dámoslles subvencións para poñer dobre ventá. Iso é unha auténtica tomadura de pelo, unha burla, unha aldraxe que non se pode consentir, como se a xente tivese que meterse dentro das casas, encerrarse nas casas e non poder vivir con estas moles a 500 metros das casas que vostedes lles poñen aí. E quero que quede claro.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E o terceiro é o emprazamento, porque claro, aquí houbo un cambio radical en canto á ubicación dos megapolígonos eólicos que baixaron das zonas altas das montañas, que teñen tamén impacto pero nada que ver con estas moles, estes grandes megaparques que están na contorna das zonas habitadas, que interfiren coas actividades económicas tradicionais e coa propia calidade de vida residencial da xente, incluso coas súas expectativas de vivir no rural no futuro.

E esta é a realidade do impacto brutal dun conxunto de infraestruturas que ademais que non son só os aeroxeradores, senón todo o conxunto de infraestruturas de pistas, de gabias, de canalizacións, de liñas de alta tensión, que supoñen unha ocupación absoluta do territorio vital da xente.

E, por iso, a sensación de abuso e indefensión, esa sensación de que hai unha especie de dereito de pernada, porque vostedes foron sistematicamente cambiando as regras para favorecer, para achandarlle o camiño, para poñerlle a alfombra ás empresas eólicas. E voulle poñer unha serie de pautas do que foi este cambio legal, algún tamén de ámbito estatal, pero outros establecidos pola Xunta.

A primeira é que desapareceron os concursos, as poxas, onde había unha serie de empresas que se presentaban e o Goberno escollía, cunha limitación. Agora resulta que hai barra libre, hai o que se chama novas solicitudes: as empresas presentan solicitudes nestas zonas onde están autorizadas, é unha cousa que é o Observatorio Eólico Galego, dependente da Universidade de Vigo, cualificou como FarWest, é unha especie de gran casino eólico onde hai moitísimas empresas —sábeo vostede ben— que son especuladoras, que non van explotar eses parques que se dedican a tramitar os proxectos para despois especular con eles e vendelos.

O segundo é a recualifación do solo rústico das poligonais, deses parques, que son moitas veces centos, miles de hectáreas que pasa a ser solo de especial protección de infraestruturas, e ese uso enerxético como un polígono industrial enerxético prevalece e imponse sobre outros usos do territorio e leva consigo, evidentemente, como vostede saberá, con esta proximidade a zonas habitadas e a zonas onde hai actividades económicas, unha absoluta desvalorización do terreo e do territorio.

O terceiro é que vostedes tramitan estes proxectos como autorizacións administrativas e non como concesións administrativas, e isto ten unha transcendencia moi grande, porque nas concesións administrativas estas explotacións ao cabo do tempo reverten no público, mentres que nestes casos son autorizacións para sempre. Son auténticas condenas para o territorio.

A cuarta é a declaración de titularidade pública e interese social que prevalece sobre outros usos e utilidades do territorio. E despois xa instrumentos moito máis sofisticados que vostedes foron desenvolvendo, como por exemplo o interese prioritario, o interese estratéxico, a incidencia territorial e o carácter estruturante para poder facer parques fóra das ADE. En fin, toda unha serie de arsenal normativo para favorecer os intereses das empresas.

E por iso hai esta auténtica revolta social e tamén dos concellos, por iso hai esta contestación, como se viu o pasado domingo na manifestación do Día Mundial do Medio Ambiente. Vos-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tedes non o queren ver, pero aí houbo unha mobilización de miles de persoas procedentes de todo o país, de todo o país, desas plataformas que están loitando en todo o país contra este abuso. Pero estánllelo dicindo tamén —xa llelo dixemos— os tribunais de Xustiza, estállelo dicindo o Observatorio Eólico Galego, estállelo dicindo o Consello da Cultura Galega, que é un órgano estatutario asesor do Goberno e vostedes non lles fan caso. Estánllelo dicindo os concellos, tamén os concellos do Partido Popular. Estállelo dicindo mesmo a Comisión Europea, que acaba de advertir ao Goberno central e á Xunta sobre a forma inadecuada de tramitar estes proxectos e están respondendo a esa preocupación social.

E, ante esta resposta, ante esta indignación, ante esta desesperación, ante esta revolta social, vostedes, señor Conde, ¿de que lado están? Vostedes están de costas á xente agredida, vostedes están do lado dos grandes grupos económicos, están do lado de Endesa, de Iberdrola, de Naturgy. Estas tres só no 2021 tiveron máis de 6.500 millóns de euros de beneficio. Están do lado de Ecoener, do lado de Greenalia, están do lado das portas xiratorias, señor Conde, e, se houbese algunha dúbida, están do lado dos abrazos, dese abrazo que lle deu efusivo, intenso, amoroso que lle deu o señor Feixoo ao señor Sánchez Galán para agradecerlle todo o que fixo por el e o que fai o Partido Popular por Iberdrola e por todas as empresas das portas xiratorias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, a verdade é que non causa ningún tipo de sorpresa nin a súa posición nin a súa linguaxe agresiva neste Parlamento unha vez máis. Falar de agresión, falar de espolio, falar de depredación, falar incluso de ameazar a vida da xente. Eu entendo perfectamente que vostede diga que ve este Parlamento como un lugar onde baterse en duelo en lugar dun espazo onde chegar a acordos, enténdoo perfectamente. O que me sorprende é que vostedes intenten desenvolver unha política centrada na hipocrisía, porque, sinxelamente, cando vostedes estaban gobernando seguramente non había *boom* eólico, seguramente non había espolio, non había depredación, pero vostedes puxeron en marcha en catro anos 800 megavatios en funcionamento, é curioso. Resulta que entón o eólico era bo e hoxe é o inimigo. Ala vostedes, loxicamente *(Aplausos.)*, coa súa posición, pero dende logo nós estamos actuando, en primeiro lugar, con transparencia; en segundo lugar, someténdonos á legalidade e, en terceiro lugar, simplemente intentando defender os intereses de Galicia, intentando defender os intereses dos galegos e das galegas.

Vostede sabe perfectamente que o 77 % do noso territorio está blindado fronte aos eólicos; sabe perfectamente que a normativa autonómica que vostede pon en cuestión prohibe implantar novos parques na Rede Natura e sabe perfectamente que, grazas a esa normativa

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autonómica, tamén, somos unha de tres comunidades autónomas que dispón dun instrumento de ordenación, como é o Plan sectorial eólico, que está abalado pola Comisión Europea, aínda que vostedes o queiran poñer en cuestión.

Pero voume remitir aos datos, porque cando vostede fala de *boom* eólico non quere recoñecer que, efectivamente, este Goberno está actuando con absoluto rigor e absoluta dilixencia; e, cando un parque non se pode autorizar, non se autoriza, e, cando un parque hai que tramitar, pois identifícase, efectivamente, se cumpre a normativa.

A Xunta de Galicia ten rexeitado e arquivado 84 proxectos que suman 2.295 megavatios, e tenos arquivados por estar fóra das áreas de desenvolvemento eólico, por solaparse con parques en tramitación ou simplemente por non dispoñer de permisos de acceso e conexión; polo tanto, salvagardando en todo momento a tramitación destes parques.

E tamén temos informado negativamente de 65 proxectos de tramitación no ministerio, que suman outros 5.000 megavatios, precisamente por estar fóra do Plan sectorial eólico de Galicia; lamentablemente o Ministerio para a Transición Ecolóxica mantén a súa negativa de arquivar estes proxectos, xerando, é certo, unha enorme inseguridade xurídica; pero, dende logo, ese informe negativo por parte da Xunta de Galicia está emitido.

Polo tanto, señoría, nos últimos anos a Xunta de Galicia ten dito que non a 149 proxectos eólicos, que suman 7.500 megavatios. E, fronte á pancarta do BNG, están os feitos e os feitos, señoría, é que tramitar non significa en ningún caso autorizar, e, polo tanto, o que significa é ser garantista dende o punto de vista do cumprimento da normativa.

Se mo permite, vaiamos aos datos, porque seguramente cando vostedes falan de *boom* eólico están no seu país imaxinario. Pero o certo é que dende o ano 2020 este Goberno ten autorizado 17 parques eólicos, que suman 357 megavatios de potencia. E, se imos á entrada en servizo, é dicir, os que efectivamente entraron en servizo foron 6 parques e unha repotenciación que suma 92 megavatios. ¿Quéreme dicir onde está o *boom* eólico dende o punto de vista dos parques que se autorizan e dos parques que entran en funcionamento? Seguramente vostede segue nunha realidade simplemente porque lles convén dende o punto de vista político dicir que non porque non, pero iso non ten ningún tipo de obxectividade; e, sobre todo, non ten ningún tipo de racionalidade nin económica, nin política, nin medioambiental. Polo tanto, eu creo que deberían ser seguramente máis prudentes, máis rigorosos e seguramente tratar cun pouquiño máis de respecto este Parlamento e este Goberno.

O modelo eólico saben vostedes que é un modelo que é ordenado e garantista, que é sustentable e respectuoso co medio ambiente, e que tamén, señor Bará —que iso seguramente é o que máis lles custa asumir—, é que o modelo eólico galego é xerador de emprego e de riqueza. E isto non é unha opinión, senón que son feitos reais e obxectivos que se avalan loxicamente cos datos.

Dicíalle, en primeiro lugar, que Galicia conta cun modelo ordenado e garantista. Curioso que vostedes, unha vez que nós lles propoñemos unha moratoria ata xuño de 2023, vostedes seguen na negativa; e, polo tanto, seguen sen colaborar efectivamente con que realmente poi-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

damos actuar coa máxima dilixencia. E saben tamén que estamos actuando con transparencia, non só dende o punto de vista da exposición pública da documentación dos proxectos, senón tamén da información que lles estamos trasladando en todo momento tanto aos concellos como aos propios veciños e veciñas.

Sabe, en segundo lugar, que Galicia conta cun modelo sustentable e respectuoso co medio ambiente. Todos e cada un dos proxectos que se tramitan en Galicia teñen que pasar por unha avaliación ambiental ordinaria e que respecte a normativa dende o punto de vista medioambiental. E sabe que iso non sería obrigatorio, porque sabe perfectamente que os parques de menos de 30 megavatios non precisarían desa declaración de impacto ambiental. Pero en Galicia si, en Galicia todos e cada un dos parques, independentemente da potencia e do número de aeroxeradores, teñen que pasar por unha declaración de impacto ambiental positiva. E sabe tamén que nós non imos aplicar ese trámite exprés aprobado polo Goberno para eliminar a exixencia da avaliación ambiental; e, polo tanto, imos ser absolutamente respectuosos coa protección ambiental.

Polo tanto, señor Bará, se mo permite —e diríxome de forma moi particular á veciñanza de Baiona, de Oia, de Tomiño, de Gondomar e do Rosal—, todos estes veciños saben perfectamente que este Goberno vai respectar en todo momento o impacto ambiental, o impacto territorial, e xa o temos demostrado. Porque seguramente debería recordar tamén neste Parlamento como no ano 2021 temos arquivado catro proxectos que afectaban a estes cinco concellos, precisamente porque non cumprían coa normativa que establece o desenvolvemento eólico. E seguirémolo facendo, seguiremos tramitando os proxectos e seguiremos denegando todos aqueles proxectos que non cumpran coa normativa.

E fálolle do retorno, evidentemente, tamén dende o punto de vista da xeración de emprego e de riqueza. Debería recoñecer como o modelo eólico está xerando riqueza en Galicia, cousas que vostedes unha vez máis lles queren negar aos galegos e ás galegas: un retorno anual de 117 millóns de euros que repercuten nos propietarios dos terreos, que repercuten nos concellos e que repercuten tamén nos ingresos tributarios.

Polo tanto, nós, señor Bará, imos seguir traballando, e imos seguir traballando para que o desenvolvemento do sector eólico nos permita unha enerxía máis limpa, barata e sostible; e sobre todo tamén que nos permita que a nosa industria —esa que vostedes negan, que queren pechar permanentemente— tamén se poida beneficiar dun prezo eléctrico competitivo. E por iso imos ver cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego cando traiamos aquí na Lei de áreas empresariais unha proposta para que aqueles proxectos que destinen polo menos un 50 % da enerxía que produzan a unha industria, imos ver cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego e se realmente o Bloque Nacionalista Galego o que defende é a industria, o emprego e a riqueza en Galicia, ou simplemente o que queren é que Galicia sexa máis pobre e sexa máis cativa.

Señor Bará, creo que a demagoxia non é útil aos cidadáns. E o Bloque Nacionalista Galego está desenvolvendo unha demagoxia imperdoable, xerando unha alarma social permanente fóra do realismo e fóra da responsabilidade. Creo que deberían deixar de utilizar un sector como o eólico como un elemento de confrontación, e seguramente deberían deixar tamén ao sector eólico que permita que a Galicia de hoxe e do mañá sexa máis verde, que sexa unha

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

economía máis competitiva e que poidamos transformar o noso tecido produtivo. E seguramente vostedes lle farían un favor enorme, enorme, a Galicia se deixaran o sector eólico á marxe da campaña electoral permanente da señora Pontón.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, debería vostede pisar máis o territorio. Pisar menos a moqueta, os despachos das reunións con Iberdrola, con Endesa, con Naturgy, e ir máis a onde está a xente angustiada, sufrindo por todos estes megaproxectos eólicos.

Eu, desde logo, o grupo do BNG patea o país e escoita a alarma, a preocupación e a angustia da xente á que lle están plantando estas moles de 200 metros a 500 metros da casa; e traemos aquí esa preocupación, esa angustia. Quen agriden son vostedes, a xente o que fai é defenderse. Pero, miren, é que son tanto vostedes os agresores que o di o mesmísimo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —xa lle lin pola mañá a sentenza—. Polo tanto, para que non quede dúbida, voulla volver ler tamén a vostede: «A xente di que un papel pasivo de afectados fronte a un papel activo de agresores e beneficiarios das empresas ou a Administración». É que o está dicindo o Tribunal Superior de Xustiza, máis claro auga, chámanlles a vostedes e ás empresas agresores e beneficiarios; ¿quen está agredindo aquí, polo tanto? Vostedes e as empresas, e a xente deféndese. A xente chámanos a nós e nós traemos aquí a voz e as demandas da xente. E a vostede preocúpalle iso, ¿non?, preocúpalle iso. *(Aplausos.)*

Mire, é que dixo vostede ademais os datos claramente: 800 megavatios no bipartito; evidentemente, porque nós cando gobernabamos Industria potenciamos e promovemos a enerxía eólica de maneira ordenada, con outro modelo de participación pública, respectuoso e en beneficio do país. Despois voullo explicar, non se preocupe, con máis detalle; e cando teñamos o debate da moción aínda máis.

E agora están tramitando 7.200 megavatios, 800 sobre 7.200... É que me está dando a razón, señor conselleiro. Pero ¿sabe o que fixeron vostedes co concurso do bipartito por sectarismo e por defender os intereses das empresas que presentaron un recurso contra ese concurso? Anulalo. ¿E sabe canto tivo que pagar a Xunta do diñeiro público ata agora por anular ese concurso eólico? Máis de 4 millóns de euros que debían pagar vostedes dos seus petos e non do diñeiro público. *(Aplausos.)* Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

E, claro, fala vostede de moratoria pero ten trampa, porque a moratoria non lles afecta a estes 275 proxectos que xa están en tramitación. Nin lle afecta á distancia de 500 metros, á nova distancia da altura multiplicada por 5 aos proxectos que xa estaban en tramitación, polo tanto, os que ten a xente enriba. Polo tanto, aí hai unha trampa.

E fala vostede do 77 % do territorio blindado; ben, isto xa lle dixen que non era certo porque fóra da ADE pódense construír tamén parques eólicos, e vostedes deixárono escrito na lei.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero voulle poñer un exemplo: Cantabria, Cantabria acaba de sacar unha proposta para blindar, protexer o 94 % do territorio —non ten a dispersión de poboación nin nada que se lle pareza que ten Galiza—, do 6 % restante o 3 % con moitísimas restricións para instalar enerxía eólica. Atrévanse a facer algo semellante e iríanos moito mellor.

E, claro, vostedes quéixanse de que desde 2020 non aprobaron case ningún parque eólico. Pola súa propia responsabilidade, porque crearon un atasco monumental facendo ese efecto chamada, tanto vostedes como o Goberno central, e agora están desbordados e tiveron que contratar non sei canta xente para intentar axilizar a tramitación dos proxectos. Pero é a súa responsabilidade, nós diso non temos culpa.

E véñennos co mantra dos postos de traballo. Mire, sobre isto fixo un estudo —que non está contrastado, rebatido por ninguén— o Observatorio Eólico de Galiza, que depende da Universidade de Vigo —supoño que vostede respectará este organismo—. E dixo que o 95 % dos beneficios ían para fóra, que só quedaba aquí un 5 %, que son migallas. E dixo ademais que todos os territorios que tiñan unha alta concentración de proxectos eólicos estaban nun proceso de declive demográfico e declive económico; que os datos de postos de traballo son unha absoluta falsidade, porque tamén a patronal sacou un informe onte que nos dá datos de postos de traballo que son os datos de construción dos parques, pero non de funcionamento. Voulle dar o exemplo de Muras, que é o concello que ten máis parques eólicos, ten 381 muíños, ten 254 megavatios de potencia instalada, que é moito máis do que ten Euskadi. ¿E sabe cantos postos de traballo permanentes fixos —dito polo seu alcalde do BNG que fixo unha tarifa eléctrica para Muras—, cantos hai alí? Un e medio, con 381 muíños un e medio; porque, claro, son traballos de mantemento; e o medio é porque ten que andar por unha zona moito máis ampla, nin sequera está permanentemente alí en Muras. Esa é a realidade, con 381 muíños, con 254 megavatios. Acaba de facer un informe sobre esta cuestión o Observatorio Eólico.

Mire, remato con propostas, con alternativas, porque temos alternativas porque cremos que o da enerxía ten que ser un sector estratéxico para o país, un ben público; e ten que ter un desenvolvemento ordenado e xusto. E por iso defendemos a intervención e a participación pública, e que haxa unha empresa pública galega de enerxía. E a vostedes isto parécelles un anatema, pero resulta que hai unha empresa pública de enerxía norueguesa, que se chama Statkraft, que está facendo proxectos en Galiza. E hai outra empresa pública, neste caso italiana —que é Enel—, que está facendo proxectos en Galiza, que está sacando beneficios da nosa enerxía. ¿E nós non podemos facer unha empresa pública de enerxía? ¿Por que, se o permite a normativa europea? Queremos cambiar o marco normativo a un novo plan sectorial, como propoñen o OEGA ou o Consello da Cultura Galega. Con garantías de protección do medio e do rural, con convivencia e complementariedade coas actividades propias do rural, non contra o rural.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Queremos unha tarifa eléctrica galega, que tamén é posíbel coa normativa actual —existe en moitos países europeos— que sería beneficiosa para os fogares... *(Murmurios.)* Si, a vostedes, claro, escandalízanlles estas cousas porque benefician a xente, non as empresas, *(Aplausos.)* por iso lles escandalizan. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E por último, señor Conde —remato, señor presidente—...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ... a democratización e a socialización de enerxía. E iso conséguese con redes distribuídas, cun fomento masivo do autoconsumo e co fomento masivo tamén das comunidades enerxéticas. E propoñemos que se creen en Galiza como espello para os demais territorios 40 comunidades enerxéticas.

Son propostas posíbeis, son propostas viábeis...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ... que defenden outro modelo enerxético, respectuoso co medio, respectuoso co rural.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Beneficioso para o país e beneficioso para a maioría social.

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo.

Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da interpelación, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, a verdade é que, unha vez máis, vostede confunde o Parlamento cun faladoiro e seguramente cun mitin; aquí non, señor Bará, isto non é un mitin, isto non é unha plataforma á que vostede lle poida trasladar a súa ideoloxía, sobre todo o seu sectarismo dende o punto de vista desta oposición ao sector eólico.

Eu, xa que vostede fala do bipartito, voulle recordar a valoración que facía un membro do seu Goberno sobre o desenvolvemento do sector eólico, bastante cualificado creo eu, con bastante visión de país, que era o presidente Pérez Touriño. Dicía Pérez Touriño que «fixeron un concurso eólico dirixido polo BNG que non ofrecía garantías desde a óptica da ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental e da viabilidade económica dos proxectos que acompañaban as ofertas». Isto era o que dicía o presidente do seu Goberno, o presidente do bipartito.

Vostede quere negar que, efectivamente, o 77 % do territorio está fóra do desenvolvemento eólico, polo tanto esta Galicia de verde, que vostede quere tinguir de negro, realmente aínda

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que lle pese é unha Galicia verde que ten moitas posibilidades de desenvolver unha riqueza no noso país e que realmente está aportando non só ao produto interior bruto, senón tamén xerando empregos.

Falan vostedes do impacto e do retorno que ten o sector eólico e fálame vostede de Muras. Eu agradézollo, agradézollo, porque vostede sabe que Galicia, xunto coas dúas Castelas e Valencia, son as únicas comunidades que temos un canon eólico para compensar precisamente o impacto social e o impacto ambiental. E sabe —debería sabelo, se non, eu trasládollo— que a Xunta de Galicia leva ingresado e repercutido no territorio 277 millóns de euros precisamente pola recadación do canon eólico, que vai directamente en actuacións para colaborar cos municipios galegos, incluído Muras. Debería saber vostede que o Concello de Muras ten ingresado polo canon eólico 6.800.000 euros *(Murmurios.)* para precisamente poder repercutir os ingresos do canon eólico no seu territorio. E remítome a unha nova do propio Concello de Muras deste mes de marzo: «Habida conta de que máis do 50 % dos recursos municipais —50 % dos recursos municipais— proveñen dos parques eólicos, polo imposto de actividades económicas, o IVE de características especiais e subvencións autonómicas, como o Fondo de Compensación Ambiental, a Corporación decidiu que os impostos que xeran os parques revertesen ao 100 % na zona».

Cando vostedes falan de que o canon eólico e o modelo eólico do Partido Popular non reverte no territorio, simplemente é unha falacia, unha falsidade de toda falsidade. *(Aplausos.)*

Pode consultar, se o estima oportuno, tamén co alcalde de Mazaricos, tamén do Bloque Nacionalista Galego, porque o Concello de Mazaricos ten ingresados 2.700.000 euros. E así co Concello das Pontes, 3.120.000 euros; Ourol, 3.052.000 euros; e así con todos os concellos que se benefician directamente do canon eólico. Polo tanto, creo que hai un retorno evidente e a Xunta de Galicia vai seguir traballando precisamente nese contexto. Que o modelo primeiro sexa garantista dende o punto de vista medio ambiental e, en segundo lugar, que xere retorno no territorio aos galegos e ás galegas e, sobre todo, aos veciños.

Mire, Galicia vai seguir avanzando porque non podemos parar, non podemos esperar polo Bloque Nacionalista Galego, que só pensa en como desgastar o Goberno sen pensar na repercusión negativa dos seus posicionamentos. O Bloque Nacionalista Galego está intentando paralizar o sector eólico, é o único interese que ten simplemente para paralizar Galicia.

E eu o que lle digo é que, ante o reto que temos nós dende a Xunta de Galicia de desenvolver unha Galicia verde, lamentablemente vostedes seguen intentando pintar unha Galicia de negro e nós non o imos consentir.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os equipos de valoración de dependencia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Ortega.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señor presidente.

Benvida, señora conselleira.

Hoxe queremos falar de dependencia, unha cuestión pola que que nos paran moitísimas veces polas rúas. Eu estou segura de que a todas as persoas que estamos aquí, deputadas e deputados que representamos a cidadanía, independentemente da cor política que teñamos, é unha das cuestións que máis nos preguntan pola rúa. ¿Cando me vai chegar a axuda da dependencia?

Pero non nos equivoquemos, non pensemos que este é un problema desa veciña que nos pregunta por cando lle chegará a axuda da dependencia para súa nai, ou deses pais que preguntan cando chegará a resolución desa axuda para o seu fillo. Este é un problema que nos afecta a todo o conxunto da sociedade. Porque os que temos a fortuna de ter saúde hoxe non sabemos o que pode pasar mañá. Todos somos susceptibles de enfermar ou de ter a cargo no futuro un familiar con dependencia ou discapacidade. Non caiamos no erro de crer que isto non vai con nós, porque é unha premisa falaz. Só o tempo decide cando nos pode tocar.

Hai sete anos tiven a responsabilidade de xestionar un equipo de servizos sociais e atopeime cun persoal moi ben formado, moi profesional, veterano, válido, de vocación, pero lamentablemente algunha desas persoas estaba moi desmotivada. ¿E por que? Pois porque falo de traballadoras sociais, falo de educadoras, falo de psicólogas, falo de pedagogos, falo de administrativas que día a día tiñan que mirar á cara aos seus veciños e veciñas con nomes e apelidos, que coñecen as súas vidas, que coñecen as súas circunstancias persoais e a maioría moi duras, e tiñan que dicirlles unha e outra vez que ían tardar moito máis en chegar as axudas; ou que a axuda económica que recibían por coidar os seus familiares con dependencia se recortaba drasticamente; ou que se querían cotizar tíñano que pagar do seu bolsillo.

Mentres o Partido Popular executaba eses recortes, os e as profesionais dos servizos sociais daban a cara e, ségueno a facer, seguen a dar a cara porque aínda hoxe estamos a pagar as consecuencias, e custará moito volver a levantar o que vostedes, señorías do Partido Popular, dilapidaron dende que tiveron o atrevemento de asinar o Real decreto do 2012, auténtica arma letal para a dependencia que derivou nestas inxustizas. *(Aplausos.)*

Pero por iso hai que lle deixar claro á cidadanía unha cousa, temos que lle deixar clara á cidadanía unha cousa: cando lle tarda a axuda da dependencia, que na maioría dos casos están existindo —e agora darei datos— retrasos moi importantes, non é culpa desa traballadora social, non é culpa de que faga mal ou ben o seu traballo esa traballadora social; tampouco é culpa do alcalde ou da alcaldesa, do concelleiro ou concelleira porque non traballen a cuestión, senón que a única responsable é a Administración que ostenta a competencia e ten a batuta para resolver e non está a ser dilixente. E esa é a Administración galega, o Goberno da Xunta e neste caso a Consellería de Política Social. Non están a ser nin dilixentes nin responsables nesta materia.

E ter unha discapacidade ou dependencia en Galicia é máis complicado que no conxunto do Estado, porque aquí é costa arriba. Porque a desidia do Goberno galego e a falta de investi-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento fai que teñamos datos demoledores. O Goberno galego é o que menos inviste por habitante dependente de toda España. A espera media para recibir axuda da dependencia é de máis de 400 días, cando a lei marca que non debe superar os seus seis meses. Ou sexa, que o Goberno galego está a tardar en dar as axudas da dependencia máis do dobre do que a lei permite.

Un informe estatal de directoras e xerentes de servizos sociais destapou que o Goberno galego do Partido Popular escondeu case 10.000 solicitantes de dependencia para que non saíran nas estatísticas oficiais. Pois, señora conselleira, iso é o que din os informes estatais oficiais. ¿Menten entón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Logo respóndeme.

Cuarto. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tivo que ditar sentenza para que aporten os datos de contaxios e falecementos que tanto pedimos por covid nas residencias, por cada centro residencial. E que vostede dicía, señora conselleira, que xa estaban, que foramos a Google. Mandoume a Google a buscar, por non mandarme a outro sitio, claro está, claro. E manda truco por non dicir outra cousa, señora conselleira, que teña que vir a xustiza ditar sentenza para que aporten uns datos tan sensibles.

Señora conselleira, se son os que menos invisten, se tardan en resolver máis do dobre do permitido, se esconden 10.000 dependentes das listas de espera e ten que ser a xustiza a que obriga a aportar os datos de falecementos por covid en residencias, demóstrase que este Goberno galego é lento, tramposo e carece de transparencia. *(Aplausos.)*

Pero con este panorama, señora conselleira, dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos anos facendo propostas, intentando reverter esta situación. E pedimos ao Goberno galego incrementar o persoal dos equipos de valoración da dependencia, así como os de resolución de expedientes de PIA, de Programas Individuais de Atención; votaron en contra. Pedimos a elaboración por parte da Consellería de Política Social dun informe detallado dos cadros do persoal dos equipos de valoración da dependencia, que é clave neste asunto. Así como a propia previsión de aumento de técnicos, de ser o caso, para facer a propia diagnose e poder facer tamén o noso labor de poder vixiar o Goberno e poder tamén facer as nosas propostas con maior rigor e poder levar a cabo unha diagnose real da situación. Votaron en contra.

Pero pedimos tamén un informe sobre os datos das listas de expedientes sen resolución de grao de PIA e a lista de expedientes solicitados sen inicio de expediente no SIGAP, porque xa cheirabamos que existían solicitantes que non estaban no sistema, como destapou logo o propio informe, o que lle acabo de dicir, que existían 10.000 que estaban fóra do sistema de dependencia.

E tamén solicitamos, entre outras cuestións, a elaboración dun informe sobre o número de expedientes pendentes no PAR, no PAR, que é o Programa de Asignación de Recursos e das persoas que xa teñen os dereitos recoñecidos pero, se queren ir a unha residencia de maiores, aínda teñen que esperar moitísimo máis aínda, entre outras moitas cuestións. ¿E que obtivemos, señora conselleira? O seu voto en contra ou ben o silencio, pese a estar obrigados a render contas e a aportar a propia información que lle estamos a requirir, non eu a título persoal, senón como representante da cidadanía, que a cidadanía ten dereito tamén a saber que é o que se está a facer cos seus recursos.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero ¿que fixo o Goberno galego do Partido Popular ante estes datos, estes datos que a verdade que son demoledores e alertan?, pois facer que fan, pero en realidade a xente segue igual, esperando pola dependencia.

Primeiro, cambiaron de ubicación os profesionais dos equipos de valoración da dependencia, prexudicando con iso as propias persoas con dependencia e o propio traballo dos valoradores, xa que a maioría das valoracións sempre se fixeron nos domicilios. E o que fixeron foi reducir as valoracións nos domicilios tal e como recomendaban os profesionais e facer desprazarse ás persoas con dependencia ás propias instalacións da Xunta se querían ser valorados.

Logo dixeron que baixarían os tempos de agarda. O que non dicían é que estaban a valorar persoas con discapacidade por teléfono. Nós temos casos e repetinllo moitas veces, casos de persoas con xordo-cegueira que foron valoradas por teléfono.

E ademais agochando —repito— os case 10.000 solicitantes de dependencia das estatísticas. Isto para... non sei se esta é a fórmula do Goberno galego para reducir as listas de espera, gustaríame que me contestara, señora conselleira.

E, por último, como non, pois este é o argumento estrela do Goberno galego, botar as culpas ao Goberno central. E que hoxe veremos unha vez máis, culpar o Goberno actual dos recortes que vostedes fixeron, do propio presidente Mariano Rajoy.

Non sei por que pon esa cara, señora conselleira, estráñase. É o que fai sempre, botar as culpas ao Goberno estatal. Ademais vostede sabe que os recortes foron perpetrados polo Partido Popular e que hoxe estamos intentando loitar para recuperarnos, pero custará moito facelo porque é moi grave, é moi fácil tirar dunha patada unha torre, pero é moi difícil volver reconstruíla. E iso é o que está a facer o Goberno actual. Porque hai que contarlle á xente o que pasou, a chamada Lei de dependencia —como saben— naceu no 2006 polo Goberno socialista de Zapatero e tan só seis anos despois o Partido Popular intentouna fulminar con recortes dos que aínda hoxe nos estamos a recuperar. Case 3.000 millóns nunha soa lexislatura, señora conselleira. E Galicia, liderada polo Partido Popular tras case 13 anos, vai na mesma liña, pero a diferenza... vostedes con Rajoy é que... El polo menos foi sincero e vostede sabe que se comprometeu coa cidadanía con esa sinceridade dicindo que a dependencia non é viable. El díxoo, pero dende o Goberno galego non, dende o Goberno galego din que cren na propia Lei de dependencia, que é moi importante a Lei de dependencia, pero non invisten nela. Somos o Goberno que menos inviste de toda España.

E vostede, despois de 13 anos na mesma liña deste Goberno galego, terá o atrevemento agora de saír aquí seguramente a botar a culpa ao Goberno de España das súas incompetencias e irresponsabilidades, pero a diferenza entre o Goberno de España de Mariano Rajoy e o Goberno de Pedro Sánchez é que en materia de dependencia, onde o Partido Popular recortou 3.000 millóns nunha soa lexislatura, o de Pedro Sánchez en tan só un ano incrementou a aportación estatal para dependencia no dobre, señora conselleira.

Agora ante a presión dos pésimos datos dirán que incrementarán o persoal dos equipos de valoración de dependencia, tras votar en contra tantísimas veces, pero como sempre tarde,

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mal e a rastro. E mentres tanto a xente segue a esperar polos dereitos que ten recoñecidos por lei e que non se substancian pola propia inoperancia do Goberno competente na materia, que é o Goberno galego. Reseteen o *modus operandi* nesta materia que é moi sensible. Gobernen con empatía, pensen que o sector coidados é o futuro dunha Galicia cada vez máis envellecida, e que tarde ou temprano nos afectará a todos e a todas: os que hoxe temos saúde quizais mañá non; os que hoxe teñen recursos para pagar un recurso privado quizais mañá non o teñan. Actuemos e deamos voz por todas as persoas que polas súas circunstancias non poden alzar a voz ante estas inxustizas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Ortega.

Ten agora a palabra a conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez, por dez minutos.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Señor presidente e deputadas e deputados, señora Ortega, moi boas tardes.

Cando falamos dun asunto tan serio e do que están pendentes tantas familias en Galicia como é a dependencia, é necesario facelo co máximo rigor e tamén coa máxima seriedade. A Lei de dependencia supuxo un antes e un despois na atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade. Como vostede dicía, o Goberno que a puxo en marcha, que era das súas mesmas siglas políticas, o Goberno de José Luís Rodríguez Zapatero, non tivo en conta que dar unha atención de máxima calidade ás persoas maiores custaba cartos. As comunidades autónomas tivemos que facer fronte a esta carencia que nos deixou o señor Zapatero e fixémolo cun enorme esforzo tanto a nivel de persoal como a nivel de fondos. Aínda a día de hoxe, 16 anos despois da aprobación da Lei da dependencia, o compromiso económico do Goberno central segue estando moi pero que moi lonxe do que é desexable.

É certo que houbo avances neste ano e tamén no ano pasado, pero non se pode esquecer que aínda queda moitísimo camiño por andar. Nestes momentos Galicia destina á atención a dependencia máis fondos ca nunca antes, 430 millóns de euros neste mesmo ano 2022, unha cifra que non deixa de medrar ano tras ano e que crece a un ritmo moitísimo maior que a implicación do Goberno central.

Deses 430 millóns de euros o 70 % proceden das arcas autonómicas e tan só o 30 % procede do Goberno central, moi lonxe dese reparto equitativo que pretendía a concepción inicial do sistema de atención á dependencia, que como vostede ben sabe é unha financiación 50 % Estado/50 % comunidade autónoma. Se o Goberno central, señora Ortega achegase os 170 millóns de euros que lle faltan para igualar ano tras ano o investimento que fai a Xunta de Galicia, imaxínese vostede o impulso histórico que lle poderiamos dar ao sistema de atención á dependencia; é dicir, máis prestacións, máis calidade e máis servizos para as persoas maiores.

En suma total, os desequilibrios acumulados ao longo de todos estes anos acadan unha cifra que é realmente desoladora: 2.100 millóns de euros que Galicia debería ter ingresado despois

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de todos estes anos de débedas por parte do Goberno central, 2.100 millóns de euros durante todos estes anos que Galicia non ingresou e que irían directamente destinados ao bolsillo das persoas maiores.

Eu sei, señora Ortega, que non lle gusta que lle recorde este dato, pero vostede estou convencida de que preferiría que toda a responsabilidade recaese na Xunta de Galicia e que o Goberno central pois non tivese nada que ver nin tivese marxe de actuación. Pero si que a ten, si que a ten porque este desequilibrio no financiamento da dependencia non é exclusivo de Galicia, senón que lle ocorre a todas as comunidades autónomas a nivel nacional. E é fundamental para entender, para comprender como é o sistema de atención á dependencia e como foi evolucionando nos últimos anos.

Agora ben, durante todos estes anos Galicia non estivo de brazos cruzados esperando a que chegasen eses fondos por parte do Goberno central. Non estivemos de brazos cruzados nin moito menos, senón que fixemos, facemos e faremos todo o que estea na nosa man para que todos os galegos teñan un dos mellores sistema de atención á dependencia a nivel nacional, un dos mellores sistema de atención á dependencia que están aquí en Galicia. Porque durante estes anos *(Aplausos.)* cuadriplicamos o número de persoas dependentes atendidas, con respecto a cando gobernaban aquí en Galicia socialistas e nacionalistas. Pasamos de ter arredor de 15.000 persoas dependentes atendidas a ter a día de hoxe máis de 66.000 persoas dependentes atendidas na nosa comunidade e xa temos as vistas postas nos 70.000 dependentes atendidos. Somos a segunda comunidade autónoma a nivel nacional coa mellor porcentaxe de persoas dependentes atendidas e estamos nove puntos por riba da media nacional. E ¿sabe vostede cales son as dúas comunidades autónomas que saen peor paradas dese informe ao que vostede fala?, un informe dunha asociación, porque vostede lle chama a ese informe dunha asociación informes «estatales oficiales». É un informe dunha asociación que vostede me está citando. Pois ben, as dúas comunidades que peor paradas saímos somo Galicia e Castela e León, ¡que casualidade! Cando falo dese rigor e seriedade, ¿este dato non lle chama a atención? En pleno 2022, que unha persoa teña máis de 65 anos de idade non significa en ningún caso que sexa unha persoa potencialmente dependente, nin que requira axuda para ter unha vida plena, porque, ben ao contrario, todos coñecemos casos ao noso arredor de persoas de 60, de 70, de 80 e incluso de 90 anos ás que non lles gustaría nada que vostede lles chamara dependentes, senón que o que debemos é de pasar desa entelequia de persoas potencialmente dependentes a galegos realmente dependentes. Porque a cousa cambia moito. Cando falamos de galegos realmente dependentes, o 95 % das persoas que teñen dereito a un servizo ou a unha prestación xa o están recibindo nestes momentos.

Pero isto que lle estou dicindo non significa que sexamos en ningún caso nin triunfalistas nin que nos deamos por conformes. Porque hai que recoñecer que aínda queda moito por facer e queda moito camiño por andar.

Entre os retos que nos propoñemos, por suposto que está reducir a lista da agarda en dependencia. Estes tempos seguen sen ser os desexados pero nin en Galicia nin noutros lugares de España. É certo que, aínda que existen vías rápidas para atender aqueles casos de extrema urxencia, como pode ser o ELA, segue habendo un importante número de persoas esperando máis do desexable pola súa prestación ou polo seu servizo. Por iso contamos cunha folla de

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ruta aprobada, que é o plan de choque en dependencia, que vai reducir á metade os tempos de espera que se están rexistrando nestes momentos.

E con esta mesma finalidade imos continuar avanzando, imos continuar avanzando na simplificación normativa e administrativa para reducir á metade o formulario para solicitar a dependencia. Imos continuar redefinindo o programa individualizado de atención para fusionar o recoñecemento do grao coa determinación do recurso máis axeitado para cada persoa. Imos crear alternativas ao servizo preferido, imos continuar reforzando os equipos de valoración con máis centros e con máis profesionais que están ao seu cargo.

Señora Ortega, fala vostede do incremento do persoal valorador, e eu estou de acordo con vostede. Por iso temos hoxe un balance que nos avala. Dende hai oito meses están traballando 36 profesionais adicionais, entre terapeutas, médicos, psicólogos e traballadores sociais, para o que investimos 1,3 millóns de euros durante este ano. Este incremento de persoal xa está a dar os seus froitos e podemos dicir hoxe con orgullo que no último ano reducimos un 28 % o tempo que unha persoa espera pola súa valoración da dependencia. *(Aplausos.)*

É máis, simplemente no período que vai dende xaneiro a abril do ano 2022 xa incrementamos nun 31 % o número de valoracións da dependencia; é dicir, atendemos 1.000 galegos máis.

Por suposto que queda moito por facer e moito camiño por andar, pero, señora Ortega, para atopar exemplos de compromiso coas persoas dependentes non hai que irse fóra de aquí, non hai que irse fóra de Galicia, nin moito menos mirar para o seu Goberno central do Partido Socialista. Porque Galicia demostra día a día que os maiores e as persoas con discapacidade son e serán sempre unha prioridade. Do mesmo xeito que fomos avanzando de forma histórica nos últimos anos, con menos axuda ca nunca, por certo, por parte do Goberno central, asegúrolle que seguiremos marcándonos novos retos, máis axudas e máis prestacións que melloren a calidade de vida dos que tanto queremos que son os nosos maiores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López) : Moitas grazas.

Na rolda de réplica dona Marina Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, eu sei que, a verdade, que me poño no seu lugar e ten un papelón, ten un papel moi difícil de defender, porque só hai que ver o legado que nos deixou o Partido Popular en materia de dependencia. Ano 2016, tras os recortes, ante os cales antes facía mención do Partido Popular de Mariano Rajoy: «sólo el Partido Popular no firma el acuerdo para revertir los recortes en dependencia».

Seguimos, 126.000 dependentes faleceron sen prestación polo hachazo de Mariano Rajoy. Estamos a falar de que recortaron case 3.000 millóns de euros no sistema de axudas instaurado por Zapatero.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaba vostede agora da financiación por parte do Estado, en dependencia e a verdade é que cada día é máis dura co propio Mariano Rajoy, é que a van botar do Partido Popular, señora conselleira, porque cada vez é máis dura cos propios compañeiros do Partido Popular, porque a verdade é que eu estou totalmente de acordo con vostede, que non se está a cumprir precisamente entre outras cousas, polo real decreto que firmou o propio Mariano Rajoy no seu día. Iso vostede sábeo, é consciente, non? Non pode esconder a realidade. Eu entendo que intente enganar a cidadanía, pero a vostede mesma non se pode enganar. E a verdade é que está demostrado e os datos así o din, por exemplo, cando falamos da propia financiación, aquí en Galicia os datos oficiais, os últimos datos oficiais que temos: pasamos de 400.000 millóns, a cantidade que ten agora mesmo presupostada, máis de 400, 429 en concreto, deles máis de 140 foron aportados polo Estado; como vostede sabe, iso supón un 32,64 %, que non chega aínda aos 50 que dita a lei. Pero ¿sabe canto nos deixou de herdanza o señor Mariano Rajoy, o Partido Popular? Pois o 15,8, señora conselleira. Aténdame, por favor, porque isto é importante, sei que lle preocupa, o 15,8 no ano 2017 deixou o Goberno do Partido Popular, ¿que lle parece? ¿Pódeme contestar a isto? Si, claro, e agora Pedro Sánchez incrementou a un 32. ¿Que é máis un 32 % ou un 15 %?, señora conselleira. Explíquello a cidadanía, non engane.

Señora conselleira, a súa intervención é o mundo ao revés, a Xunta de Galicia é o Goberno que menos inviste por habitante potencialmente de toda España, e segundo os propios informes fixo caixa neste último ano coa dependencia, ou, como diría Feijóo, forrándose á conta disto. Esconden case 10.000 solicitantes dos que non dixo nin mu agora, non dixo nada, a ver se na segunda intervención fala desas 10.000 persoas que pediron a lei de dependencia e que non aparecen en ningunha estatística, a ver se fala delas.

Pero, ademais, son os pais do Real decreto 2012 que rompeu a dependencia recortando miles de millóns. E agora hai un Goberno no Estado que duplica os fondos que manda para a dependencia Galicia, mentres vostedes recortan 22 millóns para a dependencia, e as culpas son de Pedro Sánchez, señora conselleira. Con todos os respectos, hai que ter moita cara.

O que terían é que pedir perdón dende o Partido Popular, pedir perdón por vacilar a cidadanía, cando pedimos os datos de falecementos por covid nas residencias e nos mandan a Google a buscalos dicindo que xa existían e tivo que vir o Tribunal Superior de xustiza a exixir que se aporten xa, que disto tampouco falou. Pedir perdón por estragar unha das leis máis xustas das últimas décadas. Pedir perdón por dicir que existe un novo modelo residencial que é ficción. Pedir perdón por non facer complementaria a Risga co Ingreso Mínimo Vital e, como consecuencia diso, tratar como morosas familias sen recursos. E pedir perdón porque o resultado de que vostedes sexan o Goberno autonómico que menos inviste en dependencia, mentres o Goberno de España duplica os fondos, é que están a facer caixa cunha das materias máis sensibles que afectan a Galicia, señora conselleira. E, a pesar de todo isto, as persoas con dependencia e discapacidade e as súas familias merecen que blindemos os seus dereitos por riba de todo.

E vostedes teñen o temón —aínda que se ría o señor Pazos, que parece que lle fai moita graza ás señorías do Partido Popular— pero á xente que lle tarda máis de 2 anos en chegar á dependencia non lle fai ningunha graza *(Aplausos.)* porque son situacións moi complicadas, moi

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

complicadas. *(Aplausos.)* E hai moita xente que o está a pasar moi mal, *(Aplausos.)* e Galicia é a comunidade autónoma que menos inviste en dependencia de todo o territorio de España.

E vostedes teñen o temón. Déixense asesorar polo sector, polo propio sector que coñece. Xa non digo por min, por esta deputada nin por este grupo, polo propio sector que está alertando os propios profesionais de que as cousas non van ben e de que fai falta investimento en Galicia. Déixense asesorar, gobernen con empatía e non desvíen a ruta, porque na terra con maior porcentaxe de persoas con discapacidade de todo o Estado xogámonos moito, sobre todo estas persoas, pero ao final tocaranos a todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Peche da interpelación, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Ortega, unha Administración comprometida coas persoas maiores é aquela que contempla nas súas contas anuais o orzamento necesario para darlle a mellor atención. Unha Administración comprometida coas persoas maiores é aquela que pon á disposición das persoas maiores todos eses programas e todos eses servizos específicos que atendan as necesidades de cada maior. Unha Administración comprometida coas persoas maiores é aquela que ten en conta as súas opinións e que ten en conta as súas preferencias.

Por suposto, que o Goberno galego pode afirmar con total rotundidade que é unha Administración comprometida cos noso maiores. *(Aplausos.)* Somos unha Administración comprometida cos nosos maiores porque destinamos cada vez máis fondos para a súa atención; porque somos a Administración que cada vez damos máis servizos e poñemos en marcha máis coidados no noso rural; poñemos en marcha cada vez máis coidados no domicilio das persoas maiores, máis coidados de forma diúrna, máis coidados residenciais; e porque somos unha Administración que sabemos escoitar. *(Aplausos.)* Escoitamos os nosos maiores *(Aplausos.)* e cando lles preguntamos onde queren pasar esa etapa da súa vida a maioría dos maiores en Galicia dinnos que queren quedar nas súas casas. Por iso imos continuar traballando e impulsando o Servizo de Axuda no Fogar, para que vaian profesionais ao domicilio das persoas maiores. Imos continuar abrindo máis casas do maior, recursos de atención diúrna no noso rural —onde antes non había absolutamente nada—. Imos continuar abrindo máis centros de día e máis residencias; esas 900 novas prazas públicas que imos abrir na nosa comunidade a través das 7 residencias que vai financiar a Fundación Amancio Ortega.

A nova residencia dese novo modelo de residencias de coidados aquí en Galicia, que vostede di que non existe, vai estar no Barbanza. A nova residencia de Antas de Ulla, a posta en marcha da nova residencia de Cerdedo-Cotobade, máis de 18 millóns de euros que imos destinar aos concellos galegos para que creen recursos residenciais, recursos de atención diúrna; é dicir, para que os maiores poidan continuar vivindo preto das súas casas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, señora Ortega, por moito que vostede veña a este escano berrar e dicir cifras que non son reais, dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia non nos imos agochar, porque estamos moi orgullosos do que levamos traballado e do que levamos feito aquí en Galicia dende o ano 2009. Multiplicamos por catro a cifra de centros de día, duplicamos as prazas sostidas con fondos públicos en residencias de persoas maiores, incrementamos sete veces máis a cifra de beneficiarios do Servizo de Axuda no Fogar, impulsamos a teleasistencia, que practicamente non existía en Galicia. En definitiva, imos continuar traballando para continuar coidando os nosos maiores, todas esas persoas que traballaron sen descanso para construír a Galicia que temos a día de hoxe.

E, por suposto, que con fondos ou sen fondos de parte do Goberno central do Partido Socialista, imos continuar incrementando as contas públicas destinadas á dependencia por parte da Xunta de Galicia. Imos continuar mellorando as prestacións, mellorando os servizos, creando máis servizos no noso rural para que as persoas maiores vivan aquí en Galicia e que esta sexa a mellor comunidade onde facerse maior.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno. Comezamos co debate acumulado.

Debate acumulado de dúas preguntas

Pregunta de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo eólico do Goberno galego na actualidade

Pregunta de Dª Marta Nóvoa Iglesias e cinco deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego do actual modelo de desenvolvemento eólico de Galicia

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

O cambio climático e a degradación ambiental son xa unha realidade, e o seu impacto é evidente, supoñendo xa unha ameaza para a humanidade. Polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer as medidas ao noso alcance para loitar contra este cambio climático e o seu impacto sobre o noso planeta, sabendo que as medidas para combatelo non poden estar só enfocadas nun problema medioambiental, senón que tamén deben contemplar o reto social e o reto económico que van asociados.

En decembro de 2019 a Comisión Europea acordou o Pacto verde europeo para superar os desafíos do dito cambio e transformar a Unión Europea nunha economía moderna, compe-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

titiva e eficiente no uso dos recursos. Garantindo a neutralidade carbónica na xeración de enerxía en 2050, un crecemento económico desvinculado do uso de recursos sen que ningunha persoa e ningún territorio queden atrás.

Esta realidade, unida á invasión de Ucraína polo exército ruso e as súas consecuencias, urxen a transición enerxética e a eliminación gradual da nosa dependencia das importacións de gas, petróleo e carbón rusos.

En marzo houbo unha reunión dos xefes de Estado ou de Goberno da Unión Europea que acordaron a Declaración de Versalles, para axilizar o desenvolvemento de enerxías renovables, e propuxeron a elaboración do Plan Repower EU.

Foi presentada pola Comisión o 18 de maio, e o mesmo día publicouse a Recomendación 822 sobre a aceleración dos procedementos de enerxías renovables, poñendo as enerxías renovables no núcleo da transición cara ás enerxías limpas necesarias para acadar os obxectivos do Pacto verde europeo.

O pasado 6 de xuño o presidente Rueda presidiu o acto da sinatura da Alianza Galega polo Clima, na que manifestou tres cuestións importantes: situar a Galicia á cabeza das rexións europeas no reto de conseguir a neutralidade climática en 2050; aproveitar a oportunidade dos fondos Next Generation para acadar ese obxectivo; e defender a política en enerxía eólica da Xunta de Galicia.

Polo que, señor conselleiro, os socialistas consideramos que hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial industrial que tivemos no pasado e que perdemos pola paralización da súa implantación durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia. Recórdolle que a potencia instalada nestes momentos en Galicia é de 3.850 megavatios, que do 2005 ao 2009 no bipartito se instalaron 721 megavatios en 4 anos, e a potencia instalada nos 13 anos de Goberno do señor Núñez Feijóo foi de 718 megavatios só no ano 2019.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grazas.

Terminou o tempo. Grazas.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, agora aquí xa sabe que o tempo non é como nas outras ocasións.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Formula agora a pregunta dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

E benvido de novo a vostede, señor vicepresidente primeiro.

A verdade, señorías, é que eu pensaba que retirarían da orde do día esta pregunta sobre o sector eólico tras o seu voto contrario desta mañá á iniciativa do Grupo Popular sobre solicitar a retirada da nova tramitación eólica que quere impulsar o Goberno central suprimindo a tramitación ambiental, suprimindo a información pública e suprimindo a consulta aos órganos sectoriais das comunidades autónomas. A verdade é que, señorías do PSdG, hoxe quedaron deslexitimados para falar do sector eólico e a súa compatibilidade co medio ambiente en Galicia. *(Aplausos.)*

Hoxe, señorías, é outro deses días en que é difícil ser do Partido Socialista de Galicia. Si, é un día deses difíciles nos que, unha vez máis, se pregaron ante o Goberno do señor Sánchez e cambiaron de rumbo sen sentido. Hai uns meses opúñanse a calquera parque eólico que quixese instalarse na nosa comunidade, mesmo pedían que incumprísemos a lei paralizando a súa tramitación. E hoxe todo lles vale. ¿Está de acordo vostede, señora Rodríguez Rumbo, con que se instalen en Galicia proxectos de ata 75 megavatios meramente cun informe de afeccións ambientais presentado polo promotor?

Falaban vostedes moitas veces aquí neste Pleno sobre a falta de información pública, sobre todo de información cara aos veciños dos pobos afectados onde se querían instalar os eólicos. E agora vostedes están de acordo con que se elimine a información pública e, por tanto, a posibilidade de que eses veciños fagan alegacións a eses parques eólicos.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, *(Murmurios.)* en Galicia somos líderes en enerxía eólica e non grazas a vostedes, porque vostedes gobernaron 4 anos e o único que conseguiron, xunto co BNG, foi facer o ridículo, cun modelo eólico anulado pola xustiza e que lles causou unha profunda fractura entre o presidente naquel momento, o señor Touriño, e o conselleiro de Industria do BNG.

Señorías, Galicia é líder en enerxía renovable e é grazas aos gobernos do Partido Popular e a un modelo eólico claro, xusto e ordenado que blinda o 77,5 % do territorio galego fronte á implantación de eólicos, porque en Galicia está prohibido implantar eólicos na Rede Natura e existe un plan sectorial que ordena as áreas de desenvolvemento onde se teñen que instalar.

O modelo eólico galego, señor vicepresidente, non é respectado polo Goberno central. O Ministerio para a Transición Ecolóxica quere continuar coa tramitación dos proxectos que non cumpren a Lei eólica galega por estar fóra das áreas sectoriais ou mesmo por estar en Rede Natura. E a oposición aquí neste Parlamento, caladiña.

E con todo isto, señor vicepresidente, este grupo hoxe quere coñecer cun pouco máis de detalle cal é a realidade do modelo eólico actual en Galicia e cales son as propostas de futuro.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, señora Nóvoa, moitas grazas por traer por parte dos dous grupos parlamentarios o debate sobre o futuro do sector eólico e o desenvolvemento das enerxías renovables a este Parlamento.

Eu creo que non hai ningún tipo de dúbida e tampouco ningún tipo de escusa para acelerar o proceso de descarbonización e, polo tanto, alcanzar os obxectivos de clima previstos para o ano 2030. De feito, eses obxectivos que veñen marcados por parte do Goberno na Lei 7/2021, como saben, esta comunidade autónoma xa os ten cumpridos hoxe.

O Goberno está marcando uns obxectivos cara ao ano 2030, en concreto do 42 % de renovables no consumo de enerxía final e do 74 % de renovables na xeración de enerxía eléctrica, e, como saben, as renovables en Galicia xa supoñen o 46,2 % do consumo de enerxía final e tamén xa supoñen o 74,3 % de xeración de enerxía eléctrica. Polo tanto, Galicia claramente vai seguir traballando por esa Galicia máis verde no ano 2030, pero tamén por unha Galicia neutra en carbono no ano 2050. E, polo tanto, diminuír a dependencia enerxética do exterior e contribuír, polo tanto, a conseguir o acceso á enerxía para que estea ao alcance de todos. Iso, loxicamente, temos que facelo entre todos incrementando a nosa capacidade de xeración renovable, fomentando o autoconsumo, o uso eficiente de recursos; e, por suposto, tamén construíndo unha industria eficiente e sustentable, e creo que son obxectivos compartidos.

Si me estraña, señora Rumbo, que hoxe se dedicara a facer política internacional e que trouxera a este Parlamento realmente todo o argumentario do Ministerio de Transición, o cal eu lle agradezo enormemente, coñecémolo ben, non o compartimos; pero, loxicamente, é un pouco sorprendente. Porque, efectivamente, sempre que vostede me fala do Programa Repower EU, que efectivamente vén de ser aprobado, non só se fala de aceleración das enerxías renovables, que é un obxectivo compartido, debería seguramente trasladar como ese mesmo programa lles está trasladando aos países membros da Unión Europea a importancia de que a transición enerxética non consiste en desconectar toda a xeración eléctrica que temos no noso país e conectar só renovables. Non, non, non. Tense asumido que é necesario manter a xeración eléctrica tamén de centrais térmicas e de nucleares precisamente mentres camiñamos cara a esa transición enerxética. E non o di este Goberno; non, non, dío a propia Comisión Europea.

Polo tanto, está ben que fale de política internacional, pero traia todas as decisións que se estean adoptando, porque é certo que o seu Goberno só quere cumprir unha parte do programa Repower. É certo, pero é que o programa Repower é para todos e en todas as medidas. E, polo tanto, esta política enerxética a que nos ten acostumados o Ministerio de Transición realmente é sorprendente.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que nós sabemos, o que quero falar é de Galicia, e cando falamos de Galicia e falamos do Partido Socialista eu non sei a que aterme. Hai un ano, non hai moito tempo, os señores Arangüena e Seco reivindicaban aquí neste Parlamento a pancarta do non á enerxía eólica exixindo minimizar o impacto ambiental e social. Está nas actas deste Parlamento. E hoxe o señor Formoso e vostede reivindican a barra libre; unha barra libre simplemente exixindo autorizar todos os proxectos porque si, porque o vale o Ministerio de Transición para xustificar unha transición enerxética desordenada e inxusta que están promovendo vostedes desde o Goberno.

Miren, o Partido Socialista quere agora que en Galicia saltemos as garantías ambientais e esa normativa autonómica que ofrece un desenvolvemento eólico ordenado. Non o imos facer. Nós imos manter as garantías dende o punto de vista medio ambiental no noso territorio e, dende logo, nós non imos confrontar. E vostedes verán se o Partido Socialista de Galicia defende os intereses de Galicia ou o Partido Socialista de Galicia defende uns intereses e unha xustificación, unha escusa do Ministerio de Transición. Seguramente vostede terá esa resposta. *(Aplausos.)*

Este Goberno ofreceulle á ministra de Transición un pacto, un pacto precisamente para un desenvolvemento do sector eólico ordenado, e un pacto para que naqueles parques eólicos que non cumpren coa normativa autonómica se desistise da súa tramitación en Madrid. A resposta foi que non, que non hai nada que pactar con Galicia, que dá igual que un parque sexa imposible o seu desenvolvemento porque non cumpre co ordenamento territorial, que en Madrid imos seguir tramitando eses parques.

Se vostedes o que queren é pasar por encima da normativa autonómica e non garantir dende o punto de vista medioambiental e dende o punto de vista do territorio o desenvolvemento do sector eólico, para iso, señora Rodríguez Rumbo, non conten co Partido Popular, non conten coa Xunta de Galicia.

Como lle dicía, imos seguir traballando e imos seguir traballando porque estamos convencidos da importancia que ten o desenvolvemento da enerxía renovable en Galicia. E eu o único que lle traslado é que imos seguir traballando por un modelo ordenado e garantista. Se vostedes se queren sumar, benvidos, porque dende logo sumando conseguiremos os obxectivos dunha forma máis rápida e con moita máis intensidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, a verdade é que vostede di que hoxe pode ser un día difícil para min estar no Partido Socialista. Non o é. Eu creo que o que é difícil é estar no Partido Popular todos os días, absolutamente todos os días. *(Aplausos.)* E tamén vexo que vostede sabe que pode haber

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cambio, porque dirixe as preguntas a esta bancada. Polo tanto, vostede xa ve que aquí está o cambio, o relevo para a Xunta de Galicia. Moitas grazas, porque o van asumindo.

Mire, señor conselleiro, vostede hoxe vén aquí sacar peito, igual que o facía o outro día o señor presidente Rueda, coa redución de emisión dos gases de efecto invernadoiro. Pero vostede sabe perfectamente que esa maior parte non vén polas medidas implementadas pola Xunta de Galicia, vén polo peche das centrais de Meirama e polo peche da central térmica das Pontes. Polo tanto, non veñan vostedes a dicir que implementaron medidas e que grazas a iso Galicia está en mellor posición que o resto das comunidades.

E tamén é verdade que vostede intenta confundir, non sei se o seu grupo ou a cidadanía que nos está escoitando, cando fala de que o Estado vai ter en conta todos os proxectos. Evidentemente, pero vostede sabe, e ese argumento empregouno vostede aquí moitas veces, que admitir a trámite non quere dicir que sexan valorados positivamente e que sexan autorizados para a súa instalación. Polo tanto, non intente confundir ninguén.

Mire, señor conselleiro, nestes momentos clave para a transición enerxética, xunto con estes fondos Next Generation, aos que vostedes votaron en contra, a implantación de enerxía eólica debera ser unha prioridade para a Xunta de Galicia que nos permitira volver a ser líderes mundiais no sector, aproveitando as nosas potencialidades. Temos un recurso abundante, temos o coñecemento e temos as capacidades e a experiencia necesarias para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pero a inexistente política…

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas… Xa sabe como vai isto. Grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Moitas grazas, señor vicepresidente, polas súas cumpridas explicacións sobre a situación do modelo eólico e sobre os seus problemas e, sobre todo, moitos problemas que está a causar o Goberno central.

Á señora Rodríguez Rumbo… Eu, señora Rodríguez Rumbo, a xente ademais de falar con nós, vótanos, e por iso vostedes son a terceira forza, o Bloque a segunda forza e por iso aquí hai 42 deputados e aí hai 14 e alí 19. Miren, a realidade é esa. *(Aplausos.)* E, claro, e vostede cambiaríase agora mesmo por estar aquí. Claro, pero non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Claro, miren, señora Rodríguez Rumbo, é que falar de centrais térmicas… Eu, de verdade, é que sentiría pudor porque vostede é da zona. Vostede é da zona e sentiría vergonza. Porque, como lle dixo o señor vicepresidente, a Unión Europea acaba de declarar a moratoria das

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

térmicas e das nucleares, e estano facendo moitos países da Unión Europea. E en España o que está ocorrendo con este ministerio intransixente de enerxía, o que está facendo é pechar as térmicas, veremos o que fai coas nucleares, que parece que tamén, e fiándoo todo ao gas. E aínda por riba ao gas lle poñemos un tope e ese tope resulta que hoxe é noticia por non cumprir as súas expectativas e en vez de baixar o prezo da luz o incrementa nun 5 %. E esa é a realidade. O mesmo fixeron vostedes co combustible, a rebaixa dos 20 céntimos que quedou totalmente sen efecto.

Miren, en canto ao sector eólico. Eu cando os escoito agora á nova facción do Partido Socialista falar de tender a man e imos chegar a acordos co eólico, eu tamén o agardo. Pero iso si, esta mañá tivemos Mesa da Comisión 6ª e volveron meter vostedes unha iniciativa do sector eólico veremos en que sentido, no sentido de paralizar un proxecto, supoño, que é o de Cerdedo-Cotobade. Iso é o que vimos esta mesma mañá na Mesa da Comisión 6ª. Polo tanto, cando vostedes falan de tender a man, menos falar e máis feitos, señoría, que iso é o que non están a facer vostedes.

Señor Conde, agradézolle que nesta seguinte quenda nos fale un pouco máis do sector eólico...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... para que o Partido Socialista poida ver...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. *(Aplausos.)*

Peche destas preguntas, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, señora Nóvoa, efectivamente, a verdade que é moi difícil moitas veces e seguramente a cidadanía ás veces non entende que é o que está a pasar. O Bloque Nacionalista Galego quere paralizar o sector eólico porque si. O Partido Socialista quere desenvolver o eólico sen ningún tipo de límites e de garantías porque si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, automaticamente isto é moi complicado, ¿non? O Bloque negando o desenvolvemento do sector eólico e o Partido Socialista intentando que non haxa ningún tipo de garantías no desenvolvemento do sector.

Nós estamos onde estivemos sempre: co desenvolvemento do sector eólico dunha forma ordenada, dunha forma garantista, dunha forma intentando protexer o medio ambiente e, efectivamente, intentando poñer Galicia no liderado do desenvolvemento do sector. Insisto en que as renovables en Galicia xa supoñen o 74,3 % da xeración de enerxía eléctrica cando o obxectivo de España para o ano 2030 é do 74 %. Xa cumprimos ese obxectivo e estamos no ano 2022. Igual que cumprimos o obxectivo como o desenvolvemento das renovables no consumo de enerxía final, onde xa temos ese 46 % fronte ao obxectivo do 42 %.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A min o que me gustaría loxicamente é que o Partido Socialista de Galicia intentara chegar a acordos para, efectivamente, desenvolver o sector das renovables. Vai ser moi difícil se vostedes simplemente son portavoces do Ministerio de Transición en Madrid, porque evidentemente o Ministerio de Transición ten outros obxectivos que en nada se parecen a intentar apoiar un desenvolvemento garantista do sector das enerxías renovables en España. E deberían saber onde se queren situar. Eu non sei se esta mañá vostedes á hora de votar esa barra libre para o desenvolvemento do sector eólico en Galicia, se lles consultaron aos asinantes do pacto que vostedes promoveron en Galicia ou chamaron a Madrid para consultar o voto. Seguramente foi o segundo, porque vai ser moi difícil que lles poidan explicar aos sindicatos e aos asinantes dese pacto en Galicia por que están defendendo que se poidan autorizar parques sen ningún tipo de control medioambiental, sen ningún tipo de control e de información pública.

Polo tanto, creo que o Partido Socialista de Galicia debería saber onde se quere situar. Se se quere situar cun desenvolvemento ordenado do sector, terá a Xunta de Galicia á súa disposición para traballar conxuntamente. Se vostedes se sitúan cunha transición enerxética desordenada e inxusta, que simplemente quere desenvolver parques porque si, entón creo que este non é o lugar onde vai atopar o entendemento. Eu fágolle propostas concretas.

Mire para tramitar un parque non só hai que cumprir os informes sectoriais dende un punto de vista medioambiental, para desenvolver un parque hai que saber se ese parque dende o punto de vista da ordenación do territorio é posible ou non é posible. E, cando un parque non é posible porque está fóra do Plan sectorial eólico, non hai nada que tramitar, porque non é posible. A pregunta é por que o Ministerio de Transición se empeña en que desenvolvamos os informes sectoriais de algo que non é posible. ¿Por que? Seguramente vostede terá que pedirlle o argumentario ao Ministerio de Transición para poder responder esta pregunta. Eu o que lle pido é que apoie a Xunta de Galicia para que o Ministerio de Transición cumpra coa normativa galega e a partir de aí seguramente podemos encontrar algún tipo de acordo. *(Aplausos.)*

Tamén me gustaría saber onde se vai situar o Partido Socialista de Galicia coa proposta que traeremos a esta Cámara na Lei de áreas empresariais, precisamente para favorecer a tramitación daqueles parques que se comprometan a vender máis dun 50 % de garantía de subministración ás industrias. E gustaríame saber onde se vai situar. Porque o que estamos buscando, efectivamente, é que se poida favorecer o desenvolvemento áxil dos proxectos. ¿Que vai facer o ministerio? ¿O ministerio vai garantir a prioridade dos parques que vai precisar Alcoa para poder asinar os contratos bilaterais? ¿Temos esa garantía por parte do Ministerio de Transición? Por parte da Xunta de Galicia xa lle adianto que si, pero sabe perfectamente que o 45 % dos parques que están incluídos no acordo que asinou Alcoa con Greenalia depende a súa tramitación do Ministerio de Transición, porque son parques de máis de 50 megavatios. ¿Cal vai ser a posición do Partido Socialista de Galicia? ¿Vai defender Alcoa ou vai defender os intereses do Ministerio de Transición? Sería bo saber tamén esa resposta. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señora Rodríguez Rumbo, nós tendémoslles a man. O que precisamos é que haxa unha colaboración por parte do Ministerio de Transición. Lamentablemente nestes momen-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tos non a temos. Temos un Ministerio de Transición que está confrontando con todos para intentar xustificar unha transición enerxética que a propia Comisión Europea lle acaba de emendar co programa Repower. Simplemente porque o programa, como sabe perfectamente, establece que o desenvolvemento da transición enerxética tamén pasa por garantir a subministración, a garantía de subministración no curto prazo, e iso supón manter a aposta tamén polas centrais térmicas e a nuclear. E diso vostedes non queren falar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos plans do Goberno central á hora de planificar a renovación das liñas de autobuses da súa competencia

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Dende este Grupo Parlamentario Popular estamos realmente preocupados pola deriva que está a tomar o Goberno central en materia de mobilidade. A Lei de mobilidade sostible suporá, entre outros, deixar a zona rural sen tren, pero non lles chega con iso, senón que agora se meten co transporte colectivo por estrada. O pasado 26 de maio o Goberno estatal presentou ás comunidades autónomas o novo mapa de concesións de transporte colectivo por estrada de competencia estatal. Este novo mapa concesional das liñas de autobús estatal supón unha nova aldraxe a Galicia porque vai supoñer un drástico recorte no número de liñas e de paradas no noso territorio, reducindo así a capacidade de mobilidade dos galegos e galegas xa condicionada polas características da nosa comunidade cunha situación xeográfica periférica, unha forte dispersión e o avellentamento da poboación.

O que pretende o Goberno central é que se cubran só servizos interautonómicos con rutas máis curtas e rendibles economicamente, o que de entrada supón a perda de 76 itinerarios interiores que ata o de agora se viñan prestando.

Ademais, modifica os tráficos interautonómicos ou redúceos de xeito drástico, prevendo só paradas nas capitais de provincia ou cidades principais, o que significa que 23 municipios quedarán sen parada e sen servizo, afectando a máis de 136.000 galegos.

Ademais, as modificacións propostas suporán que os usuarios terán que combinar diferentes liñas e facer transbordos en máis de 1.000 traxectos que ata o de agora se prestaban de xeito directo.

En definitiva, o Estado prima a rendibilidade económica e a planificación dos desprazamentos urbanos e metropolitanos, que son os que presentan unha maior demanda, en detrimento das zonas máis rurais, o que supón un novo golpe aos nosos municipios máis pequenos e ao noso rural.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os cambios responden, segundo o Goberno de Pedro Sánchez, á estratexia de mobilidade segura, sostible e conectada 20-30 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Pero, dende logo ao meu xuízo, a forma de actuar responde a unha estratexia de inmobilidade, insegura, insostible, e desconectada, cando o que se fai é limitar servizos, liñas e paradas de moitos dos nosos municipios sen ter en conta a sostibilidade social.

Cónstanos que dende a Xunta de Galicia se mostrou xa o desacordo, porque prexudica gravemente os intereses dos galegos e galegas e supón un agravio para ao noso rural.

E tamén, dende este Grupo Parlamentario Popular é lóxica a preocupación polo que poderán supoñer estes recortes que pretende impoñer o Goberno de España no eido do transporte público por estrada de titularidade estatal e queremos preguntarlle cal é a valoración, que valoración fai o Goberno galego dos plans do Goberno central á hora de planificar a renovación de liñas de autobuses da súa competencia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O certo é que nós, como Xunta de Galicia, temos que mostrar a nosa fonda preocupación polo novo mapa concesional que está promovendo o Goberno de España, porque supón un enorme prexuízo a Galicia, e polo tanto, unha máis en contra dos intereses de Galicia e prexudicando Galicia.

Nós, cumprindo a nosa obriga de defender os intereses lexítimos dos galegos, xa manifestamos a nosa oposición frontal e o noso rexeitamento a este novo mapa concesional que está a promover o Ministerio de Transportes, porque supón un recorte dos servizos, tamén un recorte á calidade dos propios servizos e unicamente prima o rendemento económico desas liñas de autobús.

O certo é que esa renovación no mapa de transportes o vemos como un auténtico despropósito, un despropósito non só para Galicia senón tamén para España. O certo é que se están a reducir de forma drástica, unha poda aos servizos. Aquí temos información do propio Ministerio de Transportes, número de municipios con parada, menos 74 %, e tamén persoas e poboación servida 3.200.000 persoas sen parada. Polo tanto, unha poda radical no que supón xa non soamente en España, senón tamén en Galicia. En Galicia 26 concellos sen parada; concellos pequenos, como pode ser Coirós ou Forcarei; pero tamén concellos como Lalín, O Porriño; e concellos tamén que están no propio Camiño de Santiago, como Palas de Rei e Melide. 1.100 rutas que deixan de ter un servizo directo, de transporte público, que obriga a facer transbordos nesas liñas de longo percorrido e, polo tanto, é un empeoramento da ca-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lidade do servizo público. Polo tanto, o transporte, o mapa de concesións que promove o Goberno de España, dende logo, é menos público e menos colectivo.

E por iso o rexeitamos. Ao Goberno de España non lle importa que perdamos 507 tráficos con Castela-León e Asturias, tamén que perdamos tráficos directos con Bilbao-San Sebastián; e xa o absurdo é que, por exemplo, o autobús que conecta Santiago-Bilbao pois que pare en Ribadeo e poida abrir portas para baixar pero non se poida subir. Polo tanto, o absurdo na eficiencia no transporte público.

Adoece tamén de falta de sensibilidade e xa pois redondear a desfeita é pasar a pelota ás comunidades autónomas. Dende logo que utilizar de escudo as comunidades autónomas neste asunto, dende logo, é un auténtico abuso ás comunidades autónomas.

Polo tanto, son medidas que non podemos compartir, igual que as medidas de Anteproxecto de lei de mobilidade sostible, que supón ata a defunción do tren de media distancia e queren suprimilo e unicamente importa o rendemento económico. Polo tanto, menos público e menos colectivo, e por iso pedimos unha rectificación deste novo mapa de concesión estatal.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira pola súa resposta.

Vemos diferentes formas de traballar, o mesmo que o vimos durante a pandemia, quen traballou, que fixo o Goberno de Estado, que fixo o Goberno das comunidades autónomas, especificamente Galicia, e o mesmo en materia de transporte. Dicía diferente forma de traballar: mentres o Goberno galego do Partido Popular traballou arreo para renovar e modernizar todas as concesións de transporte público interurbano, para conseguir un mellor transporte para os galegos e galegas, o Goberno de Pedro Sánchez pois desmantela o tren e agora tamén o transporte colectivo por estrada recortando, como manifestou, liñas, servizos e paradas.

Lamentablemente o Goberno estatal goberna a golpe de ocorrencias, sen sentido común, cun descoñecemento totalmente absoluto do territorio, das necesidades das persoas, e supeditando a planificación do transporte público unicamente, como dicía, a criterios de rendibilidade económica. Visto o visto, é o único que lle importa aos planificadores estatais, a rendibilidade económica, non resolver os problemas e necesidades das persoas.

E iso é claramente un erro de concepto, porque estamos a falar de transporte público onde a rendibilidade social é claramente un dos seus piares fundamentais, e iso non o teñen claro. Dende logo, imos mal e é de especial gravidade. Dende logo, dende este Grupo Par-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lamentario Popular, imos axudar con toda a nosa forza ao Goberno galego a denunciar este novo atentado do Goberno de Pedro Sánchez a Galicia, ás necesidades de mobilidade dos galegos e galegas e nomeadamente ao noso rural, e esperamos que os grupos da oposición neste Parlamento se sumen tamén a esta denuncia contra o Goberno do Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Dende logo que é imposible que o Goberno galego, que a Xunta de Galicia comparta este novo mapa concesional de autobuses de titularidade estatal. A súa concepción é totalmente oposta ao que nós pensamos, ao que nós planificamos e ao que nós facemos. Hai dous modelos en materia de transporte público da Xunta de Galicia que é incrementar é mellorar os servizos públicos de transporte, e o que estamos a ver con este novo mapa concesional que impuxo o Goberno de España, que é desmantelar ese servizo público de transporte.

O certo é que estes días vemos como colapsou o viaduto da A-6, pero o certo é que tamén vemos como tamén colapsou todo o ministerio nas políticas de mobilidade. E aí temos os dous modelos: o que desmantela os transportes públicos, como vemos no tren, no tren de media distancia con diferentes recortes que estamos a ver en Renfe. E o modelo que propuxemos dende a Xunta de Galicia, que transformamos en oportunidade o novo mapa de concesións de autobuses da nosa competencia, unha completa renovación con novas modalidades de transporte, o bus compartido; o transporte á demanda unha política tarifaria económica e igualitaria e unitaria en toda Galicia; un incremento de 160 % das paradas, un incremento do cen por cento dos servizos comparado co ano 2016; e a implantación desa tarxeta Xente Nova, unha iniciativa pioneira, unha iniciativa social para a xente moza e que xa desfrutan 112.000 mozos en Galicia.

Polo tanto, aproveitamos esa renovación do mapa de transportes na Xunta de Galicia nas nosas competencias para que sexa un transporte máis útil, máis atractivo e máis vertebrador, e optimizar o transporte público para chegar a máis sitios.

Eu imaxino que opinarían os diferentes grupos desta Cámara se fixeramos o mesmo que está a facer o Goberno de España con ese novo mapa concesional —se me permiten, sigo falando— que sería que as nosas liñas de transporte unicamente conectaran estación de autobuses con estación de autobuses, e eliminaramos todas as paradas intermedias. Os grupos políticos desta Cámara que votarían e que me dirían. O certo é que estamos a ver que a postura dos diferentes grupos políticos e aí está a defensa dos intereses dos galegos, a defensa do interese de sustentar o Goberno de Pedro Sánchez.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós, como Goberno da Xunta de Galicia, defendendo os intereses lexítimos, seguiremos pedindo reivindicar un dato xusto nas nosas necesidades, un mapa de transporte público que atenda as peculiaridades de Galicia, a nosa dispersión e as nosas necesidades de mobilidade. E o certo é que non é a Xunta de Galicia a única que está amosando un rexeitamento total, senón que hai moitas comunidades autónomas que xa amosaron o seu rexeitamento total a este novo mapa de concesións.

O Goberno de España desaproveitou unha ocasión magnífica para renovar un transporte público e para estar á altura do que se necesita en materia de transporte público pois prima o rendemento económico en vez do rendemento social. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Grazas.

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento por parte do Goberno galego das súas obrigas de conservación e mantemento dos inmobles incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe veño falarlle dos incumprimentos da Xunta de Galicia co noso patrimonio cultural, en concreto co Pazo de Lourizán de Pontevedra, que é un dos edificios máis fascinantes de Galicia e unha clara mostra da decadencia que presenta o noso patrimonio polo desleixo das políticas do Partido Popular. Un pazo que pasou de ser un palacio de referencia do Estado a principios do século XX-finais do XIX a un edificio ruinoso, precioso si, pero ruinoso, polo deficiente estado de conservación cun interior que ameaza con caer a pedazos ata o punto de non ser posible entrar en ningunha das súas dependencias, con paredes desconchadas, deteriorados os teitos con frisos de escaiola e agretados pisos de madeira que piden a gritos a súa urxente restauración.

Fronte a isto, a Xunta mira cara a outro lado. Dende o ano 2017 a Deputación de Pontevedra requiriulles unha actuación por seren vostedes competentes, pero deron cun muro. Vostedes eran a Administración competente porque así o asinou no ano 1991 un convenio de cooperación entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Deputación de Pontevedra, que a presidía César Mera, do Partido Popular. Un convenio polo que a Xunta non só ostenta posesión, uso e desfrute da finca de Lourizán, senón que tamén ten a obriga de efectuar as obras de conservación necesarias para o mantemento da zona nobre do conxunto. Pero a pesar disto, de múltiples requirimentos de actuación por parte da deputación, non fixeron vostedes nada, ata que tivo que ser a xustiza este ano a que, ante unha demanda interposta polo organismo provincial resolveu sacándolles as cores. Unha sentenza que xa é firme e que di literalmente que está acreditada a existencia da obriga a

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cargo da Administración autonómica de efectuar as obras de conservación e recoñece que a dita obriga está a ser incumprida. A verdade é que dá bastante vergoña que gobernen vostedes a base de sentenzas, quero dicir, que teña que ser a xustiza a que os obriga a cumprir as súas obrigas.

Pero, ademais, déixame máis abraiada e é aínda peor a resposta deste Goberno á sentenza, que a entenden ademais cumprida cun investimento de 200.000 euros; 200.000 euros que non chegan nin para facer un lavado de cara nun conxunto arquitectónico que os técnicos do servizo provincial de arquitectura no ano 2019, ante o risco de ruína do pazo, valoraron as actuacións en 4,2 millóns de euros. E con esa situación chega o novo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e di en primeira páxina o titular do *Diario de Pontevedra*: «Quiero la transferencia del Pazo de Lourizán a la Xunta y hacer un gran proyecto aí». Desculpe, pero isto é ter a cara de cemento armado. O señor Rueda é un dos principais responsables, ademais, deste incumprimento porque se fixo o escorredizo durante todos estes anos *(Aplausos.)* enganando a cidadanía, manifestando que era competencia da deputación. *(Aplausos.)* E agora di que quere unha segunda oportunidade para este paso, e eu pregúntolle: ¿que teñen vostedes pensado facer?, ¿van por fin cumprir as súas obrigas de conservación e mantemento? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Resposta do conselleiro de Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde a todos e a todas.

Bueno, eu pediríalle, señora Castro, que no seu turno me aclare porque hai 10 millóns de diferenza, señor presidente. Se son 4,2 o que din os servizos provinciais ou o 14,2, como di a súa pregunta. Porque, claro, como aquí estamos sempre cos orzamentos, dá igual 4 que 14, pero son 10 millóns de diferenza. Entón, gustaríame, se é posible, que no seu turno de resposta pois me aclare se o que din os servizos provinciais da deputación é que rehabilitar o pazo —que non é o mesmo que a conservación— son 4 ou 14,2 millóns de euros. Eu diría máis ben que son 14,2 millóns de euros polo emblemático —e aí si que podemos estar de acordo— que é este pazo, que ademais —como saben— ten moitísima transcendencia, señorías, no que se refire á investigación forestal. Non en van a Consellería do Medio Rural alí ten tanto un centro de formación como un centro de investigación que é referencia a nivel mundial.

E eu vou ser moi claro no que quero trasladar. O Goberno galego xa tiña iniciadas as obras de conservación do pazo de Lourizán antes, bastante antes de coñecer o contido e alcance do fallo da sentenza do tribunal o pasado mes de maio. En concreto —e para que quede claro tamén, e seguro que vostedes o poderán ver no portal de transparencia de contratación—, a fecha de contratación dos traballos de conservación do pazo, señoría, foi o 22 de xullo do ano 2021 cun orzamento de 208.000 euros. Que tiñan por obxecto —repito— a conservación do pazo, non a rehabilitación do pazo: reposición da cuberta de lousa e retellado puntual,

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

limpeza dos canons e baixantes, substitución de canons e gárgolas de chumbo porcín, limpeza e impermeabilización de terrazas, substitución de lucernario, impermeabilización de carpintería, a instalación eléctrica —que é unha cuestión importante— ou a limpeza de terrazas pequenas.

Miren, eu penso que aquí neste Parlamento, e falando para os cidadáns galegos, todos deberiamos de ter claro que todos temos a mellor vontade de que edificios tan extraordinarios como o pazo de Lourizán efectivamente sexan rehabilitados. Hai un compromiso claro do Goberno da Xunta que se hai esa cooperación entre administracións, tendo en conta que a Deputación de Pontevedra é a actual titular; nós, dende logo, vamos facer unha actuación de referencia no pazo de Lourizán. Pero agora o que tiñamos que facer era conservalo e, evidentemente, tomamos a decisión de gastar o que fora necesario para a súa conservación —como acabo de dicir— moito antes de que recaera esa sentenza.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica. Señora Castro.

A señora CASTRO GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Son 14,2 millóns de euros o que peritaron os técnicos do organismo provincial. ¿Vostede di 220.000 euros de investimento en 25 anos para a conservación do pazo de Lourizán? ¿En serio me está a dicir que entende que é suficiente e entende que é o compromiso da Xunta co pazo de Lourizán? ¿Que van facer vostedes agora?, ¿outros 225.000 euros? É que isto é unha tomadura de pelo, señor conselleiro. Ademais é que nós si que compartimos esta necesidade de que teña unha nova vida este pazo de Lourizán, pero despois de 30 anos de incumprimento cóstanos moito crer que existe esta vontade por parte da Xunta.

E vostedes agora piden a transferencia e din que esa transferencia é unha condición para poder investir neste pazo. Bueno, esta é outra nova variante que inclúen vostedes, que antes utilizaron outras técnicas como confrontar, como meter a Ence para embarrar no asunto, ou outras moitas escusas de moi mal pagador pois para non facer nada. Ademais, esta transferencia de competencias o Goberno pois en Pontevedra sóanos moito a utopía, levamos pedindo transferencias de competencias autonómicas como o Museo do príncipe Felipe, a Escola de Enfermería, de cantería... todas as competencias autonómicas que a día de hoxe a Xunta non tivo nin un mínimo de interese por asumir. E a verdade é que , por outra banda, tampouco nos garantira nada esa transferencia porque hai miles de competencias da Xunta —como o dragado do Lérez, o pavillón de [...], e moitas outras— que a Xunta ten a competencia e que levamos anos agardando en Pontevedra que se fagan; ou outras obras como o Montecelo ou a estación intermodal con décadas de retraso.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, con Rueda todo dá moitas voltas pero nada se move. E como Rueda é moi aficionado á bici poderiamos dicir que é un ciclista en bici estática, e iso na miña provincia coñecémolo ben porque sabemos ben como funciona. Agora gustaríame que me aclarasen cal é ese compromiso e que pretenden vostedes facer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Peche da pregunta. Conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Bueno, polo menos, señor presidente, señorías, xa temos aclarado que son 14,2 millóns de euros o que din os servizos provinciais para facer a rehabilitación —repito— dun espazo extraordinario da nosa arquitectura civil como é o pazo de Lourizán e polo que claramente a Xunta de Galicia aposta no que se refire a que poida ser un espazo coma sempre foi ligado á investigación forestal. Cun magnífico ademais xardín que ten no que se poden contemplar ademais todas as especies forestais das que dispoñemos en Galicia. Polo tanto, nós temos e gustaríame que todos os que nos están escoitando tiveran claro que a todas as administracións lles pasa o mesmo —ademais de facer discrepancias ao respecto—, un interese evidente por preservar este marabilloso espazo.

Dicía a señora Castro que metemos polo medio a Ence. O que pasou no ano 2017 —e penso que é importante que o saiba esta Cámara— é que Ence propuxo aportar 5 millóns de euros para a rehabilitación do pazo —non chegaba aos 14 pero era xa unha axuda importante— e houbo unha discrepancia clara da deputación, que non estaba de acordo con que os cartos viñeran de Ence para facer fronte precisamente a esa rehabilitación. Pero eu, tomando as palabras do señor Rueda e dicíndolle de paso, señora Castro, que a bicicleta estática tamén é un bo mecanismo para facer deporte; dende logo, eu o que lle pido é coherencia, que se somos capaces de ter esa colaboración institucional a prol deste espazo histórico, que ten ademais unha capacidade de aproveitamento importantísima dende o punto de vista da investigación e dende o punto de vista do coñecemento, máis de 25.000 persoas, señorías, visitan dende logo as instalacións.

Nós entendemos, e cando vostede dixo 30 anos —eu, se quere, mándolle o recordatorio das obras que se fixeron alí— o que dixen eu é que o ano pasado moito antes da sentenza contratáronse as obras que eran indispensables para a conservación do pazo. Pediuse un informe técnico por arquitecto de referencia e trasladóusenos que as obras necesarias para garantir a conservación mentres non se acometía a rehabilitación integral do pazo eran precisamente as que se fixeron. Polo tanto —repito—, traballamos e traballaremos ferventemente para a recuperación deste espazo tan emblemático como é o pazo de Lourizán.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e 6 deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as conclusións do informe presentado sobre o aumento de custos de produción no sector vacún de leite en Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Daniel Vega, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro.

Hoxe queremos debater, queremos preguntar sobre as consecuencias do informe sobre o aumento de custos de produción do sector do leite. Como saben todas as súas señorías, Galicia é a primeira comunidade autónoma en produción de leite, datos que sabemos todos: no 2021 entregas 2,98 millóns de toneladas, o que supón o 40 % do leite producido en todo o territorio español. Galicia é a novena produtora de leite en Europa, o que supón un 35 % en todo o territorio comunitario; e o sector lácteo, concretamente, está a sufrir unha situación complexa polo incremento de custos de produción. Evidentemente, a invasión de Rusia en Ucraína —é dicir, a guerra— ten efectos e consecuencias terribles desde un punto de vista humano, de vidas, pero tamén desde un punto de vista económico. As consecuencias tamén se notan. Hai que engadir unha nefasta xestión do Goberno Socialista, do Goberno central. ¿Cales son esas consecuencias? Debemos concretalas: a suba de prezos no combustible, a suba de prezos tamén na electricidade, e a suba de prezos en materias primas.

Evidentemente, o sector lácteo ten unhas maiores consecuencias. ¿Por que? Porque son ganderías maioritariamente intensivas, practican menos o pastoreo. Nestes momentos os gandeiros están laboreando as terras, nestes momentos para o millo, despois para as pradeiras. Claro, estes traballos teñen uns incrementos, sofren un incremento no prezo do combustible, tamén na electricidade. As explotacións leiteiras, a mecanización, a profesionalización do sector —é dicir, nos robots, nas salas de ordeño, tamén nos circuítos— teñen un incremento do prezo da luz. É dicir, nestes momentos están a sufrir grandes consecuencias tamén no combustible, na electricidade e nos insumos, é dicir, no prezo dos concentrados. ¿Por que? Porque son máis dependentes delas.

Pero tamén non nos debemos esquecer das ganderías de carne que nosoutros entendemos que o Goberno de España sacou un Real decreto lei 6/2022 no que puña unha serie de medidas. Claro, nosoutros estamos esperando a que estas medidas sexan reais porque de momento non se ingresou nada aos gandeiros. Polo tanto, nos preguntámoslle que a Xunta xa sabemos que fixo un informe para avaliar, para concretar e queremos saber...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, xa coñece o conselleiro a pregunta.

Grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vega.

Eu quero aproveitar esta pregunta para facer un resumo a todos os que estamos nesta Cámara sobre a situación do vacún non só de leite senón que tamén de carne en Galicia. Miren, partiamos dunha situación advertida pola Consellería do Medio Rural, pola Xunta de Galicia, en febreiro, no que viamos claramente que estamos entrando nunha situación de venda a perdas xeneralizada. En febreiro non había Ucraína, pero xa viñamos dun ano, que era o 2021, no que efectivamente subiron os custos de produción, fundamentalmente os insumos á alimentación do vacún; que, como saben, é unha parte importante do vacún de carne e do vacún de leite. E o que quixemos foi, en primeiro lugar, e aquí vou dicir con claridade que houbo dende o primeiro momento diálogo claro co Goberno central pero nós tivemos que facer tamén a nosa posición, tivemos que manter a nosa posición de negociación, de tratar de convencer o Goberno central da importancia que tiña actuar polo que estabamos a ver que se estaba a producir.

Non se olviden, señorías, que Galicia no vacún de leite —como ben dicía o señor Vega— é o 40 % de toda a produción nacional; polo tanto, cando o conselleiro do Medio Rural —hoxe eu, pero calquera outro— fala pois se lle ten que escoitar tamén a nivel de Madrid, efectivamente. Nós remitímoslle ao Goberno central ata 6 cartas advertindo dunha situación de venda a perdas xeneralizada, antes incluso de ter o informe ao que aludía o señor Vega; pero tamén en catro consellos consultivos e conferencias sectoriais das que hai as correspondentes actas. Mesmo houbo unha conferencia sectorial extraordinaria, que foi a petición de varias comunidades autónomas —e entre elas, por suposto, tamén Galicia— para falar desta situación de venda a perdas xeneralizada; que ademais está prohibida por unha lei que foi aprobada polo Goberno socialista, que nós entendemos que debe cumprir a prohibición de venda a perdas.

Pois ben, respondendo á súa pregunta, señor Vega, o que podemos afirmar —e, se me permite, voume referir tamén ao vacún de carne— é que mentres está constituíndo o observatorio da cadea alimentaria galega, que o teremos cara ao final deste verán, xa puidemos facer dous informes, un informe para o vacún de leite e outro para o vacún de carne. No que se refire ao vacún de leite, trasladouse con claridade que a suba de custos de produción do 2021 ao 2022 era 4 céntimos; e, señorías, non se podía producir un litro de leite en Galicia por debaixo dos 40 céntimos porque era o custo de produción que tiñan os nosos gandeiros. Perdón, non se podía producir non, non se podía pagar por debaixo dos 40 céntimos. Se me permiten trasladar a día de hoxe con datos de abril, e vai subir en maio e probablemente tamén en xuño o prezo e penso que é un motivo de alegría, de ledicia para todos, en Galicia está nos 40,9 céntimos. Unha suba, para que nos fagamos unha idea, do 25 % nun ano; penso que algo de traballo, señorías, se está facendo —estase facendo ben no lácteo—, penso que é relevante trasladalo aquí na Cámara e que todos teñamos ese coñecemento e esa información.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na miña segunda quenda seguirei contando cales son as medidas que ten a Consellería do Medio Rural ao respecto de toda esta situación.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica. Señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, conselleiro.

Bueno, pois creo que a Xunta de Galicia fixo un traballo relevante, pactado co sector. E créame, señor conselleiro, que lle digo que ata a oposición se alegra; a oposición alaba e avala ese traballo que fixo a consellería. Eu, que escoito moitas veces os grupos da oposición na Comisión 7ª, escoito perfectamente que ese pacto histórico co sector cárnico, o Bloque Nacionalista Galego, a posición do Partido Socialista dicía o señor Conde «sitúense», pois eu espero que se sitúen dunha vez. Coñezo a opinión do Bloque Nacionalista Galego, e alégrase perfectamente dese pacto histórico que vai incrementar os prezos da carne, sen lugar a dúbidas. E, dende logo, ao que eu animo é que a consellería siga ese traballo, ese traballo valente, ese traballo decidido dunha Administración que non vai a rebufo, senón que lidera. E vostede, señor conselleiro, pode pasar á historia por un acordo histórico co sector cárnico, cunha estratexia láctea histórica tamén en Galicia, e iso valóranllo os gandeiros.

É verdade que os grupos da oposición ás veces custa, pero cando falas con eles a solas o Bloque Nacionalista Galego alégrase moito dese pacto. *(Risos.)* Polo tanto, eu creo que este é o camiño a seguir.

Mire, a estratexia láctea e a estratexia cárnica valora perfectamente que hai que seguir formando o sector, que hai que seguir profesionalizando o sector, ligada á transformación, ligada a producir máis derivados lácteos. Isto incrementa os prezos, sen lugar a dúbida. Polo tanto, ese é o camiño a seguir. Tamén é o camiño a seguir a dotar de máis territorio as explotacións. Para que as ganderías de carne, para que as ganderías de leite tamén practiquen o pastoreo e así melloremos a nosa calidade do noso leite.

Mire, señor conselleiro, eu boto de menos aquí o Bloque Nacionalista Galego. *(Risos.)* E profundamente apenado porque non votara, porque non votara a...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Terminou o tempo. Grazas, señor Vega. *(O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Vega, terminou o tempo.

Grazas. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por favor, por favor. Si, eu non podo entrar en... pero si que me gustaría que se respectase o turno das palabras de todos. Aquí falan todos os deputados e creo que debemos escoitarnos todos con respecto. Eu xa sei que ás veces é complicado, pero... *(Risos.)* ... pero temos que facelo. Porque esta é a Cámara de representación de todos. E, polo tanto, pídolle que, o mesmo que os respectan a vostedes, respecten todos os demais. Creo que é un exercicio que debemos facer todos. *(Murmurios.)* Grazas.

E agora resposta, pecha esta pregunta o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Quero pensar, e son un home de boa fe, que as risas que escoitaba detrás miña era precisamente pola ledicia que lle causan os datos que eu dei. *(Risos.)* Precisamente de que está subindo o prezo do leite para que os nosos gandeiros *(Aplausos.)* non vendan a perdas. Supoño que será por iso, porque, se non, xa non sei que pensar.

En todo caso, falaba antes do vacún de carne; se me permiten, que a situación non é tan optimista ou diriamos non estamos tan en boa situación, porque acabamos de presentar un informe, eu mesmo hoxe llo presentaba a distribución, na que nos din claramente que o quilo de carne producida polos gandeiros de Ternera Gallega Suprema, señor presidente, señorías, non se pode vender nestes momentos por debaixo de 6,20 euros e, evidentemente, o prezo está por debaixo.

Miren, non hai mellor axuda directa para os nosos gandeiros, recoñecida por todos eles, que que suba o prezo do seu produto e que un produto dunha calidade extraordinaria como é o leite e a carne galega sexa suficientemente recoñecido polo mercado. Polo tanto temos que traballar nesa liña.

E a min gustaríame mencionar dentro dese traballo o protocolo que dixo tamén o señor Vega, que, efectivamente, foi un protocolo de entendemento entre os tres selos da cadea de valor: a industria, a distribución e os gandeiros, para traballar conxuntamente nesa subida de prezos. Ademais, un protocolo que tamén foi validado pola Comisión Galega da Competencia.

É certo que houbo un esforzo nas axudas directas, pero tamén teño que dicir aquí, e dígollelo aos nosos compañeiros, aos deputados do Partido Socialista, que dende o primeiro momento lle pedimos ao Goberno central que nos deixara a nós decidir que sectores tiñan que ser apoiados en cada comunidade autónoma. Non só o pediu este conselleiro, senón que tamén o pediron outros conselleiros. E penso que o Bloque isto seguro que o podía apoiar tamén, porque estabamos falando de que tiveramos autonomía os que coñecemos os sectores para podelos apoiar. É certo que probablemente tiveramos tomado a decisión de sacar máis axudas directas para o vacún de carne que está pasando moitas dificultades. Pero eu teño que dicir hoxe aquí diante da Cámara que a Xunta de Galicia complementará as axudas directas insuficientes do Goberno central para o vacún de carne, de xeito que poidamos garantir a súa viabilidade.

E gustaríame rematar trasladando que dentro do noso ámbito de competencias fixemos, como dixemos, os nosos deberes. Aprobamos, que está publicado a semana pasada, o an-

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ticipo sen custo financeiro ningún para os nosos gandeiros da PAC, 200 millóns de euros que poden ir mañá a calquera dos bancos que firmaron o convenio a pedir ese anticipo para dotalo de liquidez. Demandamos —isto non se cumpriu, agardamos que se cumpra— ao Banco de España que houbera unha moratoria dun ano nos préstamos a longo prazo; e temos, como dixen xa antes, posto en marcha o Observatorio da Cadea Alimentaria galega e a Axencia de Control e Información Alimentaria de Galicia, que vén cumprir aquí as funcións que nos mandaron, sen ningún tipo de financiamento dende o Goberno central, e que teñen que ver precisamente co control do cumprimento de todas estas obrigas.

Repito, para nós é fundamental garantir que ningún gandeiro galego venda os seus produtos por debaixo dos custos de produción, e que a lei se cumpra estritamente. E isto que demanda a Xunta de Galicia demándano tamén todos os nosos gandeiros, cos cales estamos totalmente de acordo e en total coordinación.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir que se repita a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde e benvida de novo, conselleira.

Hoxe preguntámoslle a respecto dunha cuestión que nos preocupa enormemente ao BNG.

O 3 de maio, como sabe, as traballadoras da residencia Mi Casa no concello de Pazos de Borbén denunciaban a través de Trega e diante da Consellería de Política Social, a deficiente alimentación das persoas usuarias; a falta de persoal no centro, especialmente de enfermería; e as consecuencias precisamente que tiña esa falta de persoal sobre as condicións hixiénicas e sanitarias das persoas usuarias.

Eu non son capaz, dígollelo con toda a franqueza e honestidade, non son capaz de ensinarlles as fotos que se publicaron nos medios de comunicación, as fotos das úlceras de moitas das persoas usuarias dese centro. Eu non son capaz nin as vou ensinar aquí, quero pensar que as viron, porque me cae, digo, a cara de vergoña e a alma aos pés de que iso poida estar pasando no meu país, mentres o Goberno, que é o máximo responsable de velar polos dereitos e as máximas condicións de vida das persoas que están en residencias ou en calquera centro de servizo social, mira para outro lado.

Irregularidades que denunciaron as traballadoras e que foron constatadas polo Servizo de Inspección. E xa digo isto por se hai a tentación de querer negalo.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para o BNG esta situación é o suficientemente grave como para traelo aquí a este Parlamento e exixirlle responsabilidades á Xunta de Galiza. Pero resulta que esta residencia e, sobre todo, a persoa propietaria da empresa que a xestiona, é unha vella coñecida por incumprir a lei, por vulnerar os dereitos das traballadoras e por vulnerar tamén os dereitos das persoas usuarias.

Sen ir máis lonxe no ano 2017 o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego trouxo precisamente a situación que se estaba a vivir nesta residencia a esta Cámara. O Servizo de Inspección constataba nunha visita, tivo que ir acompañada da Garda Civil para poder constatalo, que a residencia tiña máis usuarias que prazas autorizadas. Esconderan cinco persoas nun espazo fóra da residencia, pechadas baixo chave, tivo que ir a Garda Civil para que abriran, para ocultar que tiñan unha sobrecarga ou un número maior de persoas que prazas. 63 usuarias para 58 prazas autorizadas, 22 delas pagadas co diñeiro de todos, con diñeiro público.

Imaxine, vostede conselleira, pero o conxunto da Cámara que falásemos de nenas e nenos nunha escola infantil; que entrase o inspector e entrase a Garda Civil porque teñen 5 crianzas escondidas para ocultar que hai máis nenas e nenos dentro desa escola infantil que as que ten autorizada esa escola. Eu dígolles que ardería Troia, pero como son vellos, aquí non pasa nada, sigan circulando; e aquí estamos en 2022 outra vez falando da mesma empresa, da mesma residencia e de novas irregularidades.

Eu pregúntolle que é o que van facer para que isto non volva pasar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados.

Señora Rodil, eu entendo e agradezo a súa preocupación pola situación das residencias de maiores en Galicia. Asegúrolle que é unha preocupación que eu tamén comparto con vostede, porque garantir o benestar e a correctísima atención ás persoas maiores é algo primordial para este Goberno.

Todas as denuncias e todas as queixas que poidan xurdir ao respecto do funcionamento, tanto desta residencia como de calquera outra residencia en Galicia, se analizan con detemento por parte dos técnicos dos Servizos de Inspección da Xunta de Galicia. E, de contrastarse algún tipo de incumprimento da normativa, actúase e actúase de forma moi contundente.

A residencia Mi Casa de Pazos de Borbén foi obxecto de varias inspeccións; de feito, no último mes fixéronse inspeccións conxuntas por parte dos técnicos da Consellería de Sanidade e por técnicos da Consellería de Política Social.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como resultado destas inspeccións, detectáronse varias carencias, que foron notificadas á entidade xestora do centro para que as poida emendar, e polas que se abriu ademais un expediente que nestes momentos continúa o seu curso. Estas carencias están relacionadas con cuestións de organización e, en ningún caso, teñen que ver co trato que reciben os usuarios desas residenciais.

Señorías, evitar o sensacionalismo é importante sempre, pero é especialmente moi importante cando falamos do coidado dos nosos maiores. Galicia non vai tolerar nin un só episodio de maltrato aos nosos maiores. Insisto, nin un só episodio de maltrato nin dentro nin fóra das residencias, porque os nosos maiores merecen todo o noso respecto, o noso cariño, a nosa atención e o noso coidado.

Repúgname ver como xente se aproveita da fraxilidade da idade para aproveitarse das persoas maiores. Actuamos con contundencia na Fonsagrada, unha residencia que clausuramos en cuestión de horas no ano 2020. E farémolo sempre, sempre que identifiquemos situacións de maltrato, caia quen caia, sexa quen sexa o responsable, moleste a quen moleste, sempre —insisto— sempre e sen excepcións. Os maiores son o primeiro e non imos tolerar ningún trato indigno contra eles.

Podo asegurarlle, señora Rodil, que neste caso, como se fai en absolutamente todos os casos, estase a cumprir ao detalle o procedemento que fixan os Servizos de Inspección, cuxos técnicos traballan con absoluta independencia e coa máxima profesionalidade para velar polo benestar de todos os usuarios dos servizos sociais de Galicia.
Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Efectivamente, houbo inspeccións o día 9 e o 12 de maio e o 16 de maio de Política Social e da Consellería de Sanidade, despois de que denunciaran as traballadoras o día 3 e de novo outra vez o día 13.

A min tamén me repugna que haxa quen se aproveite, sobre todo cando ten a autorización da Administración pública e do Goberno deste país para coidar, *(Aplausos.)* para atender e para velar polas mellores condicións de vida das persoas maiores. E, efectivamente, que non haxa unha enfermeira, o que vostede chama unha cuestión organizativa, repercute directamente nas condicións de vida e no benestar das persoas usuarias e ten moito a ver coas fotografías das que eu lle falaba.

Os feitos que denunciaron as traballadoras, que todas e todos puidemos ver, e vostedes como Administración constatar, e para nós o máis importante, a reincidencia da empresa e da persoa propietaria da mesma o que pon de manifesto é a necesidade urxente, imperiosa e ineludible deste país de contar cun novo modelo de residencias.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso trouxemos a este pleno *(Aplausos.)* desde o BNG unha proposición de lei galega de residencias para mellorar e reforzar os servizos de inspeccións, creando un corpo específico para poder facer ese traballo de vixilancia e fiscalización, endurecer as sancións... Porque canto pagou esa empresa por ter 5 persoas escondidas nun galpón para que non se soubese que tiñan máis xente dentro da residencia da que tiñan autorizada. Que tivo que entrar a Garda Civil para que abriran a porta.

E, sobre todo, tamén medidas nesa lei para garantir o dereito á información, o acceso a actas e expedientes e, sobre todo, o máis importante para todas e para todos, que son os dereitos sociais humanos das persoas usuarias das residencias. Vostedes votaron en contra e algún día terán que explicar por que. Eu dígolle case que sei por que. Porque non queren cambiar absolutamente nada e a súa resposta agora non fai máis que constatalo. Non dixo que van facer para que isto non volva pasar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche da pregunta, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Rodil, neste caso, como en calquera outro, estamos actuando con absoluta transparencia. E estamos actuando con absoluta transparencia en primeiro lugar porque non hai nada que esconder e, en segundo lugar, porque a única preocupación que ten o Goberno galego é mellorar e continuar mellorando sempre o benestar destinado aos nosos maiores.

Insisto unha vez máis, confío plenamente na profesionalidade e na total independencia dos Servizos de Inspeccións da Xunta de Galicia. Pero, por desgraza, xa estamos acostumados nesta Cámara a escoitala atacando os profesionais das residencias.

E mire unha cousa, señora Rodil, é preocuparse por unha posible irregularidade... *(Murmurios.)* Señora Rodil, unha cousa é preocuparse por unha posible irregularidade, pero outra cousa ben distinta é o alarmismo e a instrumentalización política que vostede e o seu grupo queren facer neste caso. Xa lle avanzo que a nós non nos vai atopar no seu xogo. Este Goberno vai continuar traballando sen descanso en mellorar os servizos sociais de Galicia, tomando e adoptando medidas en todo momento que melloren a calidade asistencial de todos os centros. E unha delas é o reforzo do plan de inspeccións. Imos facer este ano un 10 % máis de inspeccións ata superar as 1.500, para que todos, absolutamente en todos os centros de Galicia, sexan da titularidade que sexan, se ofreza sempre, sempre, sempre unha atención de máxima calidade ás persoas maiores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas conselleira.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para ampliar o instituto de ensinanza secundaria de Soutomaior e atender as necesidades que está a demandar a comunidade educativa

O señor LOURENZO SOBRAL: Moi boa tarde, conselleiro.

Moi boa tarde tamén aos representantes da comunidade educativa do IES de Soutomaior, os que nos acompañan e nos que nos seguen en *streaming*.

Señor conselleiro, xullo do ano 2015, rexistro de entrada do Concello de Soutomaior, proxecto para a construción dun novo instituto. Fíxese, «o IES de Soutomaior terá doce unidades e unha capacidade para 360 alumnos»; repito, doce unidades, 360 alumnos. Traducido, señor Rodríguez, despois de tres lustros, no que persoas como o noso sempre lembrado Lois Obelleiro, deixaron o mellor de si para que Soutomaior tivese un instituto digno e á altura das necesidades do noso concello, vostedes, señor Rodríguez, pretendían construír un instituto que nin sequera tiña bacharelatos.

Claro que con este anuncio, absolutamente insultante, e así foi definido pola comunidade educativa, pois loxicamente levantou todas as alarmas no Concello de Soutomaior, o tema abordouse neste Parlamento, acadáronse acordos no Pleno de Soutomaior e a Xunta tivo que recuar.

Pero, ¿que fixo vostede, señor Rodríguez? Un novo proxecto ampliado, dimensionado ás necesidades do concello de Soutomaior? Pois non, o que fixo vostede foi adoptar o mesmo espazo que había habilitado; onde collían doce unidades apiñocamos 16, nin un centímetro máis, para o novo instituto; onde collían 360 alumnos apiñocamos 480 e as consecuencias a día de hoxe, ano 2022, tres cursos despois da súa inauguración, están á vista de todos e están a ser denunciadas pola comunidade educativa, señor Rodríguez. Aulas diminutas con trinta alumnos apiñocados.

Catro departamentos en todo o centro, de sete metros cadrados cada un, para 42 profesores, señor Rodríguez. Unha sala de profesores na que non colle nin a metade do claustro, señor Rodríguez. Pero é que hai cousas que son se cadra moito máis graves: a falta de espazo que se padece na actualidade impide que se creen, ou dificulta cando menos, e veremos o que acontece neste vindeiro curso, que alumnos que o necesitan poidan ter diversificación curricular. Limita e dificulta tamén a oferta de bacharelatos. De salón de actos e de pistas cubertas nin falar. E sobre todo, señor Rodríguez, temos a matrícula do centro absolutamente colapsada tres cursos despois da súa inauguración.

Señor Rodríguez, vostede, a xefatura territorial, teñen enriba da mesa un proxecto acordado polo consello escolar, acordado pola comunidade educativa para paliar esta solución. Nós compartimos absolutamente ese proxecto, trouxémolo aquí a esta comisión, o Partido Popular votou en contra e o que lle queremos preguntar é ¿vai construír no IES de Soutomaior un novo pavillón de deportes e reconverter o espazo multiúsos en aula?, ¿vai solucionar esta desfeita que vostede creou, señor Rodríguez? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señor deputado, que, despois de ler a súa iniciativa e de escoitalo, se confirman unha serie de cuestións, e como somos de educación vamos avaliarnos: razón técnica educativa súa, cero; interese político particular, ten vostede un 10; rigor no seu plantexamento técnico como deputado, cero, ata comeza falando de doce aulas, hai 20; interese seu como portavoz do Bloque Nacionalista Galego en Soutomaior, 10, non aí ten un dez. *(Aplausos.)* Lóxica educativa no que vostede plantexa, e sobre todo no ámbito da xestión pública, un cero. Interese electoral curtopracista, outro 10. Sentido común, defensa do ensino público, cero. Interese en desprestixiar este importante investimento e esta importante infraestrutura de Soutomaior, un 10.

Dígoo porque despois de escoitalo aquí, realmente é sorprendente. Notamos que hai certa vocación ou certa obsesión nos seus plantexamentos, é lícito, absolutamente lícito. Vostede é concelleiro no Concello de Soutomaior e eu entendo que o quere facer pois é desprestixiar, desgastar, baseándose neste centro educativo, Soutomaior, a Xunta e intentar facer nunha particular campaña política. É lóxico, pode ser positivo incluso desde a súa perspectiva, dende a nosa obviamente non.

Pero, mire, vostede plantexa unha serie de cuestións que non se corresponden coa realidade: doce unidades?, hai 20, 16 para aulas de grupo, catro para dobres. Vostede plantexa que os espazos son diminutos, que non colle a xente. Mire, cando se fai un centro educativo faise cuns criterios técnicos en base a uns requisitos, e fíxese vostede que non só se cumpriu o marco normativo vixente en canto á superficie e a espazos, senón que incluso se dimensionou con máis espazos por riba dos que marca a normativa; en concreto, hai unha previsión no centro de 220 metros cadrados de, se é necesario e fai falta, poder habilitar espazos específicos para momentos concretos. E vostede sabe moito mellor ca min, porque é dese concello, que neste caso o IES está recepcionando alumnos tamén doutros concellos, de Pontevedra e tamén de Vilanova.

Mire, o instituto foi moi bo para Soutomaior; para vostedes ao mellor non foi tan bo, vostedes o que intentan é desprestixialo e, certamente, hai unha certa confusión entre o seu papel de candidato municipal e o seu papel de deputado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno despois.

Grazas.

Réplica, señor Lourenzo Sobral.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor LOURENZO SOBRAL: A min alégrame ver as preguntas ao Goberno convertidas nunha avaliación. En todo caso, señor Rodríguez, vostede ten un absoluto sobresaínte en xeografía. Acaba de situar Vilanova ao lado de Soutomaior. *(Aplausos.)* Ese é o rigor e a seriedade que vostede ten.

En todo caso, alédanme as súas notas, o problema e o que preocupa, por suposto, como orgulloso concelleiro en Soutomaior e como portavoz de Educación no Parlamento, que vostede non nos acaba de poñer un cero a nós, acaba de poñerlle un cero ao profesorado que esta mesma demanda que nós traemos, estana traendo eles enriba da mesa. Pero, é que hai moito máis, señor Rodríguez, estalle poñendo un cero ao claustro, que avalou tamén esta demanda; estalle poñendo un cero ao equipo directivo, que lla puxo á xefatura territorial enriba da mesa. Estalle poñendo un cero, señor Rodríguez, ao consello escolar. E vostede vénme falar de respecto? Pero o que é moito máis grave aínda, señor Rodríguez, *(Aplausos.)* é que lle está poñendo un cero ao propio Goberno local de Soutomaior que aprobou tamén no pleno esta iniciativa quen nós presentamos. Vostede, loxicamente, é esa a avaliación que fai. Desde logo, señor Rodríguez, moi rigoroso non parece. Pero fíxese, eu veño aquí a tenderlle a man, e deixémonos de avaliacións, nós o que queremos é solucionar este problema.

Fíxese, mañá, a nosa portavoz nacional visitará o IES de Soutomaior, teremos unha xuntanza coa inspectora, que estará alí, teremos unha xuntanza coa comunidade educativa por un proxecto que temos enriba da mesa e que é o que demanda o centro, é o que demanda o Consello Escolar, é o que demanda a comunidade educativa e é o que demanda todo Soutomaior. E vostede ten dúas opcións: ten a opción de situarse a carón da veciñanza de Soutomaior, de situarse a carón do Consello Escolar, de situarse coa veciñanza; ou ten a posibilidade de facer o que sempre fixo: situarse ao carón do PP. E a min non me importa a cualificación que poña, pero cando se sitúan a carón do PP quen saca un cero é a veciñanza de Soutomaior. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bueno, señor Lourenzo, vostede ponme nun dilema, téndeme a man, eu estou seguro de que ma corta. *(Risos.)* Non me cabe a menor dúbida de que ma corta. E ponme nun dilema, porque non sei se responderlle con argumentos técnicos, con argumentos de organización escolar ou utilizar a demagoxia como a utiliza vostede.

Pero, mire, por respecto á comunidade educativa eu vou intentar trasladar opinións técnicas fundamentadas, non arbitrarias baseadas en informes técnicos dos servizos de inspección e dos servizos da unidade técnica. Vostede di que isto está, que é un centro pequeno, é unha opinión, as opinións son boas e en política son moi boas, pero vostede entenderá que fala de opinións e eu entenderá que, como membro do Goberno, falo amparado e tomo as decisións amparadas nos informes técnicos neste caso de Inspección e das unidades técnicas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, mire, vostede obvia un dato: o espazo do propio centro plantexa a posibilidade de, no caso hipotético de que sexa necesario facer algún tipo de desdobre, efectivamente, aí equivoqueime, dixen Vilanova e é Vilaboa. Pido desculpas a todas as persoas que se poidan sentir aludidas, pero, bueno, dito isto, aí hai alumnos doutros concellos.

E no caso hipotético, cando remate o proceso de matriculación, e sexa necesario habilitar novos espazos, xa houbo previsión, e hai previsión de ter e de poder habilitar espazos a maiores sen ningún tipo de problema. Agora, vostede o que non poderá negar é a existencia dun informe sobre a previsión do alumnado neste IES cunha conclusión taxativa dos equipos de inspección e dos equipos de unidade técnica que nos din que, se fose preciso habilitar novas unidades para facer fronte á necesidade de derivar algún incremento na matrícula, se pode facer sen necesidade de acometer unha ampliación, como vostede di.

Eu entendo que vostede utiliza as súas estratexias políticas; de feito, acábanos de dicir aquí que mañá vai a portavoz do BNG, perfecto, que veña, vai ver que é un centro fantástico, que é un centro onde funciona perfectamente e é un equipamento absolutamente modélico, e, se é necesario ter máis espazo, hai espazo.

En todo caso, o que si lle podo dicir, e respecto ao dilema que vostede me plantexa e despois de ver moita mitomanía na súa exposición, moita mitomanía na súa exposición, o que si se lle pode garantir e lle garanto é que neste instituto hai espazo suficiente para dar resposta á demanda educativa, a presente e a hipotética no futuro próximo, avalada esta información non nunha opinión, como fai vostede, senón nun informe técnico dos servizos de inspección que teño aquí na miña man.

Eu o que non lle podo garantir, señor deputado, certamente o sinto, que utilice a demagoxia como a utiliza vostede, e non lle podo garantir...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Terminou.

(Aplausos.)

Rematou aquí o Pleno.

Nada máis, boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás seis e media da tarde.

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
10. Cachafeiro Anta, Belén (P)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
23. Ferro Iglesias, José Luis (P)
24. Freire Vázquez, María Begoña (P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
26. García Vidal, Ana Belén (P)
27. Gómez Salgado, Carlos (P)
28. González Albert, María (BNG)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Sánchez, Rosalía (P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
35. Ojea Arias, Eduardo (S)
36. Ortega Otero, Marina (S)
37. Otero Lago, Noelia (S)
38. Otero Rodríguez, Patricia (S)
39. Pardo López, Adrián (P)
40. Pazos Couñago, José Alberto (P)
41. Pérez Domínguez, Fernando (P)
42. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
43. Pérez López, Daniel (BNG)
44. Pérez López, Noelia (P)
45. Pomar Tojo, Carmen María (P)
46. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
47. Porro Martínez, María Corina (P)
48. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
49. Prado del Río, Paula (P)
50. Prado Patiño Jesús Miguel (P)
51. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
52. Puy Fraga, Pedro (P)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Rey Varela, José Manuel (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
58. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
59. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-hETunAkzv-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/